

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 30 de xaneiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 30 de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35992.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026.

2.35993.- APROBACIÓN DO PLAN +XUVENTUDE: BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2026. (EXPTE. 2025060865)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle atribúe a lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenrolar as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, có fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei de xuventude de Galicia e en particular pola Lei de impulso demográfico, é dicir, conseguir o impulso demográfico da provincia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenrolo social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia como un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.



Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións, é dicir, acceso á ensinanza e formación non regulada, incluída a virtual, acceso a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades, acceso ao Emprego, potenciando de xeito especial a creación de empresas locais, e prestando especial atención á mocidade.

É por iso que se crea o Servizo de Xuventude e Reto demográfico, que ten entre os seus fins promover a participación da xuventude da provincia e garantir as condicións necesarias para que a mocidade poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar de orixe.

2º.- O artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño de xuventude de Galicia, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- Promover o impulso do asociacionismo xuvenil, como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- O impulso e creación dos consellos locais de xuventude, de conformidade có recollido na Lei de xuventude de Galicia.

Así mesmo, define as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil fomentando o asociacionismo e a creación dos consellos locais de xuventude.

Por outra banda a Lei 5/2021 de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que as administracións locais, no exercicio das súas competencias rexeranse entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e desenrolo de políticas de impulso demográfico. No seu capítulo IV, baixo a rúbrica “Apoio á Xuventude”, fixa os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, impulso ao emprendemento, impulso á innovación, tecnoloxía e creatividade, e relevo xeracional entre outros.

Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas normas, é prioritario deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da mocidade poñendo en marcha proxectos e actividades de carácter cultural, social, medioambiental, científicas, formativas e calesquera outras dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida do seu entorno.

Neste contexto, esta liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que, baixo este concepto, lles atribuían as leis e en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.



3º.- Con estes antecedentes, convócase a segunda edición desta liña de axudas có obxectivo de proporcionarlles ás asociacións e colectivos xuvenís apoio na posta en marcha de proxectos nos que a xuventude participe de forma activa e directa en actividades concibidas por elas mesmas e das cales sexan protagonistas.

A convocatoria está dirixida a apoiar estas iniciativas, promovidas por persoas de entre os 18 e 35 anos de idade e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan o desenvolvemento persoal e comunitario, contribúan ao empoderamento xuvenil, a formación en valores, a consecución de hábitos saudables, e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrència competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo terceira.

Serán destinatarias destas subvencións:

- Asociacións xuvenís prestadoras de servicios dirixidos á xuventude, sen ánimo de lucro, non sometidas a un réxime asociativo específico e que teñan a súa sede social ou contén cunha delegación na provincia de Pontevedra.
- Grupos formados por un mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas, que teñan cumpridos os 18 e non superen os 35 anos de idade no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas coma asociación, que propoñan a realización dun proxecto que teña interese xeral e social (en adiante “grupos informais”), segundo o disposto no artigo 50.3 da Lei 6/2012 de 19 de xuño de xuventude de Galicia.

Así mesmo deberán contar cos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

4º. As iniciativas presentadas aos efectos desta convocatoria englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

- Vida saudable e loita contra a violencia e condutas de risco: promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como a sensibilización sobre a saúde mental e prevención do suicidio, prevención e loita contra calquera forma de discriminación ou violencia, especialmente por razón de xénero, así como proxectos que persigan a igualdade e efectiva das persoas trans e garantan os dereitos das persoas LGTBI.
- Fomento da cultura en todas as súas áreas, da innovación así como a promoción de sectores coma o científico, tecnolóxico e dixital, as ciencias xurídicas e as sociais: proxectos dirixidos á promoción da cultura e a ciencia, as humanidades, en calquera dos seus ámbitos, así como a posta en valor do patrimonio cultural, e a promoción de sectores coma o científico, xurídico, tecnolóxico e dixital.
- Creación de Consellos Locais de Xuventude e o fomento do asociacionismo e voluntariado xuvenil.



- Promoción do desenvolvemento e dinamización do medio rural, a loita contra a soidade non desexada, así como proxectos que teñan impacto no rural dende a perspectiva de reto demográfico.
- Protección do medio ambiente e loita contra o cambio climático.

5°. A dotación destinada a esta convocatoria é de 120.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

O importe máximo subvencionado por proxecto será de 5.000,00 €.

6°. As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

7°. Con data 19 de xaneiro de 2026, Intervención emite informe de fiscalizado e conforme, indicando que A aplicación proposta nas Bases, 26/233.2310.480.02, considérase correcta e na mesma existe consignación para os 120.000,00 € aos que ascende o programa, quedando retido mediante documento R.C. núm. 12026000015017

- **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa “Plan + Xuventude”: concesión en réxime de concorrência competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2026 cuxo tenor literal é o seguinte:



“BASES REGULADORAS DA TERCEIRA CONVOCATORIA DO PLAN +XUVENTUDE PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2026

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG), e, en particular, pola Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia; é dicir, preténdese conseguir o impulso demográfico da provincia, de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenvolvemento social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia como un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.

Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia e a súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións; entre eles, o acceso ao ensino e á formación non regradas, incluída a virtual; a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades; e ao emprego, especialmente mediante o impulso á creación de empresas locais e prestándolle especial atención á mocidade.

O Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ten entre os seus fins promover a participación da xuventude da provincia de Pontevedra e garantir as condicións necesarias para que esta poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar de orixe, non só nos concellos de maior poboación, senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras ou urbanas.

No marco das dúas primeiras convocatorias recibiron subvención 39 proxectos xuvenís por un importe total de 178.627,38 euros, feito que acredita o interese da mocidade en participar de forma activa na posta en marcha de iniciativas cun grande impacto social. Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra promove unha terceira convocatoria de axudas co obxectivo de proporcionarlle ás asociacións e aos colectivos xuvenís apoio na posta en marcha de proxectos nos que a mocidade participe de forma activa e directa, en actividades concibidas por ela mesma e das que sexa protagonista.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas:

- *Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.*
- *Impulso ao asociacionismo xuvenil como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.*
- *Pulo e creación de consellos locais de xuventude, de conformidade co recollido na LXG.*

Así mesmo, defínense as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil, fomentando o asociacionismo e a creación de consellos locais de xuventude.

Por outra banda, na mencionada Lei 5/2021 establécese que as administracións locais, no exercicio das súas competencias, se rexerán, entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e no desenvolvemento de políticas de impulso demográfico.



No seu capítulo IV, coa rúbrica “Apoio á xuventude”, fíxanse os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, no impulso ao emprendemento, á innovación, á tecnoloxía e á creatividade, e no relevo xeracional, entre outros.

Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas as normas, cómpre deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da mocidade a través de proxectos e actividades de carácter cultural, social, ambiental, científico, formativo e de calquera outro tipo dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida da súa contorna.

Por outra banda, o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2025, número de Acordo 10.8521 aprobou o “I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra”, que representa un compromiso firme co desenvolvemento integral da poboación moza da provincia, clave para o progreso social, económico e cultural do territorio, e que engloba dentro dos seus eixos de actuación a promoción e posta en marcha de proxectos xuvenís.

Neste contexto, esta liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da LRBRL, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2026, que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Segunda. Réxime xurídico

A xestión desta convocatoria realizárase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Deputación de Pontevedra.*
- c) Eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.*



As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; polas demais normas de dereito administrativo; e, no seu defecto, polas de dereito privado.

Terceira. Entidades ou persoas beneficiarias e requisitos

3.1. Serán destinatarias destas subvencións:

- *As asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á mocidade, sen ánimo de lucro, non sometidas a ningún réxime asociativo específico e con sede social ou cunha delegación na provincia de Pontevedra.*
- *Os grupos formados por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas como asociacións (en diante “grupos informais”), e que propoñan un proxecto de interese xeral e social, segundo o disposto no artigo 50.3 da LXS.*

3.2. As asociacións xuvenís deberán acreditar a súa inscrición no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou en calquera outro rexistro oficial onde conste a súa natureza xuvenil, e, en caso de non estar inscritas, achegar a copia dos seus estatutos ou o documento oficial que determine o dito carácter.

3.3. Os grupos informais estarán compostos por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos.

As e os integrantes actuarán baixo unha denominación común de grupo, sen prexuízo da obriga de identificar individualmente cada un dos compoñentes; unha ou un deles deberá asumir o papel de representante do grupo.

O 75 % das persoas que formen parte do grupo deberán estar empadroadas nalgún concello da provincia de Pontevedra e reunir o requisito de idade no momento de presentar a solicitude.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes non se poderá modificar a composición do grupo. En ningún caso se admitirá que unha mesma persoa forme parte doutro grupo informal ou asociación que solicite estas axudas. Só se poderá presentar un proxecto por asociación ou grupo informal solicitante.

3.4. Para poder beneficiarse destas axudas é obrigatorio que a asociación ou todas as persoas que integren o grupo informal estean ao corrente das súas obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia, coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base novena; así como non estar incursas en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da LXS.



Cuarta. Contía das axudas

A dotación destinada a esta convocatoria é de cento vinte mil (120.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

O importe máximo subvencionado por proxecto será de cinco mil (5.000,00) euros.

Quinta. Proxectos e gastos subvencionables

5.1. As iniciativas presentadas englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

■ *Saúde, benestar e prevención de riscos: iniciativas dirixidas a promover hábitos de vida saudables ou a sensibilizar sobre a saúde mental, así como a prevención de condutas de risco ou violentas. Inclúe proxectos que loiten contra calquera forma de discriminación ou violencia, especialmente a de xénero, ou que persigan a igualdade real e efectiva das persoas trans e garantan os dereitos das persoas LGTBI.*

■ *Cultura, ciencia e innovación: accións que fomenten a cultura, a ciencia e as humanidades en todas as súas vertentes ou que promovan os sectores científico, tecnolóxico, dixital, xurídico e social.*

■ *Participación xuvenil, asociacionismo e voluntariado: proxectos para a creación de consellos locais de xuventude, o fomento do asociacionismo ou o impulso do voluntariado xuvenil como ferramenta de transformación social.*

■ *Desenvolvemento rural e reto demográfico: iniciativas que contribúan á dinamización do medio rural, combatan a soidade non desexada ou aborden o reto demográfico dende unha perspectiva xuvenil.*

■ *Protección do medio ambiente e loita contra o cambio climático: accións centradas na conservación ambiental, a sensibilización sobre o cambio climático ou a promoción de prácticas sostibles.*

5.2. Gastos subvencionables. Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto presentado, resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e se correspondan a actividades desenvolvidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

5.3. Limites dos gastos subvencionables:

a) *Gastos ordinarios e de funcionamento da entidade. Deben estar asociados ao proxecto e recollidos no orzamento de gastos, e o seu importe non pode superar o 10 % do orzamento total.*

b) *Alugueiro de espazos e/ou de equipamento. O seu importe non poderá superar o 30 % do orzamento total.*

c) *Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención. O seu importe non poderá superar o 30 % do orzamento total.*

d) *Formación ou impartición de charlas. Serán financiáveis os honorarios das e dos docentes e relatores, ata un límite do 40 % do orzamento total.*

e) *Gastos de persoal contratado en réxime laboral. Límite do 40% sobre o total do orzamento.*



- f) *Gastos de comunicación e difusión. Son subvencionables os gastos de creación de páxina web, de contidos dixitais, de produción de vídeos ou de outros materiais de difusión, ata o 20 % do orzamento total.*
- g) *Adquisición de equipamento e material non inventariable. Debe tratarse de material funxible ou cunha vida útil non superior a un ano. O seu custe non poderá superar os mil cincocentos (1.500,00) euros en total.*

5.4. Subcontratación da execución da actividade. Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A subcontratación, parcial ou total, non excederá o 40 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas estarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) *As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.*
- b) *As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto da contratación.*
- c) *As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
- d) *As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:*
 1. *Que se obtivese a autorización previa expresa do órgano concedente.*
 2. *Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria.*
- e) *As solicitantes da axuda ou da subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente.*

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores antes de contraer o compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado un número suficiente de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realizase antes de concederse a subvención.

5.5. Exclusiones. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- *Os proxectos, os programas ou as actividades subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.*
- *As actividades que consistan na realización de concertos, actuacións ou festas, salvo que formen parte do proxecto e teñan unha entidade menor en relación co custo total deste; será necesario xustificar a súa necesidade e oportunidade dentro da iniciativa xuvenil que se vai subvencionar.*
- *As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.*
- *Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*



5.6. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións. As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

5.7. Obriga de darlle publicidade ao financiamento. Toda a publicidade (impresa, dixital, audiovisual ou nas redes sociais) que se realice deberá incluír a colaboración do organismo provincial. Para iso, terase que incorporar a súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Para o cobro da subvención, a entidade beneficiaria deberá achegar, xunto co resto da documentación xustificativa, un documento probatorio da publicidade, que poderá consistir nunha fotografía, nun recorte de prensa ou nunha publicación nunha páxina web ou nas redes sociais.

O manual de imaxe corporativa poderase consultar na páxina web da Deputación de Pontevedra, no seguinte enlace <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro da subvención concedida, previo inicio do expediente que se incoe a estes efectos.

Sexta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 16 febreiro e rematará o 13 de marzo de 2026.



Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, salvo que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- *NIF da asociación ou persoa solicitante.*
- *DNI ou NIE da persoa representante da asociación ou persoa solicitante.*
- *Domicilio fiscal da asociación.*
- *Certificado de residencia das persoas que formen parte do grupo informal.*
- *Certificación da asociación e de todas as persoas que integren o grupo informal de que están ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial.*

Se as persoas solicitantes se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderá solicitarse a súa presentación co obxecto de completar o expediente.

Décima. Documentación que se debe presentar

A solicitude presentada no modelo normalizado irá acompañada da seguinte documentación:

- a) *Memoria descriptiva da iniciativa, asinada pola persoa representante da asociación e/ou agrupación xuvenil, que inclúa os seguintes apartados:*
 - *Estudos previos: análise da situación actual e da necesidade detectada.*
 - *Fundamentación: xustificación da iniciativa e da súa aliñación cos obxectivos da convocatoria.*
 - *Obxectivos: metas claras e alcanzables que se pretenden conseguir.*
 - *Descrición da actividade*
 - *Calendario de execución: planificación temporal das actividades.*
 - *Persoas beneficiarias: descrición do público ao que se dirixe a iniciativa.*
 - *Avaliación prevista: métodos e indicadores para valorar o impacto do proxecto.*
 - *Publicidade: estratexias de difusión e comunicación do proxecto.*
- b) *Memoria económica do custo da actividade na que se detallen os distintos conceptos de gasto, así como outras fontes de ingresos para a posta en marcha do proxecto, coma subvencións doutras administracións públicas, patrocinios privados ou cotas de persoas socias, entre outros.*

Os custos de persoal e os honorarios das e dos docentes deberán detallarse e especificarse a súa temporalización e o número de horas dedicadas á posta en marcha do proxecto.



- c) *As asociacións deberán achegar a acreditación da inscrición da asociación no Censo de Entidades Xuvenís da Xunta de Galicia ou en calquera outro rexistro oficial onde conste a súa natureza xuvenil. En caso de que a asociación non estivese inscrita, deberá achegar unha copia dos estatutos ou outro documento oficial que determine o seu carácter xuvenil. Así mesmo, deberán achegar unha certificación onde se faga constar o número de persoas asociadas.*
- d) *Acreditación da representación da persoa solicitante, só cando non se empregue un certificado cualificado de representante. No caso de asociacións, esta acreditación realizarase a través dunha certificación da secretaria ou secretario da entidade na que se indique a composición completa do seu órgano de dirección, co nome completo, co NIF e co cargo que desempeña cada membro neste órgano.*
- e) *Os grupos informais deberán achegar a relación de persoas promotoras e indicar o nome e apelidos, o NIF, os datos de contacto e a declaración para a comprobación de datos (ver o anexo II).*

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes, e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselles ás entidades solicitantes, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as faltas ou presenten os documentos preceptivos, e indicaráselles que, se non o fan, se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.

Décimo segunda. Instrución e resolución do procedemento de concesión

12.1. Órgano instrutor. O órgano competente para a instrución do procedemento será a xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nesta convocatoria, en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar as solicitudes, así como requirir a asistencia técnica doutros servizos da Deputación.



O órgano instructor emitirá un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para calcular a contía da subvención empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes incluídos no informe-proposta do órgano instructor.

12.2. Órgano avaliador. Constituirase unha comisión de valoración, órgano colexiado, á que lle corresponderá valorar os proxectos e que estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico*
- Vogal: a xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento*
- Secretaria: un/unha técnico/a do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico*

Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración emitirá un informe no que se indicará a súa valoración segundo os criterios de concesión, a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención, a contía desta e os motivos de desestimación.

12.3. Resolución provisional e reformulación de solicitudes. Recibido o informe da comisión de valoración, a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>) e na páxina web <http://www.depo.gal>, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

Desde o día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia e, no seu caso, reformular as solicitudes. De non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

Dado o carácter competitivo da subvención, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración e a documentación avaliable respecto das solicitudes iniciais.

En ningún caso se poderá autorizar a reformulación cando se danen dereitos de terceiras persoas. A reformulación que cumpra os requisitos esixidos e mellore os aspectos obxecto de valoración poderá admitirse, sen que a súa aceptación supoña modificar o importe asignado na proposta de resolución provisional. As propostas de resolución non crean dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta en tanto non se publique a resolución de concesión.

12.4. Resolución definitiva. Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias, alegacións ou reformulacións, realizarase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.



A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención se houbese variacións sobre a proposta de resolución provisional, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións, indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos e motivará a aceptación ou o rexeitamento das posibles alegacións recibidas. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva de concesión no BOPPO.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

12.5. Modificación da resolución de concesión. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos termos, prazos, obxectivos, proxectos, actividades e compromisos que fundamentan a concesión da subvención. As persoas ou entidades beneficiarias, de conformidade co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 250 de 27 de decembro de 2024), poderán solicitar a modificación da resolución de concesión, incluídos os prazos de execución e xustificación, sempre que non se altere o destino nin a finalidade da subvención. A solicitude deberá estar debidamente xustificada e presentarse con anterioridade á finalización do prazo de execución inicialmente concedido de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven. A modificación só será admisible cando non implique variación na puntuación obtida conforme aos criterios de concesión e non se prexudiquen dereitos de terceiros.

O acto polo que, no seu caso, se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concede, previa instrución do correspondente expediente.

Décimo terceira. Criterios de avaliación

13.1. De conformidade co disposto na base primeira, a concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para acceder á axuda requirirase unha puntuación mínima de 50 puntos na avaliación dos proxectos.

13.2. Os criterios que se terán en conta para valorar as solicitudes (máximo de 100 puntos) serán os seguintes:

A) Criterios relacionados coa entidade ou co grupo solicitante (máximo de 40 puntos):

- *Número de habitantes do concello onde estea domiciliada a entidade ou do lugar de residencia do 75 % do grupo informal segundo os datos oficiais de poboación de 2023, publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2024 (máximo de 30 puntos):*
 - *Nun concello de ata 6.000 habitantes: 30 puntos*
 - *Nun concello de 6.001 a 10.000 habitantes: 20 puntos*
 - *Nun concello de máis de 10.000 habitantes: 15 puntos*



➤ *Número de persoas asociadas ou participantes do grupo informal (máximo de 5 puntos):*

❖ *No caso das asociacións xuvenís:*

- *Ata 10 persoas asociadas: 2 puntos*
- *De 11 a 20 persoas asociadas: 3 puntos*
- *Máis de 20 persoas asociadas: 5 puntos*

❖ *No caso dos grupos informais:*

- *Ata 3 persoas: 0 puntos*
- *De 4 a 5 persoas: 2 puntos*
- *De 6 a 8 persoas: 5 puntos*

➤ *Achega económica propia (máximo de 5 puntos)*

- *Achega inferior ao 5 %: 0 puntos*
- *Achega igual ou superior ao 5 %: 5 puntos*

B) Criterios relacionados co proxecto presentado (máximo de 60 puntos): Calidade xeral do proxecto, baseada na xustificación da súa fundamentación e na repercusión para a xuventude á que se dirixe, así como a concreción e planificación deste; teranse en conta os seguintes aspectos:

➤ *Estudos previos e datos de campo que motiven a posta en marcha do proxecto (5 puntos):*

- *Se este non presenta estudos previos: 0 puntos*
- *Se este presenta estudos previos: 5 puntos*

➤ *Calidade do contido do proxecto, das actividades e do seu deseño, finalidade e obxectivos (40 puntos):*

- *Metodoloxía (5 puntos):* *Valoraranse aspectos coma a motivación, a estrutura, os obxectivos que se pretenden conseguir, o seu impacto social e a metodoloxía proposta.*
- *Duración e continuidade do proxecto (10 puntos):*
 - *Se a actividade proposta se desenvolve durante menos dun trimestre: 4 puntos*
 - *Se a actividade proposta se desenvolve durante polo menos un trimestre: 6 puntos*
 - *Se a actividade proposta se desenvolve durante un semestre: 8 puntos*
 - *Se a actividade proposta é anual: 10 puntos*
- *Impacto social do proxecto (10 puntos):*
 - *Local: 5 puntos*
 - *Comarcal: 8 puntos*
 - *Provincial: 10 puntos*
- *Contido do proxecto:* *Valorarase o fomento de valores de solidariedade, igualdade de xénero, impacto demográfico, respecto ao medio, de hábitos saudables ou da investigación (15 puntos)*

➤ *Orixinalidade, creatividade e innovación (15 puntos).*



Décimo cuarta. Notificacións e publicacións

14.1. As notificacións practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es/>.

14.2. A proposta de resolución provisional de entidades admitidas e excluídas notificarase exclusivamente a través da Sede electrónica da Deputación (<http://sede.depo.gal>), de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, e na páxina web <http://www.depo.gal>. Así mesmo, a resolución definitiva de concesión publicarse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Décimo quinta. Pagamento e xustificación

15.1. O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa da actividade subvencionada, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, na que se sinalen as actividades realizadas e os resultados obtidos, o cronograma de execución, o número de persoas beneficiarias e os recursos materiais, humanos e financeiros aplicados ao proxecto, e na que se indicará que se cumpriron os obxectivos propostos.

b) Conta xustificativa dos gastos e ingresos, na que conste unha relación clasificada dos gastos da actividade e se indiquen a ou o acredor e o documento, o seu importe, a data de emisión e, no seu caso, a de pago. Detallaranse as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda. O modelo da conta xustificativa estará dispoñible para a súa descarga na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontra no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible en www.depo.gal).

c) Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida e a documentación acreditativa do pago. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as persoas beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do RLXS, en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de douscentos (200,00) euros.

d) Acreditación da difusión da subvención concedida pola Deputación.



15.2. No caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e concedido, reducirase o importe da subvención de xeito proporcional.

15.3. O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 27 de febreiro de 2027.

Décimo sexta. Perda do dereito ao cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito ao cobro, total ou parcial das subvencións outorgadas, nos termos fixados nesta convocatoria e na normativa de subvencións e, en particular, no artigo 37 da LXS, nos seguintes casos:

- Por incumprir a normativa de subvencións.
- Por incumprir as condicións e as obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- Por non cumprir os obxectivos fixados no proxecto.
- Por non presentar no tempo e na forma a documentación xustificativa ou por presentala de forma incompleta.
- Por non pagar os xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- Por non presentar os xustificantes bancarios acreditativos do pagamento das facturas.

Décimo sétima. Vixencia

Estas bases estarán vixentes desde o 1 de xaneiro do 2026 ao 27 de febreiro de 2027.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo novena. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases.

Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; no RLXS; na LSG; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa aplicable.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.”



3.35994.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “CAMPAMENTO A LANZADA 2026”. (EXPTE. 2025060888)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cás competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2º.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Por outra banda, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconece no seu artigo 6 como uns dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no seu artigo 50 establece que as administracións públicas de Galicia poñerán ao dispor das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

4º.- Finalmente a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continúen sendo exercidas por estas, e neste sentido, o programa ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, desde os seus inicios nos anos oitenta, de xeito que o que comezou sendo un programa vacacional para os nenos e nenas da Cidade Infantil Príncipe Felipe ampliouse a tódolos rapaces e rapazas da provincia de Pontevedra, ofertando prazas de balde para aqueles que se atopan en risco de exclusión social e permitindo tamén a participación de todos os nenos e nenas de xeito inclusivo, superando cada ano as 4.000 solicitudes.



5º.- En base ao anterior, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada” 2026, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacación da Lanzada.

Este programa permite que, ata un máximo de 1.540 menores, empreguen o seu tempo libre no verán en participar en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo, científico e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal e axuden a que coñezan outros lugares fóra da súa contorna habitual, e ao mesmo tempo posibilita a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

O proxecto lúdico educativo comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, medioambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

A Deputación, adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar que todos e todas participen en igualdade de condicións, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 49 de Constitución, artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

6º.- Por Acordo da Xunta de Goberno número 4.35723, de 31 de outubro de 2025 aprobouse a primeira prórroga do contrato coa empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. (B70072905), adxudicataria do servizo de xestión técnico educativa do campamento (Expediente 2024044335), que deberá cumprir o Protocolo de actuación fronte a violencia, para a protección integral da infancia e da adolescencia e para a igualdade real e efectiva das persoas Trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, que participen no programa, aprobado por Resolución presidencial número 2023003020 de 28 de outubro de 2021, en aplicación do co establecido na Lei orgánica 8/2021 de 17 de abril de 2023.

O prezo da praza do campamento estímase en preto de 400,00 euros por persoa, resultado da suma dos gastos necesarios para a execución deste programa, que inclúen o persoal de cociña para a preparación de alimentos, produtos alimenticios, mantemento e limpeza de instalacións e os gastos da empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnica-educativa.

7º.- Nesta convocatoria poderán participar ata un máximo de 1.540 nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre os anos 2013 e 2018 (ámbolos dous incluídos)



- Estar empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa

Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra. No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou algunha patoloxía deberá facerse constar preceptivamente no “cuestionario de saúde e autonomía persoal”, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

Os campamentos terán lugar do 21 de xuño ao 5 de setembro de 2026. Realizaranse 11 quendas de sete días de duración, que se desenvolverán entre os meses de xuño e setembro. A realización da última quenda queda condicionada á data de comezo co curso escolar 2026-2027 que no seu día publique a Xunta de Galicia. No caso de que este coincida cos últimos días do derradeira quenda, poderase reducir a duración da mesma.

8º.- O número total de prazas ofertadas para este programa é dun máximo de 1.540 distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral
- 210 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: serán de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a Deputación de Pontevedra asumirá o 100%, do prezo da praza, para promover a inclusión social de nenos e nenas da provincia de Pontevedra en situación de risco e/ou exclusión social.

9º.- A Deputación subvenciona polo procedemento xeral (1.330 prazas), 230,00 € do custo por praza.

O importe do pagamento final que deberá efectuar a persoa interesada é o seguinte:

- 110 euros por praza.
- 80 euros por praza para menores de familias numerosas (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto).
- 80 euros por praza para menores de familia monoparentais (desconto do 33,20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude que teñen dita condición e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará o desconto).



Estes prezos inclúen:

- Aloxamento e manutención.
- Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés.
- Seguro.
- Excursións.

Polo procedemento específico, prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social (210 prazas), a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a súa inclusión social.

10º.- Con data 9 de setembro de 2025, o deputado delegado de Xuventude e Reto Demográfico dispón o inicio da tramitación do expediente, para a aprobación das bases reguladoras deste programa.

11º.- O orzamento consignado no do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para gastos directos do programa “Campamentos A Lanzada” 2026 , é o seguinte:

- 26/233.3370.227.20 - Restauración : 170.500,00 € (prórroga)
- 25/233.3370.227.20 - Traballos realizados por outras empresas: 273.536,34 € (prórroga).

Ademais existirán outros gastos indirectos de mantemento das instalacións.

12º.- Con data 20 de xaneiro de 2026, Intervención emite informe favorable (CSV: TELOGWOEGY04FQT4) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que as aplicacións orzamentarias propostas nas bases 26/231.3370.221.05 e 26/231.3370.227.20, considéranse correctas. O órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2026, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia



- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial

En base ao exposto e ao amparo da normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “CAMPAMENTOS A LANZADA” para o ano 2026, cuxo tenor literal é o seguinte:

“(…)”

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “CAMPAMENTOS A LANZADA” 2026.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ten entre os seus fins promover a participación da xuventude da nosa provincia en actividades do ámbito da educación non formal, da inserción sociolaboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre, entre outras.

Unha fórmula idónea para conseguir este fin é ofrecerlle á xuventude actividades alternativas para o seu lecer e tempo libre coas que poida iniciar ou profundar o seu coñecemento en determinadas materias ao descubrir lugares da nosa provincia ou ao achegarse a unha contorna natural, todo iso vertebrado por valores de igualdade, solidariedade, cooperación, respecto mutuo e convivencia. Para cumprir os obxectivos descritos, o programa “Campamentos A Lanzada” revelouse desde a súa primeira edición nos anos oitenta como un instrumento útil na medida na que facilita a formación e o intercambio xuvenil e favorece a conciliación responsable en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.

Por iso, ponse en marcha unha nova edición do programa “Campamentos A Lanzada”, dirixido a rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra, que se desenvolverá no Centro de Vacacións da Lanzada no concello do Grove.

O proxecto lúdico-educativo, do que poderán gozar ata un máximo de 1.540 menores, comprenderá un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas e todos eles. As actividades serán dirixidas por un equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas, científicas e lingua inglesa.

Do mesmo xeito, para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establece entre as competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación no territorio provincial.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que de acordo con este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á



participación social, mediante intervencións que permitan lograr obxectivos para proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e que posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como asegurar o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.

Ademais, no artigo 63 da devandita lei, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, que estas lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Por outra banda, no artigo 6 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, reconécese como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións. Así mesmo, no artigo 50 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establécese que as administracións públicas de Galicia poñerán á disposición das familias solucións efectivas ás súas necesidades de conciliación.

Con base no anterior, a Deputación acorda poñer en marcha o programa “Campamentos A Lanzada” 2026 consonte as seguintes:

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria do programa “Campamentos A Lanzada” 2026 que oferta 1.540 prazas para nenas e nenos da provincia e establecer as condicións para participar nel.

Segunda. Persoas participantes

2.1 Nesta convocatoria poderán participar nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre os anos 2013 e 2018 (ambos os dous incluídos).*
- Estar empadroadas ou empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.*
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa.*

Estes requisitos serán condición esencial para participar no programa.

2.2 Poderán participar menores en situación de tutela e garda por parte da Administración e aqueles que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra.

2.3 En caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou patoloxía, deberá facerse constar de xeito preceptivo no cuestionario de saúde e autonomía persoal, e detallaranse do xeito máis preciso posible as súas necesidades.

De adxudicárselles unha praza, será necesario que a nai, pai, titora, titor ou representante legal das ou dos menores con necesidades especiais se poñan en contacto co Servizo de Inspección Médica desta Deputación Provincial a través do correo electrónico inspeccionmedica@depo.gal; será o persoal sanitario desta institución quen solicitará os informes médicos ou a documentación precisa para poder valorar as súas necesidades específicas e validar, de ser o caso, a viabilidade da súa participación



Terceira. Alcance do programa

O Programa “Campamentos A Lanzada” oferta en 2026 un máximo de 1.540 prazas, distribuídas en once quendas de campamentos de sete días de duración que se desenvolverán entre os meses de xuño e setembro do 2026.

Este programa lúdico-educativo inclúe a realización de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, coa lingua inglesa, coa arte, coa cultura, co deporte, cos xogos, coa ciencia, coa linguaxe de signos, coa igualdade de xénero e co respecto polo medio, co fin de colaborar na formación da nosa mocidade.

Cuarta. Organización das quendas

Os campamentos terán lugar entre o 21 de xuño e o 5 de setembro de 2026. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (de domingo a sábado), nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 21 ao 27 de xuño
- Segunda quenda: do 28 de xuño ao 4 de xullo
- Terceira quenda: do 5 ao 11 de xullo
- Cuarta quenda: do 12 ao 18 de xullo
- Quinta quenda: do 19 ao 25 de xullo
- Sexta quenda: do 26 de xullo ao 1 de agosto
- Sétima quenda: do 2 ao 8 de agosto
- Oitava quenda: do 9 ao 15 de agosto
- Novena quenda: do 16 ao 22 de agosto
- Décima quenda: do 23 ao 29 de agosto
- Décimo primeira quenda: do 30 de agosto ao 5 de setembro

A realización da última quenda queda condicionada á data de comezo do curso escolar 2026-2027, que será a que publique a Xunta de Galicia. En caso de que coincida cos últimos días da derradeira quenda, poderase reducir a súa duración.

Quinta. Actividades e servizos ofertados

As nenas e nenos participantes disporán dos seguintes servizos en cada quenda:

- a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas, ambientais, científicas e de convivencia que posibilite a participación de todas as rapazas e rapaces. Algunha destas actividades impartirase en lingua inglesa.

Todas as actividades prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas, científicas e en lingua inglesa. Así mesmo, no caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade disporase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas singularidades.

- b) Aloxamento en tendas de campaña e manutención en réxime de pensión completa.
- c) Saídas educativas e de lecer.
- d) Todo o material necesario para realizar as actividades.
- e) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Sexta. Procedementos de participación

6.1 O número total de prazas ofertadas para este programa é de 1.540, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.330 prazas adxudicaranse polo procedemento xeral.
- 210 prazas adxudicaranse polo procedemento específico: reservaranse para menores en situación ou risco de exclusión social.



6.2 Participación polo procedemento xeral:

Deberase marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude.

6.2.1 Número de prazas: 1.330.

6.2.2 Prezo:

- 110 euros por praza.
- 80 euros por praza para menores de familia numerosa ou monoparental.

Para que se lles aplique este desconto, as persoas solicitantes deberán indicar no recadro correspondente do formulario de solicitude que son familia numerosa, que será obxecto de consulta a través da plataforma de intermediación de datos, ou monoparental.

No suposto de familias monoparentais, a persoa interesada deberá achegar obrigatoriamente xunto coa solicitude, o certificado de familia monoparental en vigor expedido pola Xunta de Galicia.

De non achegarse a documentación anterior ou se esta non estivera en vigor, non se poderá aplicar o prezo reducido, se a/o menor resulta beneficiaria/o de praza.

6.2.3 Adxudicación das prazas:

A adxudicación das prazas realizarase, tanto neste procedemento coma no específico, por sorteo, a través de medios informáticos e do seguinte xeito:

- Cubriranse as 140 prazas de cada unha das quendas (70 nenas e 70 nenos).
- Confeccionarase unha lista de agarda.

Na sede electrónica e na páxina web da institución provincial publicarase:

- O anuncio do lugar, do día e máis da hora de realización do sorteo público, ao que poderá asistir calquera persoa que o desexe.
- O resultado do sorteo coa lista de menores con praza adxudicada para cada quenda e a lista de agarda das cen (100) primeiras persoas para cada quenda.

Non está permitido cederlle a praza adxudicada a terceiras persoas.

O sorteo rexerase polo algoritmo do programa informático, no que se terá en conta o seguinte:

1. Daráselles prioridade ás nenas e nenos que non obtiveron praza na pasada edición.
2. Asignaranse en cada quenda 70 prazas para nenas e outras 70 para nenos. De non existir cota suficiente para cubrilas, farase a través de múltiplos de tres, por exemplo: 67/73, 64/76.
3. Co obxectivo de favorecer a conciliación familiar, cando o menor ou a menor obteña praza na edición actual, as e os irmáns incluídos na mesma solicitude tamén obterán praza na mesma quenda, aínda que xa asistiran na pasada edición.
4. Cota por concello: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo de 2025, de acordo coa repartición que se detalla no apartado final (anexo I) destas bases.

6.3 Participación polo procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión.

Deberase marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude.

6.3.1 Número de prazas:

210 prazas, repartidas do seguinte xeito:

A) 175 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra. As persoas destinatarias serán menores dos concellos da provincia usuarias dos servizos sociais do seu concello ou participantes nalgún



dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

As persoas que presenten a solicitude por este procedemento deberán marcar a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para a inclusión” e, dentro deste apartado, “Prazas reservadas a concellos”.

Ademais de achegar a correspondente documentación, solicitaráselle ao persoal técnico dos servizos sociais do seu concello que emita o correspondente informe de valoración social, para o que deberá cubrir o modelo (anexo II).

Os servizos sociais comunitarios municipais dos concellos da provincia de Pontevedra, nun prazo máximo de dez (10) días hábiles desde a finalización do prazo para a presentación das solicitudes, entregarán por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Valoracións sociais solicitadas polas persoas interesadas (anexo II).
- b) Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade (anexo III).

B) 10 prazas para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.

As persoas solicitantes desta modalidade deberán sinalar no formulario a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión” e, dentro deste apartado, “Menores en situación de tutela ou garda administrativa de centros de menores”; así mesmo, achegarán un certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo IV).

C) 25 prazas de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra.

As persoas solicitantes desta modalidade deberán indicar no formulario a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión” e, dentro deste apartado, “Menores do Centro Príncipe Felipe”; así mesmo, achegarán un certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que están en situación de internamento (anexo IV).

6.3.2 Prezo:

Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a institución provincial asumirá o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das e dos menores da provincia de Pontevedra.

6.3.3 Adxudicación das prazas:

A adxudicación das prazas de reserva para inclusión, polo procedemento específico, realizarase do seguinte xeito:

1. Por adxudicación directa, en caso de que a demanda non superase o número de prazas dispoñibles (210 prazas). Se quedasen prazas vacantes, reasignaranse e adxudicaránse a través do procedemento xeral.

2. Se o número de solicitudes superase o número de prazas dispoñibles, seguirase o procedemento que se mostra a continuación:

2.1 As solicitudes de praza de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe, dependente da Deputación de Pontevedra, adxudicaránse de forma directa.

As prazas que quedasen sen adxudicar reasignaranse para darlles maior cobertura aos seguintes colectivos pola seguinte orde:

- En primeiro lugar, menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.
- En segundo lugar, prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais, independentemente do concello de procedencia.

En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.

2.2 As prazas de reserva para menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra adxudicaránse por sorteo, segundo o número de prazas establecidas no apartado 6.3.1.b.



As prazas que queden sen cubrir reasignaranse para darlles maior cobertura ás prazas reservadas aos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais, con independencia do concello de procedencia. En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.

2.3 As prazas reservadas a menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra, atendendo ás cotas establecidas segundo a poboación, adxudicaránse de forma directa tendo en conta a relación nominal achegada polos servizos sociais comunitarios municipais (anexo III).

As prazas que queden sen cubrir reasignaranse para darlles maior cobertura ás prazas de reserva doutros concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais e con independencia do concello de procedencia.

En caso de empate prevalecerán os concellos cunha maior demanda de solicitudes, con prioridade para as nenas e nenos que non asistiron ao campamento na pasada edición.

Sétima. Modalidades de Solicitudes

7.1. As solicitudes de participación no programa poderán ser individuais ou múltiples:

- Solicitude individual:

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes deberase presentar unha solicitude para cada un deles; deste xeito, entrarán por separado no sorteo para adxudicar a praza e para xerar listas de agarda. Non se poderá garantir que, de conseguir praza, saian en quendas diferentes.

- Solicitude múltiple:

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir na mesma quenda deberase presentar unha única solicitude cos datos de todas e todos.

As e os menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar tamén se poderán incluír na solicitude múltiple e a súa situación equipárase á das e dos irmáns.

Estas solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para adxudicar a praza. Non obstante, as e os menores poderán tratarse de xeito individual nas listas de agarda, sempre que a persoa solicitante (nai, pai, titora ou titor legal) así o indique expresamente no formulario de solicitude.

7.2. Especificacións da solicitude.

7.2.1. As solicitudes presentaranse preceptivamente a través do formulario indicado na base 8.1.

7.2.2. No formulario de solicitude, no apartado relativo ao cuestionario de saúde e autonomía persoal, deberá facerse constar obrigatoriamente e do xeito máis detallado e preciso a seguinte información:

- Calquera alerxia, intolerancia ou solicitude especial en relación coa alimentación.

- Alerxias a medicamentos, enfermidades, tratamentos, coidados especiais, discapacidade etc. De adxudicárselles unha praza seguirase o disposto na base 2.3.

O incumprimento do detalle dos requisitos especiais de alimentación ou a omisión de datos médicos suporá a exención de responsabilidade da Deputación de Pontevedra e das empresas encargadas da organización do campamento dos danos e prexuízos que poidan derivarse.

Oitava. Presentación de solicitudes e modalidades

8.1 As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado “613350 Solicitude de participación no programa ‘Campamentos A Lanzada’”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.



Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

8.2 Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará unha solicitude en formato PDF, que deberá presentarse, imprimirse e asinarse obrigatoriamente para a súa presentación presencial.

Novena. Comprobación de datos

9.1 Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas menores solicitantes.*
- *NIF da nai, pai, titora ou titor das persoas menores solicitantes.*
- *Certificado de residencia das persoas menores solicitantes.*

Ademais, no seu caso, os seguintes:

- *Título de familia numerosa emitido pola Xunta de Galicia.*
- *Certificado de discapacidade.*
- *Consulta de datos de residencia legal de persoas estranxeiras.*

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun “x”, e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

9.2 A facultade de oposición ás consultas en caso de persoas menores de idade, deberá formalizala a proxenitora, proxenitor, titora, titor ou representante legal.

Décima. Documentación

10.1 As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación, segundo corresponda:

■ *Solicitudes polo procedemento xeral (base 6.2):*

- 1. Libro de familia, se as ou os menores solicitantes non dispoñen de DNI ou NIE ou o teñen caducado. A copia deberá de ser íntegra e incluírá os datos das persoas proxenitoras e dos menores.*
- 2. Acreditación en vigor da condición de familia monoparental (deberá achegarse a certificación emitida pola Xunta de Galicia; non é válida a sentenza de divorcio e/ou o convenio regulador).*

■ *Solicitudes polo procedemento específico (base 6.3):*

- *Prazas reservadas a concellos (175 prazas, base 6.3.1):*
 - 1. Libro de familia, en caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.*
 - 2. Valoración social (anexo II).*
 - 3. Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade (anexo III).*



- Prazas reservadas asignadas a menores en situación de tutela e garda administrativa doutros centros da provincia (10 prazas, base 6.3.1):

1. Libro de familia, no caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.
2. Certificado expedido pola dirección do centro que acredite que as/os menores solicitantes están en situación de internamento (anexo IV).

- Prazas reservadas asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe (25 prazas, base 6.3.1):

1. Libro de familia, en caso de que as ou os menores solicitantes non dispoñan de DNI ou NIE ou o tivesen caducado.
2. Certificado expedido pola dirección do centro que acredite que as/os menores solicitantes están en situación de internamento (anexo IV).

10.2 Documentación que se lle debe remitir ao Servizo de Inspección Médica da Deputación de Pontevedra (inspeccionmedica@depo.gal) no caso de que a ou o menor que resulte beneficiario do programa padeza algunha patoloxía ou precise tratamento farmacolóxico ou terapia específica:

- Informe de saúde da ou do especialista que proceda no que se indique a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precise e no que se faga constar expresamente que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento.

De detectarse ou diagnosticarse enfermidades, tratamentos, alerxias ou intolerancias alimentarias entre a data de presentación das solicitudes e a data de incorporación ao campamento, as nais, pais, titoras, titores ou representantes legais das persoas menores deben comunicalo ao Servizo de Inspección Médica a través do correo electrónico: inspeccionmedica@depo.gal con unha antelación mínima de 5 días hábiles anteriores ao comezo da quenda que no seu caso lle correspondera, salvo excepcións debidamente xustificadas. Será o persoal sanitario o que no seu caso solicite o correspondente informe de saúde.

10.3 As e os menores que obteñan praza, cando se incorporen á quenda que lles corresponda, deberán levar a tarxeta sanitaria orixinal ou o documento equivalente do seguro médico privado.

Décimo primeira. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes comezará o 2 de marzo e rematará o 20 de marzo de 2026.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se realiza o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/tramitesxenericos>



Décimo terceira. Relación de persoas admitidas no sorteo

13.1 De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web (www.depo.gal) e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Logo de publicada a lista provisional na Sede electrónica, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude, achegar a documentación requirida que falte, comunicar defectos que se detecten nos datos mecanizados ou denunciar que unha solicitude non foi publicada.

13.2 A Deputación enviará unha mensaxe SMS de cortesía ao teléfono móbil sinalado para estes efectos na solicitude no apartado “teléfono móbil para avisos” cun código de acceso á ligazón habilitada para consultar e revisar os datos da solicitude.

13.3 Unha vez finalizado o prazo para emendar as solicitudes, publicarase na páxina web e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas para participar no sorteo e a súa data de celebración.

Décimo cuarta. Pagamento

Despois da realización do sorteo de adxudicación de prazas, publicaranse na páxina web (www.depo.gal) e na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>) os recibos de pago, a forma, o prazo e os lugares para realizalo.

Os recibos de pago serán emitidos de xeito individualizado por cada menor con praza, tamén no caso de irmás ou irmáns.

A persoa responsable da ou do menor recibirá unha mensaxe SMS de cortesía ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude coas claves para acceder e descargar os recibos de pago.

Se non se reciben as claves no móbil, as persoas beneficiarias estarán obrigadas a solicitalas e a pagar dentro do prazo publicado na páxina web.

De non efectuarse o pago dentro do prazo establecido no citado recibo, perderase a praza adxudicada, procedéndose á súa cobertura por unha ou un menor da lista de agarda, segundo corresponda.

Décimo quinta. Lista de agarda

15.1 A lista de agarda que se publique conterá un máximo de 100 menores por quenda. Nesta non se terá en conta a cota correspondente a cada concello.

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaráselles ás e aos menores da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena e a dun neno con outro neno, para manter sempre a paridade de xéneros.

En caso de solicitudes múltiples, as irmás e os irmáns poderán ser tratados de xeito individual nas listas de agarda, sempre que a persoa solicitante (nai, pai, titora ou titor legal) así o indique expresamente no formulario de solicitude.

A medida que se produzan as vacantes, as persoas solicitantes incluídas na lista de agarda recibirán unha mensaxe SMS ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude, onde se incluírá unha clave de acceso para poder descargar o recibo de pago no que constará expresamente o prazo para efectualo.

15.2 Iniciado o campamento, a medida que se produzan as vacantes, o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, procederá a contactar telefónicamente coas persoas responsables dos menores incluídos na lista de agarda, a fin de ofertarlles as vacantes que lle correspondan en cada unha das quendas.

De non estar interesados ou interesadas na cobertura da praza vacante, procederase a chamar á seguinte persoa da lista e así sucesivamente, salvo que por falta de tempo, motivado a renuncias tardías ou non comunicadas, resulte inviable a súa cobertura.



No caso de non conseguir contactar nos teléfonos indicados na solicitude, efectuarase un segundo intento transcorridos trinta (30) minutos da primeira chamada, e de non obter resposta pasarase á seguinte persoa da lista de agarda.

De mostrar o seu interese na cobertura da vacante, as persoas responsables recibirán unha mensaxe SMS ao teléfono móbil indicado para estes efectos na solicitude, onde se incluírá unha clave de acceso para poder descargar o documento de pagamento no que constará o prazo para efectualo.

Décimo sexta. Devolución da cota

16.1 Para ter dereito á devolución da cota aboada pola praza adxudicada a persoa interesada deberá presentar por escrito a renuncia á praza e solicitar a devolución (Anexo V).

As solicitudes presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, á que se acompañará o anexo V e a documentación xustificativa precisa segundo os supostos admitidos.

Non se admitirán as solicitudes de devolución da cota que non se presenten na forma indicada nestas bases.

16.2 Supostos de devolución. Só procederá a devolución do importe aboado nos supostos que a continuación se indican, sempre e cando resulten xustificadas documentalmente:

1. Que a ou o menor non puidese asistir á actividade por algún dos seguintes motivos, debidamente xustificadas:

- Enfermidade, accidente grave, ou outros motivos. Neste caso deberá achegar o correspondente informe médico, ou outra xustificación documental do motivo que lle impide asistir ao campamento
- Enfermidade, accidente grave ou falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade da ou do menor participante. Deberá achegar o correspondente informe médico, certificado de defunción e/ou outra documentación que xustifique a imposibilidade de asistir.
- Admisión noutra actividade nas mesmas datas. Neste caso deberá aportar o xustificante de pago da outra actividade.
- Calquera outra circunstancia non reflectida nos apartados anteriores que supoña un motivo xustificado. A admisión ou non da circunstancia alegada será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, previo exame da documentación achegada.

Cando concorran algunha destas circunstancias, a persoa solicitante deberá comunicar a mesma ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico á maior brevidade posible, por correo electrónico (xuventudereto@depo.gal), co fin de que a Deputación poida realizar as xestións necesarias para adxudicarlle esa praza á seguinte persoa da lista de agarda, sen prexuízo da obriga de formular a renuncia segundo o recollido no punto anterior.

Tan só procederá a devolución da cota cando a comunicación da renuncia teña lugar cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles ao comezo da quenda correspondente, salvo que por circunstancias imprevistas e sobrevidas non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico.

2. Que non se preste o servizo por causas non imputables á persoa interesada ou se anule a actividade por parte da institución: Neste suposto a presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día en que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.

Décimo sétima. Obrigas das persoas participantes e dos responsables legais destas

As/os menores participantes nos campamento e as persoas responsables destas/es estarán obrigadas a:

1. Cumprir os horarios de incorporación e saída do campamento.



1.1. O horario de entrada será, inicialmente, das 16 ás 18 horas do día de comezo de cada quenda (domingo de inicio), se ben o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico poderá establecer un horario de entrada gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na recepción das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar, con todas as garantías, a entrada. Tales medidas, en caso de adoptarse, serán publicadas na web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

Non se admitirá a entrada das e dos menores participantes fóra destas franxas horarias, agás por unha razón debidamente xustificada, acreditada previamente e valorada polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

A saída do campamento producirase ás 10:00 horas do sábado seguinte en cada quenda, se ben o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico poderá establecer un horario de saída gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na partida das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar con todas as garantías a saída.

Tales medidas, en caso de adoptarse, serán publicadas na web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

1.2. No suposto de non recollida dos ou das menores no horario de saída, activarase o protocolo aprobado por resolución presidencial nº 2025008859 de data 4 de novembro de 2025, que inclúe entre outras medidas a custodia do ou da menor nas propias instalacións do centro vacacional ata a chegada das persoas responsables do mesmo ou o aviso ás autoridades competentes. O mencionado protocolo publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra e na sede electrónica.

Os custes derivados da activación do protocolo serán asumidos pola persoa responsable das ou dos menores.

2. Comunicar, cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao comezo da correspondente quenda, a persoa autorizada para a entrega e recollida da ou do menor participante no campamento, cando sexa distinta á que figura na solicitude, salvo naqueles casos en que concorra forza maior debidamente acreditada. A tal efecto deberán remitir ao correo electrónico: xuventudereto@depo.gal, a correspondente autorización debidamente asinada xunto coa documentación que se indica na mesma. Naqueles casos, en que a garda e custodia da ou do menor participante veña regulada por unha resolución xudicial, deberá entregárselle ao Director/a do campamento no momento da recepción unha copia da mesma co réxime de visitas e con indicacións daquelas persoas que non poden recoller a ou ao menor (ex.: orde de afastamento,...).

3. Respetar as normas establecidas polos equipos de animación e as de réxime interno das instalacións, ademais das relativas ao cumprimento de medidas de hixiene e prevención establecidas na lexislación vixente na materia. Poderán ser expulsadas do campamento as persoas que non respecten estas normas e aquelas que teñan un comportamento que dificulte ou impida a convivencia. Será responsabilidade das persoas responsables dos ou das menores (proxenitores e/ou titores legais) o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como facerse cargo dos gastos que se puidieran ocasionar.

4. Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia da nai, pai, titora ou titor, e será responsabilidade destas persoas o traslado de regreso ao seu domicilio, así como os gastos que este ocasione.

Décimo oitava. Réxime de penalizacións

Serán penalizados, coa imposibilidade de poder participar na seguinte edición dos “Campamentos A Lanzada” que se celebre:

- As/os menores que non comunicasen a súa renuncia á praza cunha antelación mínima de 5 días hábiles ao comezo da quenda correspondente, calquera que sexa o procedemento polo que participen, salvo que por circunstancias imprevistas e sobrevenidas non puidesen comunicalo coa antelación establecida, circunstancia que será valorada polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico.
- As/os menores que motivaron a activación do Protocolo sinalado na base anterior.
- As/os menores que fosen expulsados do campamento.



Décimo novena. Medidas a adoptar ante medidas de protección

Co obxectivo de garantir a protección integral das e dos menores participantes neste campamento que se atopen baixo unha orde de protección ou afastamento vixente, habilitarase no formulario de inscrición unha opción específica para que os representantes legais poidan solicitar a seudonimización dos datos identificativos da ou do menor/es.

A situación de protección deberá acreditarse mediante resolución xudicial que certifique a vixencia da medida. A identidade real da ou do menor/es protexerase durante todo o procedemento, sendo coñecida unicamente pola dirección do campamento e polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, utilizándose exclusivamente para fins internos de xestión.

Para garantir a seguridade da ou do menor/es e evitar a súa localización, os nomes reais non aparecerán en listaxes públicas de persoas admitidas ou listas de agarda, nin en calquera outro documento que sexa obxecto de publicación. No seu lugar, empregarase un pseudónimo ou código identificador asignado de maneira confidencial.

Así mesmo, adoptaranse medidas específicas para a entrada e saída do campamento, que inclúan a identificación obrigatoria da persoa autorizada para a recollida do menor, prohibindo expresamente a entrega a calquera persoa afectada por unha orde de afastamento ou con medidas xudiciais que limiten o contacto.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

De acordo coas garantías e cos límites da normativa de protección de datos de carácter persoal, publicaranse as listas indicadas na cláusula décimo cuarta, na que figurarán datos identificadores desagregados de todo tipo de circunstancias persoais.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima primeira. Autorización para a difusión de imaxes

A Deputación de Pontevedra, en calidade de responsable das actividades nas que participan menores de idade, garantirá a protección do interese superior das e dos menores e os seus dereitos fundamentais, especialmente o dereito á protección de datos persoais, na publicación ou difusión dos citados datos a través de servizos da sociedade da información.

Co fin de lograr a difusión efectiva deste programa para as vindeiras convocatorias e de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade, poderán recollerse experiencias e fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán empregarse para noticias contidas en xornais ou en publicacións e divulgadas tanto nos portais web da Deputación de Pontevedra coma nas súas redes sociais.



Cando esta publicación ou difusión se fixese a través de servizos de redes sociais ou servizos equivalentes deberán contar co consentimento da ou do menor ou das e dos seus representantes legais, segundo o recollido no artigo 7 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No formulario de solicitude as e os representantes legais (nais, pais, titoras ou titores) das e dos menores de 13 anos solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes das actividades que se realicen nos mencionados campamentos, a publicación destas imaxes para promocionar e difundir o propio programa de campamentos e a utilización do teléfono móbil e do correo electrónico como forma de contacto, aviso e comunicación por parte da institución provincial.

En caso de que as persoas solicitantes representantes legais das beneficiarias marquen expresamente a opción de que non autorizan a captación, reprodución ou publicación de fotografías, a Deputación, de forma coordinada coa empresa que xestione a actividade dos campamentos, tomará as medidas pertinentes para velar pola protección da imaxe destas nenas e nenos.

De igual xeito se procederá no caso de menores que se atopen nalgún dos supostos recollidos na décimo novena.

Non se realizarán fotografías susceptibles de danar a sensibilidade de menores ou atentar contra a dignidade das persoas.

Vixésimo segunda. Orzamento

O orzamento consignado no Servizo de Xuventude e Reto Demográfico para gastos directos do programa “Campamentos A Lanzada” 2026 é:

- 26/233.3370.221.05 Restauración: 170.500,00 €
- 26/233.3370.227.20 Traballos realizados por outras empresas: 273.536,34 €

Vixésimo terceira. Interpretación das bases

A resolución de todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases é competencia do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

Anexo I. Distribución de prazas asignadas a cada concello para o ano 2026 en función da poboación (INE 2025)

CONCELLO	POBOACIÓN (INE 2025)	TOTAL PRAZAS	PRAZAS POR PROCEDEMENTO ESPECÍFICO	PRAZAS POR PROCEDEMENTO XERAL
Agolada	2.225	7	2	5
Arbo	2.603	7	2	5
Baiona	12.361	20	3	17
Barro	3.674	15	3	12
Buen	11.836	20	3	17
Caldas de Reis	9.615	17	3	14
Cambados	13.787	20	3	17
Campo Lameiro	1.667	7	2	5
Cangas	26.711	45	3	42
Cañiza, A	4.990	15	3	12



<i>Catoira</i>	3.274	15	3	12
<i>Cotobade-Cerdedo</i>	5671	17	3	14
<i>Covelo</i>	2.472	7	2	5
<i>Crecente</i>	1.921	7	2	5
<i>Cuntis</i>	4.469	15	3	12
<i>Dozón</i>	961	7	2	5
<i>Estrada, A</i>	20.112	45	3	42
<i>Forcarei</i>	3.067	15	3	12
<i>Fornelos de Montes</i>	1.614	7	2	5
<i>Gondomar</i>	15.066	20	3	17
<i>Grove, O</i>	10.833	20	3	17
<i>Guarda, A</i>	9.970	17	3	14
<i>Illa de Arousa, A</i>	4809	15	3	12
<i>Lalín</i>	20.292	45	3	42
<i>Lama, A</i>	2.437	7	2	5
<i>Marín</i>	23.991	45	3	42
<i>Meaño</i>	5.237	17	3	14
<i>Meis</i>	4.668	15	3	12
<i>Moaña</i>	19.320	20	3	17
<i>Mondariz</i>	4.456	15	3	12
<i>Mondariz-Balneario</i>	742	7	2	5
<i>Moraña</i>	4.131	15	3	12
<i>Mos</i>	15.233	20	3	17
<i>Neves, As</i>	3.657	15	3	12
<i>Nigrán</i>	18.174	20	3	17
<i>Oia</i>	3.062	15	3	12
<i>Pazos de Borbén</i>	3.046	15	3	12
<i>Poio</i>	17.434	20	3	17
<i>Ponte Caldelas</i>	5.609	17	3	14
<i>Ponteareas</i>	23.211	45	3	42
<i>Pontecesures</i>	3.076	15	3	12
<i>Pontevedra</i>	83.316	134	4	130
<i>Porriño, O</i>	20.965	45	3	42
<i>Portas</i>	2.748	7	2	5
<i>Redondela</i>	28.874	45	3	42
<i>Ribadumia</i>	5.166	17	3	14
<i>Rodeiro</i>	2.232	7	2	5
<i>Rosal, O</i>	6.548	17	3	14



Salceda de Caselas	9.409	17	3	14
Salvaterra de Miño	10.617	20	3	17
Sanxenxo	18.016	20	3	17
Silleda	8.917	17	3	14
Soutomaior	7.589	17	3	14
Tomiño	13.738	20	3	17
Tui	17.468	20	3	17
Valga	5.779	17	3	14
Vigo	294.489	205	4	201
Vila de Cruces	4.967	15	3	12
Vilaboa	5.856	17	3	14
Vilagarcía de Arousa	37.888	80	4	76
Vilanova de Arousa	10.159	20	3	17

Parámetros de repartición de prazas por concello para 2026			
Poboación superior ou igual (núm. de habitantes)	Poboación inferior ou igual (núm. de habitantes)	Prazas procedemento xeral polo	Prazas procedemento específico polo (inclusión social)
1	3.000	5	2
3.001	5.000	12	3
5.001	10.000	14	3
10.001	20.000	17	3
20.001	35.000	42	3
35.001	80.000	76	4
80.001	200.000	130	4
200.001		201	4

(...)"



4.35995.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCÍONS PARA A CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2025080613)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e de comunicación nos concellos da provincia coas súas administradas e administrados, pretende crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística dos concellos e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Poderán solicitar esta liña de axudas as entidades públicas que teñan as seguintes características:

- En caso de que a axuda se solicite para a creación dun SNL:
 - Poderán solicitar estas subvencións os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, ou ben as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia.
- En caso de que a axuda se solicite para o mantemento ou reforzo do SNL:
 - Poderán solicitar esta liña os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, ou ben as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia, que no momento da publicación desta convocatoria teñan creado e en funcionamento un servizo lingüístico.
 - Poderán solicitar esta liña os concellos que contén, no momento da publicación desta convocatoria, cun servizo de normalización lingüística activo e que queiran melloralo contratando persoal a maiores ou incrementando a xornada do persoal existente.

Con data 15 de decembro de 2025, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2026, solicitando ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

Con data 16 de decembro de 2025, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: 73UFOD5877ITILEVQ, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 17 de decembro de 2025, a área de Secretaría emite informe, con CSV: 6ZC3KEB4LXIQEIMF, sobre as bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026.



O 19 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: 4Q6O6RXLATRTUWQ, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 26/334.3340.462.04 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12026000014427, por importe de 200.000 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local”.

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS)
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (200.000 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026, que figuran co CSV: AVQ9TYMQKXBEUEGZ e que se achegan a continuación:

BASES DE SUBVENCIONES PARA A CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVICIOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O AÑO 2026 (PROCEDIMIENTO SLA 687911)

A Constitución española establece en su artículo 3 que “las otras lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas comunidades autónomas de acuerdo con sus estatutos”, además de reconocer que las lenguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser objeto de respeto y protección.



No artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa Constitución española, establécese que “a lingua propia de Galicia é o galego” e tamén que “os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.”

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma galega”. Tamén se establece, no seu artigo 4.1, que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.”

A Administración local constitúe unha vía de dinamización lingüística prioritaria, por tratarse da organización administrativa máis próxima e que máis directamente lle transmite a acción pública á cidadanía. Permite aplicar medidas de intervención directa na presenza social da lingua de xeito uniforme, atendendo á poboación e ao territorio, e favorece tamén a planificación individualizada para cada zona, segundo as súas particularidades sociolingüísticas.

Así, no artigo 10.2 da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, asinada en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992, ratificada polo Estado español mediante o instrumento de ratificación, publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 222, do 15 de setembro de 2001, establécese que as autoridades locais se comprometen a permitir e a fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da Administración local e, en concreto, nas solicitudes, nos textos oficiais, nos debates das súas asembleas e na toponimia, e tamén no resto de actividades que as administracións realicen por si mesmas ou por terceiras persoas para a prestación dos servizos públicos garantidos, segundo se establece no parágrafo 3 deste mesmo artigo.

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG), dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.”

Así mesmo, no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contéplanse, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “é necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”

Adicionalmente, no artigo 36.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Nesta liña, no artigo 109.1.b da LALG determínanse como competencias propias das deputacións as de prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

En consecuencia, existe interese público en darlle continuidade a esta política pública, activa desde 2017, a través dunha nova convocatoria de subvencións, co obxectivo de consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e de comunicación nos concellos da provincia e coas súas administradas e administrados.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto e natureza

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación das axudas económicas, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas a crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística dos concellos de menos de 50.000 habitantes e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

Segunda. Dotación orzamentaria e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e farase con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do Orzamento provincial para o ano 2026 por un importe total de douscentos mil (200.000) euros.

Terceira. Finalidade

Esta liña de axudas ten como finalidade consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e de comunicación nos concellos da provincia e coas súas administradas e administrados a través da creación, do mantemento ou do reforzo de servizos de normalización lingüística (SNL) nas entidades previstas na base quinta.

A finalidade principal dos SNL que se acollan a esta convocatoria debe ser a de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos e sectores do termo municipal e non só no seo da propia Administración.

Para os efectos desta subvención considéranse:

- a) Servizo lingüístico: departamento técnico integrado na entidade local, dotado de recursos materiais e humanos, que ten as funcións de planificar, xestionar, executar e avaliar medidas e accións co obxectivo de incrementar o uso da lingua galega en todos os ámbitos de actuación da entidade, tanto interna coma externamente.*
- b) Creación dun servizo: contratación de persoal técnico en entidades locais que o 31 de decembro de 2025 non estean dotadas de servizo lingüístico e, polo tanto, non contén con persoal contratado para este fin. Inclúiranse tamén nesta modalidade aqueles servizos creados no ano 2025 que non percibisen unha subvención ao abeiro da convocatoria dese ano e que continúen coa súa actividade na data de publicación da convocatoria do ano 2026. As entidades locais ás cales lles fose concedida e percibisen unha subvención ao abeiro da convocatoria de 2025 non poderán acceder a unha axuda para a creación dun servizo lingüístico nesta convocatoria.*
- c) Mantemento dun servizo: dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións. Esta modalidade comprende os servizos lingüísticos que como mínimo estivesen en funcionamento desde xaneiro e ata o mes de outubro do ano inmediatamente anterior á publicación desta orde e retomasen a súa ocupación dentro do primeiro trimestre da convocatoria anual.*
- d) Reforzo dun servizo: incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria.*



Cuarta. Réxime xurídico

O procedemento establecido para a concesión das axudas é o de concorrência non competitiva, por esgotamento do crédito. A proposta de concesión formularaa o órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrência dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario comparar as solicitudes presentadas.

Se o orzamento para esta convocatoria non fose suficiente para asignarlles ás peticións solicitadas, atenderanse aos seguintes criterios automáticos de adjudicación:

- En primeiro lugar, atenderanse as solicitudes realizadas para a creación do SNL.*
- En segundo lugar, atenderanse as solicitudes para o mantemento ou o reforzo do SNL coa repartición do crédito dispoñible entre as entidades solicitantes desta liña, rateando, se é o caso, o importe global restante destinado a estas.*

Do mesmo xeito, de existir aforro tras a repartición das cantidades, e en función do número e do importe das subvencións solicitadas, as axudas incrementaranse proporcionalmente ata chegar ao máximo establecido na base sétima desta convocatoria.

A participación neste programa non supoñerá relación contractual ningunha entre a Deputación e o persoal técnico dos SNL municipais.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar esta liña de axudas as entidades públicas que teñan as seguintes características, de acordo coas consideracións establecidas na base terceira:

- *En caso de que a axuda se solicite para a creación dun SNL:*
 - Poderán solicitar estas subvencións os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes ou as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia.*
- *En caso de que a axuda se solicite para o mantemento ou reforzo do SNL:*
 - Poderán solicitar esta liña os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes ou as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia, que no momento da publicación desta convocatoria teñan creado e en funcionamento un servizo lingüístico.*
 - Poderán solicitar esta liña os concellos que contén, no momento da publicación desta convocatoria, cun servizo de normalización lingüística activo e que queiran melloralo contratando persoal a maiores ou incrementando a xornada do persoal existente.*

Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias aqueles concellos nos que concurra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

As contratacións ou actuacións realizadas ao abeiro destas bases por parte das entidades beneficiarias non implicarán relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou as e os profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Deputación de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á institución provincial ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria.

As entidades beneficiarias das axudas destas bases quedarán obrigadas a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e fiscais do persoal contratado por estas para levar a cabo as actividades financiadas.



Serán as entidades locais beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria as que velen polo cumprimento da normativa fiscal e laboral, así como da de prevención de riscos laborais, e a Deputación quedará exenta de toda responsabilidade das contratacións levadas a cabo ao abeiro deste programa de subvencións.

Sexta. Alcance das axudas

A través desta convocatoria, as entidades previstas no ámbito subxectivo poderán solicitar axudas para as seguintes liñas específicas:

- A creación dun SNL. Poderán optar a esta axuda os concellos de ata un máximo de 50.000 habitantes ou as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia que non contén con este servizo.*
- O mantemento do SNL. Poderán optar os concellos que xa contén con este servizo.*
- O reforzo do SNL. Poderán optar os concellos que contén con este servizo e queiran melloralo contratando persoal a maiores ou incrementando a xornada existente.*

De acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios ou estean vinculados ao obxecto do proxecto.

Neste sentido, as subvencións están destinadas a financiar as retribucións do persoal técnico dos SNL das entidades solicitantes ás que vai destinada esta convocatoria. Estas entidades serán as encargadas de pagar directamente as nóminas do persoal técnico e as cotas da Seguridade Social.

Sétima. Contías máximas subvencionables

As contías máximas subvencionables para cada unha das modalidades son as que se recollen a continuación:

1. Creación do Servizo de Normalización Lingüística

A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante (concello, mancomunidade, entidade local menor ou agrupación de concellos) o 100 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de creación do servizo, ata un máximo de trinta e cinco mil (35.000) euros, co compromiso adquirido de manter o devandito servizo nas dúas anualidades seguintes e de dotalo nos seus orzamentos económicos coas cantidades correspondentes polas porcentaxes restantes do seu custo salarial.

O financiamento comprende exclusivamente o custo salarial (é dicir, o salario base, o complemento específico e o de destino e as pagas extra) e a cotización á Seguridade Social; non inclúe outros conceptos, coma a indemnización por cesamento, a produtividade, as gratificacións e outros similares. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios correspondentes por esta categoría profesional no concello.

No caso de percibir algunha subvención ou axuda por parte doutras administracións públicas para a mesma finalidade, concorrente coa que se regula nestas bases, os concellos beneficiarios deberán comunicarlle á Deputación de Pontevedra o detalle de cada unha delas e acreditar que a suma total non supera o 100 % do custo salarial das persoas empregadas incorporadas ao concello, incluídas as cotas de cotización á Seguridade Social.



2. Mantemento e reforzo do Servizo de Normalización Lingüística

A Deputación achegaralle a cada entidade solicitante o 80 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de mantemento do servizo, ata un máximo de vinte cinco mil (25.000,00) euros.

Oitava. Perfil técnico e funcións dos servizos de normalización locais

A actividade dos SNL locais deberán desenvolve-la técnicas ou técnicos de normalización lingüística, que deberán ser especialistas con titulación superior en Lingua Galega, polo que deben posuír algunha das seguintes:

- a. Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, licenciaturas equivalentes a eses graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que posúan tamén o certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).*

A súa categoría profesional, no seo da Administración, terá que ser a de técnica ou técnico de normalización lingüística e as retribucións deberán ser as correspondentes a esa categoría.

Concretamente, para un SNL de nova creación será preceptivo que posúan a categoría de persoal funcionario A1 ou A2, ou de laboral I ou II.

A súa contratación levarase a cabo mediante un proceso selectivo no que se avaliarán os coñecementos e as capacidades reais e as prácticas das persoas candidatas para o desenvolvemento das funcións do posto de traballo (de acordo coas sinaladas), respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

- b. No caso das entidades que soliciten a subvención para o mantemento dun servizo lingüístico creado antes de 2007 poderán acceder ás subvencións aquelas que contén con persoal fixo que posúa a titulación de mestra ou mestre cun diploma de especialista en Lingua Galega ou co certificado do Curso Superior de Linguaxe Administrativa (se a técnica ou técnico de normalización lingüística está desde esa data; se é posterior, axustarase ao parágrafo ou ás licenciaturas e graos previstos no anterior apartado a) destas bases.*

A categoría deberá ser a correspondente á de persoal técnico medio, diplomado, graduado ou licenciado, segundo a titulación que posúa a persoa que desempeña o posto.

As funcións do persoal técnico de normalización lingüística, tanto internas coma externas, serán, entre outras, as seguintes:

Funcións xerais internas:

- ✓ *Asesorar a Administración municipal na procura de incrementar o uso e o prestixio da lingua galega.*
- ✓ *Velar polo cumprimento da lexislación lingüística por parte da institución e, polo tanto, por que se garantan os dereitos lingüísticos da cidadanía.*
- ✓ *Informar sobre a conveniencia, oportunidade ou método de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións de diversa índole do concello e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.*
- ✓ *Emitir informes sobre a oportunidade ou conveniencia das accións do concello con respecto ao fomento do uso e do prestixio da lingua galega.*



- ✓ *Cooperar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios para cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e nos procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos das persoas aspirantes.*

Funcións de dinamización sociolingüística:

- ✓ *Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.*
- ✓ *Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.*
- ✓ *Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien a sociedade respecto do uso e do prestixio da lingua galega e mais que a impliquen no proceso normalizador.*
- ✓ *Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.*
- ✓ *Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil ou outras para fomentar o uso e o prestixio do idioma galego.*
- ✓ *Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.*

Funcións de formación sociolingüística:

- ✓ *Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da Administración coma para a poboación en xeral ou para os diferentes sectores sociais.*
- ✓ *Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan a promover a extensión do uso do galego lexislación, dereitos e recursos lingüísticos etc.*
- ✓ *Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos destinados a mellorar as actitudes lingüísticas.*

Funcións de asesoramento lingüístico interno:

- ✓ *Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.*
- ✓ *Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos administrativos.*
- ✓ *Revisar e validar lingüísticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións etc.) para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.*
- ✓ *Resolver dúbidas lingüísticas.*
- ✓ *Elaborar e recomendar materiais específicos, segundo as necesidades dos departamentos.*

Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e os concellos:

- ✓ *Apoiar e difundir as accións dinamizadoras desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra.*
- ✓ *Coordinarse coa Deputación e con outros concellos para planificar e executar accións conxuntas de normalización.*
- ✓ *Participar en xuntanzas e encontros de traballo e coordinación que a Deputación convoque e nos grupos de traballo que se creen para planificar accións normalizadoras conxuntas.*



Novena. Lugar e forma de presentación das solicitudes

Cada entidade local ou agrupamento de concellos poderá solicitar unha única modalidade de axuda ao abeiro desta convocatoria, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP, e desestimaranse as solicitudes que non cumpran este requisito.

Así mesmo, tendo en conta que a prestación de servizos lingüísticos implica a planificación e o desenvolvemento de actividades de dinamización lingüística, todas as modalidades de axuda incluírán a súa realización. Ademais, serán inadmitidas aquelas solicitudes conxuntas en que non se acredite a realización conxunta dunha actuación ou servizo e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Memoria descriptiva das accións que se levarán a cabo coa axuda solicitada, asinada pola persoa solicitante, na que se detalle:*

No caso de creación do SNL:

- *Descrición do servizo que se quere implantar.*
- *Declaración da relación do persoal na que se especifique se se trata de persoal funcionario ou de persoal laboral e a xornada que vai realizar.*
- *Declaración da titulación académica na que se especifique a titulación: grao/licenciatura/licenciatura mais Celga 5 ou diplomatura/grao (só válido para o caso de mantemento de SNL anteriores a 2007).*
- *Declaración do grupo, na que se especifique: A1, A2 ou I, II.*
- *Proxectos, programas e actividades de dinamización planificados.*

No caso de mantemento do SNL:

- *Descrición do servizo actual co seu alcance e as súas características.*
- *Declaración da relación do persoal do servizo na que se especifique se se trata de persoal funcionario ou de persoal laboral e a xornada que vai realizar.*
- *Declaración da titulación académica do persoal na que se especifique a titulación: grao/licenciatura/licenciatura mais Celga 5 ou diplomatura/grao (só válido para o caso de mantemento de SNL anteriores a 2007).*



- Declaración do grupo ou grupos do persoal (na que se especifique A1, A2 ou I, II).
- Proxectos, programas e actividades de dinamización planificados.

No caso de reforzo do SNL:

- Descrición do servizo actual e alcance e características do reforzo proposto.
 - Declaración da relación do persoal do servizo actual e do reforzo na que se especifique se se trata de persoal funcionario ou de persoal laboral e da xornada que vai realizar.
 - Declaración da titulación académica do persoal do servizo actual e do reforzo na que se especifique a titulación: grao/licenciatura/licenciatura mais Celga 5 ou diplomatura/grao (só válido para o caso de mantemento de SNL anteriores a 2007).
 - Declaración do grupo ou grupos do persoal do servizo actual e do reforzo (na que se especifique A1, A2 ou I, II).
 - Proxectos, programas e actividades de dinamización planificados.
- Orzamento detallado de gastos, asinado pola persoa solicitante.
 - As agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia que se constitúan para o mantemento en común deste servizo presentarán de modo telemático a seguinte documentación:
 - Certificación acreditativa do acordo de solicitude da agrupación de concellos ou convenio de colaboración, encomenda de xestión ou outra figura xurídica que probe no momento da solicitude da subvención que existe a oportuna colaboración administrativa para o fin proposto.
 - Certificación do nomeamento dunha ou dun representante legal para estes efectos.
 - Declaración na que conste o concello que vai recibir o importe da achega e que deberá presentar a documentación para o pagamento e a súa xustificación.
 - Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social. Todos os concellos que se agrupen deben estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento da concesión.
 - Todos os concellos que presenten a solicitude de forma agrupada deben cumprir o previsto nas bases xerais sobre a conta xeral e a súa presentación perante os órganos de control externo.

O concello que forme parte dunha mancomunidade e decida solicitar a subvención individualmente ou agrupado con outro ou outros concellos deberá presentar unha renuncia expresa á prestación do servizo solicitado conxuntamente coa mancomunidade ou coa agrupación de concellos á que pertence.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria de modo presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.



Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo terceira. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, desde onde se realizarán de oficio todas as actuacións que se estimen oportunas para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude elaborárase un informe-proposta de concesión de subvencións que, co informe previo de fiscalización da Intervención, se someterá á aprobación do órgano competente, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS.

O prazo de resolución será de tres (3) meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.



Décimo quinta. Compatibilidade coa percepción doutras axudas

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin; terase en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do investimento da entidade beneficiaria.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Décimo sexta. Xustificación

Unha vez concedida a subvención, as entidades beneficiarias quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos á finalidade concreta para a cal se concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 28 de febreiro de 2027.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

1. En caso de que a subvención se conceda para a creación de novos SNL ou o reforzo dos existentes:

- ✓ *Certificación da persoa responsable da Secretaría ou da Secretaría-Intervención da entidade local, na que se faga constar a contratación ou a modificación do contrato, coas melloras producidas coa incorporación de persoal a maiores ou incrementando a xornada do existente, a duración dos contratos, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico do SNL local, ademais das axudas recibidas para a mesma finalidade.*
- ✓ *Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5.*
- ✓ *Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención.*
- ✓ *Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra.*
- ✓ *Compromiso da entidade do mantemento do SNL durante un tempo mínimo de dous (2) anos desde a data da concesión da axuda ou da creación do servizo, que terá que crearse nun prazo inferior a tres (3) meses desde a súa notificación.*

2. No caso das axudas para o mantemento dun servizo lingüístico xa existente:

- ✓ *Certificación da persoa responsable da Secretaría ou Secretaría-Intervención da entidade, na que conste que o SNL xa estaba creado na data de publicación desta convocatoria; na que se indique expresamente a data de creación do SNL, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal do SNL local; e na que se declaren, así mesmo, as axudas recibidas para a mesma finalidade.*
- ✓ *Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5.*
- ✓ *Memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención.*
- ✓ *Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logo da Deputación de Pontevedra.*
- ✓ *Compromiso da entidade do mantemento do SNL durante un tempo mínimo de dous (2) anos desde a data de solicitude da subvención.*



Para cobrar a axuda concedida as entidades, no momento do pagamento, deberán estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), fronte á Seguridade Social e coa Deputación, con anterioridade a dítarse a proposta de resolución de concesión, situación que determinará de oficio a propia institución.

Décimo sétima. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- ✓ *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- ✓ *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por medio dunha transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Décimo oitava. Incumplimento

Se o prazo de xustificación sinalado na base décimo sexta vence sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos da Deputación de Pontevedra requiriralle a súa presentación no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo novena. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- a) *Cando se obtivesen falseando as condicións requiridas.*
- b) *Se non se destinaron aos fins para os que foron concedidas.*
- c) *Se a entidade beneficiaria incumpre as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésima. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2026 e segundo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria enviaráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.



A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no Real decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.35996.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026. (EXPTE.2025080383)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo, promove esta liña de subvencións, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, destinadas á edición en formato papel, a edicións audiovisuais e edicións mixtas que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, no que se integra a actual Sección de Publicacións, centra o seu labor na edición de obras que abordan temas relacionados coa provincia, interesantes para a cidadanía, con especial atención á historiografía e a outros estudos de investigación vinculados aos concellos da provincia e ás súas tradicións.

Debido ao elevado número de solicitudes recibidas no servizo para a publicación de traballos de interese provincial, moitas delas non poden atenderse pola imposibilidade de contar con recursos tanto materiais coma humanos. Por este motivo, a institución provincial promove desde 2019 esta convocatoria de subvencións en concorrência competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro co obxecto de cubrir esta demanda e axudar a financiar os custos que implica unha edición.



Con data 15 de decembro de 2025, o deputado delegado en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico ordena a elaboración dunha nova convocatoria de subvencións para edicións en concorrència competitiva para o 2026, e solicítalle ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente con CSV:G3DY88WSABIMIR94.

Con data 16 de decembro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe, con CSV: BITPZU8NNA5YS0C5, do programa indicado, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 19 de decembro de 2025, a área de Secretaría emite informe, con CSV: RWZH9EYPD9QSU6M, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións en concorrència competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026.

Con data 14 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite informe favorable, con CSV: 0DMCTCJANV6MNIDJ, sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 26/332.3322.789.00 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12026000013875, por importe de 100.000,00 €.

De acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial.

No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realízanse en lingua galega”.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións para edicións en concorrencia competitiva para o ano 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (100.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026, que figuran co CSV: 5SIBTFA8GKZPNQOS e que se citan a continuación:

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIONES DIRIGIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026

No artigo 44.1 da Constitución española dispónse que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura. Nesta liña, que a poboación poida acceder aos libros é unha peza clave para a alfabetización e a aprendizaxe permanente de todas as persoas.

Desde 1940, a Deputación de Pontevedra asume a produción propia de publicacións e, desde 1986, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, no que se integrou a actual Sección de Publicacións, edita traballos que abordan temas relacionados coa provincia, interesantes para a cidadanía, con especial atención á historiografía e a outros estudos de investigación vinculados aos concellos da provincia e ás súas tradicións, mesmo de todo o ámbito galego cando se consideren de interese para a provincia.

Debido ao elevado número de solicitudes recibidas para a edición de traballos de interese cultural, moitas delas non poden atenderse pola imposibilidade de contar con recursos tanto materiais coma humanos. Polo tanto, desde 2019, a Deputación de Pontevedra, a través deste servizo, promove unha convocatoria pública de subvencións de concorrencia competitiva co obxecto de financiar os custos que implica a edición de obras de interese municipal, provincial ou comarcal e en galego que cumpran os requisitos previstos nesta convocatoria.

A través desta axuda anual, de acordo cos obxectivos transversais da acción do Goberno provincial, perséguese fomentar a edición de publicacións que teñan interese social e cultural para a provincia de Pontevedra e que redunden en beneficio non só das e dos lectores, senón do conxunto da sociedade.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co disposto no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Deputación de Pontevedra ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto estudar, divulgar, exaltar ou poñer en valor o seu patrimonio cultural material ou inmaterial. Na mesma liña, no artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, determinanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Por outra banda, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG), establécese que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar o uso do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Así mesmo, na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese que as corporacións locais ditarán as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

No artigo 10 da Ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, establécese que, “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade realízanse en lingua galega”.

Segundo o exposto con anterioridade e en execución das súas competencias propias enunciadas, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular o procedemento de concesión de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á edición en formato papel, audiovisual ou mixto, en galego normativo, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo e que contribúan ao enriquecemento do patrimonio bibliográfico provincial.

Segunda. Financiamento e réxime económico

Este programa de subvencións financiarase con cen mil euros (100.000 €), con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00.

O importe máximo da subvención para cada edición non poderá exceder o 70 % do orzamento total. No caso de publicacións en papel, non superará os tres mil cincocentos euros (3.500 €), e no de edicións en formato audiovisual, non excederá os seis mil euros (6.000 €). Para as edicións mixtas, que inclúan publicacións en papel e en formato audiovisual, o importe total subvencionado non será superior aos oito mil euros (8.000 €).

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial; aceptaranse desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado. O custo dos gastos non poderá ser en ningún caso superior ao valor de mercado.

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Carecer de fins de lucro.*
- 2. Ter domicilio social no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou acreditar fidedignamente que teñen a súa sede ou unha delegación nela.*



3. *Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS.*
4. *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de pagamento coa Deputación.*
5. *Non ter obrigas nin xustificacións pendentes derivadas de subvencións concedidas pola Deputación.*

Cuarta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realízanse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) *Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) *Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) *Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Quinta. Requisitos das publicacións

As publicacións subvencionadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. *Editarse exclusivamente en galego normativo.*
2. *Ser de interese municipal, provincial ou comarcal, en relación coa provincia de Pontevedra.*
3. *Ser unha obra inédita.*
4. *Incorporar un pé de imprenta ou créditos finais que inclúan a enumeración de responsabilidades e, no seu caso, todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente.*
5. *Facer un uso non sexista de todo tipo de linguaxe (documental, visual etc.) na execución do proxecto e nos documentos e soportes producidos directamente ou a través de terceiras persoas ou entidades.*
6. *Que os proxectos que motiven a solicitude de subvención se publiquen durante o exercicio de 2026.*
7. *As publicacións en formato papel deberán posuír un mínimo de 50 páxinas por exemplar, excepto os libros infantís, os de teatro e de poesía, e a tirada mínima será de 100 exemplares.*

Excluíranse do ámbito de aplicación destas bases as seguintes edicións:

- *As pertencentes a partidos políticos, sindicatos, colexios profesionais ou anpas.*
- *As pertencentes a asociacións, fundacións ou similares, cando teñan como destinatarias únicas e exclusivas as persoas asociadas.*
- *Os proxectos que non garantan a igualdade de trato entre os dous sexos ou que inclúan calquera mostra de discriminación entre as persoas ou de maltrato animal.*
- *As obras editadas nunha lingua distinta ao galego. Así mesmo, excluíranse as publicacións en galego que inclúan a tradución da totalidade ou dalgunha parte da obra a outras linguas ou que conteñan anexos nun idioma distinto ao galego.*
- *Os anuarios, as publicacións periódicas ou as revistas.*
- *Os volumes soltos que formen parte dunha obra completa, os fascículos ou suplementos doutra publicación.*
- *As fotocopias encadernadas en forma de libro con grampas ou en espiral.*
- *As reedicións de calquera tipo de obra editada anteriormente.*



Sexta. Modalidades subvencionables

Serán subvencionables aquelas edicións de interese provincial que constitúan unha produción allea á propia Editorial da Deputación, nos seguintes formatos:

- Papel*
- Audiovisual*
- Mixto (en papel e audiovisual)*

Os traballos subvencionados, de carácter divulgativo, deberán tratar aspectos relacionados coa provincia, co seu patrimonio material, inmaterial ou artístico, ou con persoas e colectivos relevantes desta.

En relación co patrimonio, serán obxecto de subvención as edicións que se relacionen cos seguintes tipos, segundo se establece na LPCG:

- a) Bens inmoables catalogados que se encadren nalgunha das seguintes categorías: monumento; xardín histórico; sitio histórico; xacemento ou zona arqueolóxica; vía cultural; lugar de valor etnolóxico; conxunto histórico; paisaxe cultural; e territorio histórico.*
- b) Patrimonio cultural inmaterial: a lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial; as tradicións e as expresións orais; a toponimia; as artes do espectáculo; as representacións e os xogos; os usos sociais; os rituais, as cerimonias e os actos festivos; os coñecementos e os usos relacionados coa natureza e co universo; as técnicas artesanais tradicionais; e as actividades produtivas.*

Subvencionaranse, así mesmo, aqueles estudos de carácter provincial que traten aspectos coma a memoria histórica democrática, a igualdade entre sexos, a protección do medio ou a diversidade funcional.

Valoraranse as publicacións de divulgación cultural, artística, deportiva ou científica e as de temática con enfoque innovador e de calidade que teñan relación e relevancia para a provincia.

Terán a consideración de gastos subvencionables:

- Os directamente derivados da edición ou produción das obras, coma a elaboración dos contidos e a autoría, a corrección e revisión, o deseño e a maquetación ou calquera outro gasto de similar natureza.*
- Os custos da publicación dos traballos relativos á impresión ou á produción dixital só se subvencionarán cando formen parte do proxecto total presentado; en ningún caso de forma illada.*

Só se financiarán os gastos que garden relación directa coa natureza da actividade subvencionada e que resulten estritamente necesarios para a súa realización.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os que correspondan:

- 1. Á adquisición de bens de equipamento cuxa amortización exceda o período de execución das actividades previstas nas bases.*
- 2. Aos gastos derivados de desprazamento, aloxamento ou manutención.*
- 3. Aos gastos de carteis ou de material de promoción e distribución da obra, así como calquera outro relacionado coa presentación do proxecto subvencionado.*
- 4. Aos gastos correntes derivados da realización do proxecto (luz, auga, teléfono, calefacción ou seguros, entre outros).*
- 5. Aos xuros debedores das contas bancarias.*
- 6. Aos xuros, recargas e sancións administrativas e penais.*
- 7. Aos gastos de procedementos xudiciais.*
- 8. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.*



Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude a esta convocatoria, na que deberán indicar o formato co que participan.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF das entidades solicitantes.*
- b) DNI ou NIE das persoas representantes.*
- c) Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- d) Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Documentación requirida

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- 1. Acreditación da persoa representante legal da entidade, no suposto de non empregar o certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica.*
- 2. Orzamento asinado de gastos e ingresos da actividade subvencionada, desagregado e totalizado (no que se inclúan as cantidades, os prezos unitarios e o IVE individualizado).*
- 3. Memoria explicativa profusamente detallada, asinada pola persoa responsable da entidade, redactada en galego, do proxecto obxecto da subvención, na que se indique, de forma clara e veraz, o cumprimento dos criterios establecidos na base décimo terceira da convocatoria, que xustifique a relevancia das obras en relación cos obxectivos da convocatoria, para que estes poidan ser valorados pola Comisión de Valoración.*

Deberanse indicar o formato e a temática que se vai publicar, a sinopse do contido, o público obxectivo potencial ao que vai dirixido e as intencións de promoción e difusión para valorar o impacto da publicación subvencionada na provincia. Nas edicións en papel, detallaranse, ademais, os seguintes aspectos:

- O deseño e a maquetación da cuberta.*
- As características técnicas (tipo de encadernación, tamaño, deseño do interior da obra etc.)*



- O número de páxinas da edición.
- O número de exemplares que se van editar.

Nas edicións audiovisuais, especificarase:

- O formato (documental, curtametraxe, animación...)
- A duración prevista da obra audiovisual.
- O plan de produción e o cronograma detallado.
- A metodoloxía de traballo (procesos de gravación e tecnoloxías empregadas).

A citada memoria poderá acompañarse dunha copia definitiva da publicación orixinal, xunto con fotografías e ilustracións, co fin de facilitar a valoración do traballo. No caso das videogravacións, deberase incluír a estrutura narrativa cunha sinopse e un guión da obra.

4. Copia dos estatutos que rexen a entidade.
5. Composición actual da xunta directiva.
6. Certificado de titularidade bancaria que acredite que a conta que figura na solicitude está rexistrada a nome da asociación.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se acheguen de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente ante a Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os entregou.

Nos supostos de imposibilidade material para obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formularse a proposta de resolución.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.



Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e os actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Criterios de valoración

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos seguintes criterios de valoración:

- 1. Calidade técnica e orixinalidade da proposta (0-30 puntos)*
 - 1.1. O índice debe ser coherente e seguir un percorrido descritivo correcto en canto á exposición; así mesmo, facilitará o desenvolvemento lóxico de tempos, personaxes e acontecementos. A evolución da obra, tanto en formato papel coma nas videogravacións, debe responder a unha estrutura lóxico, ben organizada. Os apartados definidos na memoria descritiva adaptaranse fielmente ao contido final da publicación ou da produción audiovisual (0-10 puntos)*
 - 1.2. Achega de soporte gráfico, carácter inédito das imaxes e fotografías e valoración de gráficos, esquemas e outro material de apoio. No caso das videogravacións, valorarase o guión ou dossier gráfico, así como o emprego dos recursos técnicos de gravación e posprodución (0-10 puntos)*
 - 1.3. Orixinalidade da obra en canto á temática escollida. Valoraranse as edicións que desenvolvan temas novidosos ou tratados cun enfoque diferenciador respecto de obras xa subvencionadas en anteriores convocatorias (0-10 puntos)*
- 2. Achega da publicación ao desenvolvemento, á normalización e á promoción da lingua galega (0-20 puntos)*
 - 2.1. Contribución á promoción do idioma galego (0-10 puntos)*
 - 2.2. Grao de innovación da proposta en relación coa normalización da lingua (0-10 puntos)*
- 3. Achega do proxecto ao fomento do patrimonio galego (0-30 puntos)*
 - 3.1. Contribución ao coñecemento do patrimonio material galego nas súas diferentes tipoloxías (0-10 puntos)*
 - 3.2. Achega ao coñecemento do patrimonio cultural inmaterial galego: celebracións, acontecementos, tradicións, costumes ou usos sociais (0-10 puntos)*
 - 3.3. Edición que verse sobre persoeiros de interese para a divulgación do patrimonio galego (0-5 puntos)*
 - 3.4. Edición que recolla a traxectoria de entidades da provincia cuxas actividades sexan de interese cultural, artístico, científico ou deportivo (0-5 puntos)*
- 4. Publicacións que promovan a recuperación da memoria histórica, a igualdade de xénero, a diversidade funcional ou a conservación do medio (0-20 puntos)*
 - 4.1. Recuperación da memoria histórica (0-5 puntos)*
 - 4.2. Promoción da igualdade de xénero (0-5 puntos)*
 - 4.3. Atención á diversidade funcional (0-5 puntos)*
 - 4.4. Protección e conservación do medio (0-5 puntos)*



Unha vez analizada a proposta, o Comité de Valoración outorgaralle unha puntuación, que deberá acadar un mínimo de 50 puntos en total para que a obra poida subvencionarse.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento e proposta de resolución

A instrución do procedemento de concesión da subvención correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo terceira e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración instituída para tal fin realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido pola xefa do servizo.

Unha vez valorado o devandito informe, a comisión poderá:

- Solicitar cantos informes adicionais estime necesarios para resolver.*
- Emitir un informe respecto ás solicitudes de subvención.*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o devandito prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

Décimo quinta. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- Secretaria: a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- Vogais: tres persoas do equipo técnico do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*

A Comisión de Valoración presentará a proposta de resolución, que será aprobada polo órgano competente e notificada ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Unha vez notificada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido cunha exposición razoada dos motivos, a cal poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda, non se danen dereitos de terceiras persoas e non se altere a puntuación obtida por aplicación dos criterios de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen e, en todo caso, no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión; así mesmo, será obxecto de resolución polo órgano competente, logo dunha proposta da Comisión de Valoración, na que se terán en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo do informe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*



Décimo sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total dos ingresos poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para estes efectos, en canto a persoa beneficiaria teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. A persoa beneficiaria deberá comunicar, nese caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.

Décimo oitava. Obrigas das persoas beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as persoas beneficiarias terán que cumprir as seguintes:

- a) Realizar a finalidade obxecto da subvención antes do 31 de decembro de 2026 e presentar en forma e en prazo a xustificación correspondente.*
- b) Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos nas bases da convocatoria, tanto en forma coma en prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. A este respecto, a medida de difusión consistirá en incorporar a imaxe institucional na páxina de créditos da publicación ou do material audiovisual subvencionado, de conformidade co manual “Proxecto subvencionado”, dispoñible en <https://www.depo.gal/web/edepo/identidade-corporativa>. No caso de empregar carteis, materiais impresos ou audiovisuais ou calquera outra acción de comunicación ou publicidade, deberá constar tamén o apoio institucional de acordo co citado manual.*
- c) As persoas beneficiarias deben pagarlles ás súas acreedoras e acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, en cuxo caso deberán facelo no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.*
- d) As persoas beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderán empregar o pagamento en metálico cos límites establecidos legalmente. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que este gasto supere o importe de novecentos euros (900 €).*
- e) Se, debido á acumulación de subvencións, axudas recibidas ou ingresos para o mesmo fin, o conxunto destes superase o custo total da actividade subvencionada, deberá comunicalo, en cuxo caso o importe da subvención será obxecto de modificación e minorarase proporcionalmente.*
- f) Cando o total das cantidades subvencionadas non cubra o custo total da edición, os exemplares editados poderán venderse por unha cantidade que non exceda o importe restante non subvencionado. Cando o importe da venda supere o importe non subvencionado, a entidade deberá comunicalo, e minorarase a subvención na contía correspondente. A comprobación do incumprimento desta obriga suporá o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.*



- g) *Someterse ao control financeiro, por parte da Intervención, da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.*

Décimo novena. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web, e remitiralla á BDNS.

Vixésima. Xustificación

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención e, no seu caso, a poñer á disposición da Deputación os libros e os rexistros contables necesarios para a adecuada xustificación e para o exercicio das facultades de comprobación ou control financeiro.

A entidade beneficiaria terá de prazo ata o 31 de xaneiro de 2027 para presentar, na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, segundo o previsto na base décimo primeira, a seguinte documentación xustificativa:

- a) Memoria explicativa detallada do cumprimento das condicións establecidas na solicitude da axuda e da realización da finalidade subvencionada, con expresa mención do desenvolvemento do traballo e dos resultados obtidos (fotografías e demais documentación gráfica do proxecto subvencionado), asinada pola persoa responsable.*
- b) Conta xustificativa dos gastos (formulario do anexo I), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Poñerase de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial do 20 %.
- c) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicárase en cada factura o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.*
- d) Acreditación de que se fixo a debida divulgación do financiamento obtido da institución provincial nos termos establecidos na base décimo oitava da convocatoria.*
- e) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.*
- f) No caso de publicacións en papel, entregaranse dez exemplares como xustificante, que formarán parte do expediente, así como dos fondos bibliográficos da Deputación de Pontevedra na súa biblioteca ao servizo das persoas usuarias. De tratarse dun proxecto audiovisual, achegaranse dúas copias en soporte dixital, que se incorporarán ao fondo audiovisual da institución provincial.*
- g) Xustificación do cumprimento doutras obrigas impostas.*

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.



Vixésimo primeira. Pagamento

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

- *No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, retribuirase a totalidade da subvención previamente concedida.*
- *No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, pagarase a parte proporcional da subvención previamente concedida.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria.

Vixésimo segunda. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días, contados a partir da data de recepción do requirimento.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo terceira. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- *Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Así mesmo, o incumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, logo do expediente oportuno, á perda do dereito ao cobro, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo quinta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na LPACAP; na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na LXS; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO do 30 de decembro de 2016); nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio de 2026; e na demais lexislación aplicable.



6.35997.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026. (EXPTE. 2026001811)

Antecedentes:

Primeiro.- Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais que teñan lugar na provincia. As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión como medio idóneo para publicitar a provincia.

Segundo.- De conformidade co previsto na Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa comunidade, como manifestación artística e creativa da entidade cultural dun país.

Terceiro.- A cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual, así a Deputación de Pontevedra promove desde o 2017 un marco de actuación cultural baseado nas seguintes premisas:

1. O pulo do sector audiovisual galego, considerado estratéxico para a comunidade e a nosa provincia.
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e da divulgación de produtos audiovisuais.
4. O fomento de marcos e espazos expositivos para promover os produtos audiovisuais galegos na provincia de Pontevedra.

Cuarto.- A existencia das industrias audiovisuais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e, en definitiva, para o acceso igualitario da cidadanía á cultura. Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios localizados na provincia encaixa cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade, o que supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global e xustifica o interese neste tipo de actividades.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e o de Intervención de 26 de xaneiro de 2026 que figura no expediente con CSV: WQIZMFONIBQBT6H.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións



- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 32 da citada Lei 55/2007 prevese a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.

Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d), a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2026 e que figuran co CSV: X9XCINWAUXTM061I e que son do seguinte teor:



BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026

Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais que teñen lugar na provincia.

Unha das fórmulas de promoción que mellor xera retorno sobre o investimento é o apoio á realización de eventos de todas as índoles: culturais, artísticos ou deportivos, entre outros. Así, as actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese, tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión como medio idóneo para publicitar a provincia.

Nesta liña, de conformidade co previsto na Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa comunidade, como manifestación artística e creativa da entidade cultural dun país.

Posto que a cultura audiovisual, da que, sen dúbida, o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual, a Deputación de Pontevedra promove desde o 2017 un marco de actuación cultural baseado nas seguintes premisas:

- 1. O pulo do sector audiovisual galego, considerado estratéxico para a comunidade e a nosa provincia.*
- 2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega.*
- 3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e da divulgación de produtos audiovisuais.*
- 4. O fomento de marcos e espazos expositivos para promover os produtos audiovisuais galegos na provincia de Pontevedra.*

Así, a existencia das mencionadas industrias audiovisuais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e, en definitiva, para o acceso igualitario da cidadanía á cultura. A súa eventual desaparición ou enfraquecemento causados por situacións externas anómalas ou de emerxencia supoñería privar as e os cidadáns dun dereito constitucionalmente establecido.

En definitiva, asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios localizados na provincia encaixa cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade, o que supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global e xustifica o interese neste tipo de actividades.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 32 da citada Lei 55/2007 prevese a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.

Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d), a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións para o apoio ao desenvolvemento e á organización deste tipo de eventos na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, de acordo coas seguintes



BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción, así como a súa convocatoria para o ano 2026.

Segunda. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade. En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, unha vez teña coñecemento da súa existencia e sempre con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Terceira. Entidades destinatarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- *Carecer de fins de lucro.*
- *Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.*
- *Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Deputación de Pontevedra.*

Cuarta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convocaranse con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de douscentos mil (200.000) euros.

De acordo co artigo 32.3 da Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, a axuda para a realización de festivais e certames non poderá superar o 50 % do orzamento presentado para levalos a cabo.

Quinta. Requisitos das actividades subvencionables

Para poder optar ás subvencións os festivais deben cumprir os seguintes requisitos:

- a. Levarse a cabo durante o ano 2026.*
- b. Realizarse dentro do ámbito territorial da provincia de Pontevedra.*



- c. *Ter unha duración mínima de catro xornadas e realizar un mínimo de vinte proxeccións.*
- d. *Incluír na programación a proxección de, como mínimo, cinco sesións ou un 10 % de títulos de produción cinematográfica ou de dirección galegas.*
- e. *Levar un mínimo de catro edicións consecutivas anteriores á convocatoria destas bases.*
- f. *Incluír na programación actividades paralelas educativas ou formativas.*
- g. *Empregar a lingua galega, como mínimo, na comunicación nos diferentes soportes e no desenvolvemento das actividades paralelas.*

Sexta. Gastos subvencionables

Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da finalidade subvencionada, resulten estritamente necesarios, estean vinculados á edición do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- a) *Infraestruturas e espazos para as proxeccións:*
 - 1. *Gastos polo alugueiro de auditorios, salas ou de equipos de proxección, son ou iluminación.*
 - 2. *Gastos de desenvolvemento ou alugueiro de uso de plataformas virtuais para proxeccións e para realizar actividades programadas do festival ou certame.*
 - 3. *Gastos de aloxamento virtual de contidos do festival ou certame relacionados coas proxeccións e coa realización de actividades programadas.*
- b) *Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais:*
 - 1. *Gastos de contratación de persoal técnico para a instalación temporal e o manexo dos devanditos equipos.*
 - 2. *Gastos de contratación de servizos profesionais para o desenvolvemento do festival.*
 - 3. *Contratación de azafatas e azafatos, presentadoras e presentadores ou moderadoras e moderadores, e de artistas para actuar no festival, certame ou premio.*
- c) *Xestión de películas:*
 - 1. *Gastos por dereitos de exhibición.*
 - 2. *Gastos de subtitulado de copias.*
 - 3. *Gastos de transporte de copias.*
 - 4. *Gastos de dereitos de autoría.*
 - 5. *Gastos de sistema de entrada.*
- d) *Edición de publicacións: gastos de edición do catálogo e dos folletos de programación do festival, certame ou premio.*
- e) *Comunicación e prensa:*
 - 1. *Gastos de contratación específica de axentes de prensa e de comunicación.*
 - 2. *Gastos de materiais para os medios de comunicación.*
- f) *Publicidade e difusión:*
 - 1. *Gastos de campañas publicitarias.*
 - 2. *Gastos de carteis e material de promoción.*
- g) *Gastos das e dos convidados directamente relacionados co festival:*
 - 1. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con destino a España e, no seu caso, regreso á orixe, en clase turista, económica ou similar.*
 - 2. *Gastos de desprazamento en medios de transporte colectivo con orixe e destino dentro de España en clase turista, económica ou similar.*
 - 3. *Gastos de aloxamento e manutención das e dos convidados.*



- b) *Premios ou galardóns oficiais: premios económicos outorgados polo festival, gastos pola fabricación de figuras, galardóns ou trofeos similares que se entreguen como premios do festival ou certame.*
- i) *Gastos de implantación de medidas de seguridade hixiénico-sanitarias e laborais:*
1. *Gastos de materiais hixiénicos non inventariables e dispositivos de protección e desinfección para o persoal e o público; servizos de limpeza e desinfección; e, en xeral, calquera custo de material e a súa instalación relacionado coa adaptación das instalacións ás medidas sanitarias e/ou hixiénicas.*
 2. *Gastos de elaboración de plans de seguridade e riscos laborais, así como os gastos de formación do persoal derivados destes plans.*

En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.

En ningún caso serán subvencionables:

- *Os gastos ordinarios de funcionamento e mantemento da entidade e da promotora ou do promotor, tales coma alugueiros de locais, gastos financeiros, licenzas, impostos, asesoría legal, consumos ordinarios (electricidade, gas, auga), entre outros.*
- *Os gastos de soldos, salarios ou calquera outro tipo de retribución ou remuneración, seguros sociais ou retencións de impostos da promotora ou do promotor, se é persoa física, ou das persoas pertencentes á entidade promotora do festival ou certame.*
- *O investimento ou a adquisición de material ou equipos que supoñan algún incremento do patrimonio da entidade solicitante.*
- *Os gastos protocolarios de festas, cócteles, degustacións gastronómicas ou outros eventos similares.*
- *Os gastos excluídos no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

Sétima. Lugar e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. *NIF da entidade titular do centro.*
- b. *DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.*
- c. *Domicilio físcal da entidade solicitante.*
- d. *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



Décima. Documentación

As entidades interesadas deberán presentar a súa solicitude, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar e, xunto con ela, achegarán a seguinte documentación:

- a. Memoria completa e detallada do proxecto para o que se solicita a subvención, na que se indiquen os datos solicitados para este, que se axustarán e detallarán seguindo os criterios e a orde de valoración especificados na letra b) da base décimo cuarta.*
- b. Memoria completa e detallada da última edición do festival, na que se inclúan os datos solicitados para este, que se axustarán e detallarán seguindo os criterios e a orde de valoración especificados na letra a) da base décimo cuarta. Esta memoria acompañarase dunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación de Pontevedra poderá comprobar en calquera momento.*
- c. Dossier de prensa da última edición do festival.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial nos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>



Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única (DEHú), sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das subvencións serán as únicas responsables da realización dos festivais, así como das obrigas fiscais e de seguridade social que deles deriven. Estas terán que cumprir as seguintes obrigas:

- a. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas antes de contratar a prestación do servizo, salvo que polas súas características especiais non exista no mercado un número suficiente de entidades que as realicen, as presten ou as subministren, ou que o gasto se fixese antes da solicitude da subvención.*
- b. Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias establecidas pola normativa vixente no desenvolvemento de todas as actividades.*
- c. Levar a cabo a actividade subvencionada de acordo co proxecto presentado.*
- d. Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, os ingresos ou os recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas logo da presentación da solicitude da convocatoria correspondente.*
- e. Proporcionar en todo momento a información que se lles solicite respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- f. Incluír os logotipos da Deputación de Pontevedra, de acordo coa súa normativa básica de identidade corporativa, en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada.*
- g. Facilitar un espazo para a instalación dunha caseta da Deputación de Pontevedra e colocar os elementos publicitarios que o organismo provincial lles puidese proporcionar.*
- h. Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.*

Décimo cuarta. Valoración e concesión

A. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA EDICIÓN ANTERIOR, ata un máximo de 110 puntos

1. Contribución ao fortalecemento do sector audiovisual galego: ata 10 puntos

Nesta epígrafe valorarase o número de producións de autoría galega proxectadas, entendendo por tales aquelas nas que a directora ou director ou a escritora ou escritor do guión sexa de orixe galega ou teña máis de dous anos de residencia acreditada en Galicia.

1.1. Curtas: 1 punto

1.2. Longas: 2 puntos



2. Presenza de obras cinematográficas de autoras e autores de fóra de Galicia: ata 10 puntos

Nesta epígrafe incluírase a relación de autoras e autores de fóra de Galicia coas obras exhibidas no festival, e indicaranse o título, a directora ou director e o país de cada unha delas.

- 2.1. Por cada autora ou autor español: 1 punto*
- 2.2. Por cada autora ou autor europeo: 2 puntos*
- 2.3. Por cada autora ou autor doutros continentes: 3 puntos*
- 3. Número de proxeccións desenvolvidas en todo o festival: ata 10 puntos*
- 3.1. Ata 20 proxeccións: 3 puntos*
- 3.2. Entre 21 e 30 proxeccións: 5 puntos*
- 3.3. Máis de 30 proxeccións: 10 puntos*

4. Asistencia ás proxeccións da edición anterior: ata 5 puntos

Acreditarase cunha declaración responsable ou cun certificado expedido pola secretaria ou secretario da entidade no que consten o número total de asistentes, xunto cos datos individuais de cada unha das sesións, e os seguintes apartados: película, sala de proxección, capacidade total da sala e asistencia á proxección. Non se terá en conta a asistencia ás actividades paralelas: exposicións, conferencias, obradoiros etc.

- 4.1. Ata 1.000 persoas: 1 punto*
- 4.2. Entre 1.001 e 3.500 persoas: 2 puntos*
- 4.3. Entre 3.501 e 5.000 persoas: 3 puntos*
- 4.4. Máis de 5.000 persoas: 5 puntos*

5. Actividades e accións paralelas desenvolvidas na edición anterior: máximo de 35 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados nos que se inclúa, agás no caso do punto 5.6., que poderá ser unha acción transversal.

- 5.1. Destinadas ao sector audiovisual profesional, coma charlas, publicacións e clases maxistras, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (ata 10 puntos)*
- 5.2. Destinadas ao alumnado en formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)*
- 5.3. Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)*
- 5.4. Destinadas a proxectar o festival en días distintos aos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)*
- 5.5. Destinadas a promover a accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescrición: 1 punto por actividade ou acción (ata 5 puntos)*
- 5.6. Destinadas a fomentar a lingua galega e a igualdade (ata 5 puntos)*

6. Esforzo de difusión e impacto social do festival na edición anterior: ata 10 puntos

- 6.1. Dossier de prensa e comunicacións en redes sociais da edición anterior (ata 6 puntos). Presentarase en PDF coa relación de recortes de prensa e ligazóns a medios dixitais.*
- 6.2. Publicación do catálogo do festival: enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e da oferta cultural do festival, das formas de acceso, das actividades complementarias etc. (ata 4 puntos). Para os efectos de comprobación, presentarase o PDF da publicación ou a ligazón dixital a esta.*

7. Relación dos eventos e das entidades de fóra de Galicia cos que o festival colaborou na edición anterior (1 punto por cada evento ou entidade colaboradora): ata 5 puntos

8. Viabilidade do proxecto: ata 25 puntos

Terase en conta a solidez financeira do festival, para o que se valorarán as achegas de fondos propios da entidade organizadora e os patrocinios de entidades privadas con respecto ao seu orzamento total (co IVE, salvo no caso de ser deducible), relativos á edición anterior.



Non se admitirán como fondos propios as achegas de financiamento doutras administracións públicas das cales se obtivese algún tipo de axuda.

- 8.1. *Entre o 15 % e o 20 % do financiamento acreditado: 5 puntos*
- 8.2. *Entre o 20,01 % e o 30 % do financiamento acreditado: 10 puntos*
- 8.3. *Entre o 30,01 % e o 40 % do financiamento acreditado: 15 puntos*
- 8.4. *Entre o 40,01 % e o 50 % do financiamento acreditado: 20 puntos*
- 8.5. *Máis do 50 % do financiamento acreditado: 25 puntos*

B. CRITERIOS DE VALORACIÓN DA PROPOSTA PARA O ANO 2026, ata un máximo de 110 puntos

1. Antigüidade do festival: ata 25 puntos

- 1.1. *De 4 a 6 edicións: 10 puntos*
- 1.2. *De 7 a 10 edicións: 15 puntos*
- 1.3. *De 11 a 15 edicións: 20 puntos*
- 1.4. *Máis de 15 edicións: 25 puntos*

2. Actividades e accións paralelas previstas: ata 30 puntos

Cada acción só poderá puntuar en cada un dos apartados onde se inclúa, agás no caso do punto 2.6, que poderá ser unha acción transversal.

- 2.1. *Destinadas ao sector audiovisual profesional, coma charlas, publicacións e clases presenciais, apertura de canles de distribución ou outras accións: 1 punto por acción (ata 10 puntos)*
- 2.2. *Destinadas ao alumnado de formación audiovisual: 1 punto por actividade ou acción (ata 4 puntos)*
- 2.3. *Destinadas a novos públicos, específicos ou en risco de exclusión: 1 punto por actividade ou acción (ata 4 puntos)*
- 2.4. *Destinadas a proxectar o festival en días distintos aos que este teña lugar: 1 punto por actividade ou acción (ata 4 puntos)*
- 2.5. *Destinadas a promover a accesibilidade cultural, con servizos de apoio á comunidade audiovisual coma o subtitulado, o bucle magnético, a lingua de signos ou a audiodescripción: 1 punto por actividade ou acción (ata 4 puntos)*
- 2.6. *Destinadas a fomentar a lingua galega e a igualdade: 1 punto por actividade ou acción (ata 4 puntos)*

3. Viabilidade do proxecto: ata 20 puntos

Valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento de gastos subvencionables do proxecto (co IVE, salvo no caso de ser deducible):

- 3.1. *Entre o 40 % e o 50 % do orzamento: 5 puntos*
- 3.2. *Entre o 30 % e o 39,99 % do orzamento: 10 puntos*
- 3.3. *Entre o 15 % e o 29,99 % do orzamento: 15 puntos*
- 3.4. *Menos do 15 % do orzamento: 20 puntos*

4. Custo total do proxecto subvencionable (co IVE, salvo no caso de ser deducible): ata 30 puntos

- 4.1. *Ata 20.000,00 €: 1 punto*
- 4.2. *De 20.000,01 € a 40.000,00 €: 2 puntos*
- 4.3. *De 40.000,01 € a 60.000,00 €: 6 puntos*
- 4.4. *De 60.000,01 € a 80.000,00 €: 10 puntos*
- 4.5. *De 80.000,01 € a 100.000,00 €: 15 puntos*
- 4.6. *De 100.000,01 € a 120.000,00 €: 25 puntos*
- 4.7. *Máis de 120.000,00 €: 30 puntos*



5. Por desenvolverse no ámbito rural: ata 5 puntos

C. CALIDADE E INTERESE DA PROGRAMACIÓN DO FESTIVAL, ata un máximo de 100 puntos

Nesta epígrafe teranse en conta a temática, a especialización e a diferenciación con respecto a outros festivais ou certames do panorama galego e estatal, a incidencia dentro do panorama cinematográfico autonómico e nacional, a contribución ao aumento das posibilidades de difusión posterior nos ámbitos nacional e internacional das obras presentadas, a calidade das proxeccións, o compromiso e as accións para a necesaria paridade de xénero como elemento democratizador, os seus principios paritarios no seu contido, no seu equipo organizativo e nos seus xurados avaliadores, o tratamento das copias e demais condicións que aseguren unha adecuada exhibición das obras audiovisuais e o número de obras en primeira presentación oficial con respecto a Galicia e a España.

A puntuación máxima asignarase proporcionalmente entre os aspectos mencionados; destinarase un máximo de 60 puntos para a edición anterior e a traxectoria do festival, e un máximo de 40 puntos para o proxecto actual.

Rexeitaranse aquelas solicitudes que, na suma da súa valoración, non acaden un total de 100 puntos. Para o resto dos festivais a repartición proporcional dos importes efectuarase a partir dese valor mínimo establecido.

Décimo quinta. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo cuarta, e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

A Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do servizo. Esta comisión é un órgano Colexiado composto por:

- *Presidencia: o deputado delegado da área de Cultura.*
- *Vogalía: dúas técnicas ou técnicos do Servizo de Cultura e unha ou un do Servizo de Intervención.*
- *Secretaría: unha funcionaria ou un funcionario do Servizo de Cultura, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.*

Para valorar a calidade da programación (apartado c) da base décimo cuarta, crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no sector audiovisual, musical e das artes escénicas que non teñan relación con ningunha das persoas solicitantes nin vínculo directo cos proxectos que se poidan presentar.

Este comité técnico é un órgano Colexiado composto por tres persoas expertas de recoñecido prestixio no ámbito do audiovisual e unha técnica ou técnico do Servizo de Cultura, sen dereito a voto, que actuará como secretaria ou secretario.

A condición de membro do comité ten carácter persoal, polo que non pode actuar por delegación nin substituírse en ningún caso. Este comité técnico redactará unha acta, na que se especificará o xeito de puntuar os criterios subxectivos, e elaborará un informe preceptivo que será motivado, no que se relacionarán os proxectos examinados por orde de prelación e a puntuación asignada a cada un deles.

Unha vez entregado o informe á Comisión de Valoración, o Servizo de Cultura, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe-proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe-proposta será fiscalizado.



O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas, conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP, e publicarase no BOPPO, segundo o artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Na resolución do procedemento por parte do órgano competente, de conformidade co disposto nestas bases reguladoras, deberán acreditarse os fundamentos da resolución que se adopte; o prazo máximo de resolución do procedemento será de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as potenciais persoas beneficiarias lexitímaas para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 22 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse cando non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto do acordo do órgano que a concedese, logo do informe favorable da área de Intervención e da proposta previa da Comisión de Valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen danar os dereitos de terceiras persoas.*
- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración deberá determinar, logo do informe previo do Servizo de Cultura, o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*
- A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitarlle a esta institución provincial a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan terse en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo organismo provincial. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas poderán minorar a subvención concedida ou revogala.*
- Non se aceptarán modificacións que lles afecten aos requisitos esixidos para poder optar ás subvencións na base terceira desta convocatoria, nin as que cambien a puntuación acadada na valoración realizada no réxime de concorrencia competitiva.*

Décimo sétima. Xustificación

As entidades beneficiarias da subvención, logo da concesión, estarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se lles concederon, de acordo co proxecto achegado na solicitude.

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda rematará o 31 de xaneiro de 2027.

A documentación xustificativa que figura a continuación presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base décimo primeira:

- a. Memoria xustificativa, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente e na que se inclúa toda a programación paralela para os efectos de comprobar que se cumpriron as condicións establecidas na solicitude de subvención.*



- b. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unidade.
- c. Conta xustificativa dos gastos, segundo o modelo dispoñible na web: www.depo.gal, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallan as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda e se indique que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.
- d. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- e. Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- f. As e os beneficiarios das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico sempre que non supere o importe de novecentos (900,00) euros. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.
- g. Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúan o logotipo da Deputación de Pontevedra.
- h. Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo total da finalidade subvencionada.
- i. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán, no momento do pagamento, estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución.

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado e a totalidade das actividades incluídas no proxecto, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.
- A subvención minorarase igualmente no caso de incumprimento defectuoso do total das actividades incluídas no proxecto presentado inicialmente.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

En casos especiais debidamente xustificadas e logo do informe favorable da área de Intervención, establécese a posibilidade do pagamento anticipado de ata un máximo do 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Incumprimento

Se vencese o prazo de xustificación sinalado na base décimo sétima sen que a entidade beneficiaria achegase a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.



De non entregar a documentación neste prazo, perderase a subvención, coas demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, logo da instrución do procedemento de reintegro, nos seguintes casos:

- *Cando se obtivesen falseando as condicións requiridas.*
- *Se non se aplican aos fins para os que se concederon.*
- *Se as entidades beneficiarias incumpren as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co recollido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026 e o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Normativa aplicable e dereito supletorio

As axudas concedidas nesta convocatoria axustaranse ao establecido nela, na LXS, no Regulamento da LXS e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

Con carácter supletorio, rexerán a LPACAP e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

7.35998.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA +BENESTAR 2026. (EXPTE. 2025039592)

- ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- Por acordo de Xunta de Goberno de data 26 de decembro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras do Programa +BENESTAR 2026.



2º.- O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de cerca de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse dende hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público de este tipo de actividades.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado para iso.

Consideraranse entidades colaboradoras todos aqueles concellos que se recollen no anexo I das bases aprobadas. Estas entidades colaboradoras realizarán a asistencia e a xestión das solicitudes das persoas interesadas dentro do seu ámbito territorial.

A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrència non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial. Consta no expediente a retención de crédito dispoñible para o programa (CSV AD769XEBSMRMRC6Z).

Ofértanse 2.127 prazas nos seguintes termos :

- 2.097 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100€ do custo da praza (209.700,00 euros).
- 30 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400€ do custo da praza (12.000,00 euros).

O procedemento de concesión en ambos casos, no suposto de existir máis solicitudes que prazas convocadas, se establecía a través dun sorteo por medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Segundo. Este sistema de concesión de prazas, baseado exclusivamente nun sorteo, non permitía valorar o distinto grao de implicación, compromiso e corresponsabilidade dos concellos participantes no programa, referidos ás entidades colaboradoras que se recollen no anexo I das bases.

A experiencia acumulada na execución do programa ao longo dos anos, pon de manifesto que a adhesión formal ao programa implica a asunción de obrigas específicas, tales como a coordinación técnica, a colaboración administrativa, a asistencia e a xestión das solicitudes das persoas interesadas dentro do seu ámbito territorial, etc.

En consecuencia resulta necesario aliñar a asignación de prazas co grao de compromiso institucional, incentivando a adhesión e a colaboración estable.



Por todo iso, considérase xustificado substituír o sistema exclusivamente aleatorio por un modelo de reparto racional, obxectivo e proporcionado, que teña en conta a adhesión como criterio organizativo, en base ao que se propón un reparto do seguinte modo:

a) Concellos adheridos, 90 % das prazas. A reserva maioritaria de prazas a concellos adheridos xustifícase en que garanten unha mellor coordinación interadministrativa, en consonancia cos principios recollidos na Lei 40/2015; así mesmo, permitirá unha xestión máis eficiente e planificada dos recursos provinciais, e reforzan o papel da Deputación como entidade de asistencia e cooperación municipal, conforme á normativa de réxime local.

b) Concellos non adheridos, 10 % das prazas. A reserva dun 10 % das prazas a concellos non adheridos responde a que a súa porcentaxe non chega ao 7%; ademais, deste xeito, respéctase o principio de acceso e non exclusión, sendo patente a vontade de facilitar unha incorporación progresiva de concellos que, por razóns xustificadas, aínda non se adherisen.

Este reparto considérase proporcionado e razoable, xa que non exclúe os concellos non adheridos, pero prioriza obxectivamente a quen asume maiores obrigas.

c) As prazas do réxime especial ofertaranse unicamente para concellos adheridos, garantindo as canles formais de coordinación coa Deputación, a dispoñibilidade de recursos técnicos e administrativos axeitados, e a correcta derivación, seguimento e avaliación das persoas beneficiarias.

En consecuencia, a limitación destas prazas a concellos adheridos responde a criterios de idoneidade, necesidade e eficacia, sendo unha medida imprescindible para asegurar que as prazas de carácter social cumpran a súa finalidade pública.

3º.- Con data 21 de xaneiro de 2026, a xefa do Servizo de Benestar Social propón a modificación das bases reguladoras do programa + BENESTAR 2026, nos termos expostos.

-Na base “Sexta. Réxime económico”

Onde di:

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de pensión non contributiva de xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco ou exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu municipio de residencia.

Debe dicir:

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas residentes en concellos colaboradores do programa (anexo I), cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de pensión non contributiva de xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco ou exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu municipio de residencia.



- Na base novena “ Rexistro de entidades colaboradoras”

Onde di:

“Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recollidos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

Estas entidades deberán cumprir coas obrigacións establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Debe dicir:

“Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recollidos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

As persoas residentes nas entidades colaboradoras poderán beneficiarse das prazas subvencionadas do réxime especial.

Estas entidades deberán cumprir coas obrigacións establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións..”

- Na base decimo terceira “Procedemento de concesión de prazas e sorteo”

Onde di:

“Décimo terceira. Procedemento de concesión de prazas e sorteo

A concesión de prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, consonte a competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.097) coma para as de réxime especial (30), no suposto de máis solicitudes que prazas convocadas, levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos.

O sorteo será de carácter público; a data, o lugar e a hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, e incorporarse ao expediente a acta correspondente, na que se identificarán as persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente a ou o xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, a xefa do Servizo de Benestar Social e o secretario da Deputación de Pontevedra (ou persoas en quen delegue en caso de ausencia), e detallarase a metodoloxía e o resultado do sorteo.

Unha vez realizado, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno; excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

A lista de adxudicación e a de agarda serán única.

A relación de prazas adxudicadas, así como a lista de agarda, serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.”

Debe dicir:

“Décimo terceira. Procedemento de concesión de prazas

A concesión de prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será, consonte a competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión das prazas de réxime xeral (2.097) e réxime especial (30), levarase a cabo a través de sorteo por medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas establecendo así unha orde de prelación.



Das 2.097 prazas correspondentes ao réxime xeral establece a seguinte reserva de prazas:

- 1.887 prazas a persoas residentes nas entidades colaboradoras co programa*
- 210 prazas a persoas residentes nas entidades non colaboradoras co programa*

No caso de que algunha das reservas anteriores non se cubra por insuficiencia de solicitudes as prazas vacantes poderán ser asignadas a outra reserva, sempre que existan solicitudes suficientes.

Das 30 prazas correspondentes de réxime especial serán beneficiarias persoas residentes nas entidades colaboradoras.

Inicialmente, adxudicaránse un máximo de 2.097 prazas de réxime xeral e 30 prazas de réxime especial. As demais solicitudes quedaran nunha lista de agarda que será única con independencia do concello de residencia das persoas solicitantes.

O sorteo será de carácter público; a data, o lugar e a hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, e incorporárase ao expediente a acta correspondente, na que se identificarán as persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente a ou o xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, a xefa do Servizo de Benestar Social e o secretario da Deputación de Pontevedra (ou persoas en quen deleguen en caso de ausencia), e detallarase a metodoloxía e o resultado do sorteo.

Unha vez realizado, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno; excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

A relación de prazas adxudicadas, así como a lista de agarda, serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.”

4º.-Con data 22 de xaneiro de 2026, Intervención e Secretaría emiten respectivamente a súa conformidade coa proposta de modificación das bases (CSV EDW5K9VKWJ41KIAL) e (CSV I2W91BRE5GDJOAPE)

- **PROPOSTA DE ACORDO:**

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou as citadas bases, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación das bases reguladoras do Programa “+ Benestar” para o ano 2026

O texto íntegro incorporadas as modificacións propostas poderá consultarse no seguinte CSV: H5C48FHAAIWOLLQH e serán publicadas tal como seguen a continuación:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+BENESTAR” 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o seu envellecemento activo e fomentar a participación e a cooperación social promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que faciliten a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

O programa, cun grande arraigamento dentro das actuacións que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (antes denominadas “Saúde e Benestar” e “Depotermal”), ten como fin que a veciñanza da provincia de Pontevedra poida acceder a actividades de lecer saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spas) e, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.



Este programa desenvólvese desde hai máis de quince anos e recibe máis de 3.000 solicitudes cada ano, proba do interese público neste tipo de actividades.

A Corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este programa cun claro obxectivo social, xa que facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro xeito non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e tratamento sanitario; ademais de contribuír á sustentabilidade económica da provincia.

O programa será xestionado por unha empresa externa, ao non contar a Deputación de Pontevedra con recursos propios para poñelo en marcha.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos municipios na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, consonte as competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

Con base no anterior, a Deputación de Pontevedra promove a terceira edición do programa “+Benestar” 2026, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de prazas do programa “+Benestar” 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade do programa é fomentar o envellecemento activo e aumentar a calidade de vida das persoas, ao establecer novas relacións sociais e favorecer que participen en actividades que melloren o seu estado anímico, por medio de movementos de participación e cooperación social que promovan espazos de encontro e intercambio de experiencias co fin de evitar o illamento e as situacións de soidade que poidan levar á vulnerabilidade.

Terceira. Orzamento e financiamento

A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos euros (221.700,00 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Cuarta. Persoas beneficiarias

O programa “+Benestar” 2026 contará con 2.127 prazas, das que poderán beneficiarse as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.*
- 2) Ter 55 anos ou máis.*
- 3) Para persoas menores de 55 anos, deberán concorrer nelas algunha das seguintes circunstancias:*
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outros.*



- *Ter aprobada a resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD). Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán acreditar, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, a necesidade dun respiro familiar.*
- 4) *Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) *Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*

Acompañantes:

A persoa solicitante poderá ir acompañada doutra persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra tamén todos os requisitos esixidos na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditarase mediante unha declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da súa veracidade.

Quinta. Descrición e desenvolvemento

Este programa ofrece unha estancia de seis días e cinco noites (con entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de comer) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa (bebidas incluídas: auga e viño) e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, calquera dos establecementos ofertados (anexo II), aínda que a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade. O paquete comprende, ademais de pensión completa (coas bebidas incluídas), o uso do spa, o balneario ou outras instalacións de características similares un mínimo de hora e media ao día; o traslado en autobús aos establecementos desde os municipios de Vigo ou Pontevedra (sempre e cando se reúna un mínimo de quince persoas para a devandita saída); e o traxecto de regreso, aínda que poderán ofertarse outros medios alternativos de transporte segundo se determine na oferta técnica da empresa adxudicataria.

Á hora de confeccionar os menús teranse en conta as características e as necesidades das persoas participantes. Así mesmo, as que por prescrición facultativa requiran unha dieta específica e así o acrediten documentalmente terán ao seu dispor un menú especial.

Con carácter xeral asignarase un cuarto dobre, agás que, por causas non imputables á persoa ou circunstancias debidamente acreditadas documentalmente, esta deba ocupar unha individual. As persoas que demanden expresamente un cuarto individual deberán aboar o custo adicional correspondente, que poderá variar segundo o establecemento de destino.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, que deberá contar con persoal cualificado. Ademais, esta dispoñerá dun servizo de atención ao público por vía telefónica para resolver calquera dúbida que puidese xurdir e deberá adoptar as medidas sanitarias en vigor e informar das normas de conduta e uso das instalacións, así como das coberturas do seguro para o programa.



Este programa executarase entre o cuarto trimestre de 2026 e o primeiro trimestre de 2027; calquera anomalía que se advirta sobre o seu bo desenvolvemento deberá comunicárselle ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Sexta. Réxime económico

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- *2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 €).*
- *30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 €).*

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas residentes en concellos colaboradores do programa (anexo I), cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), perceptoras de pensión non contributiva de xubilación, perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV) ou acrediten estar en situación de risco ou exclusión social a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu municipio de residencia.

A percepción da pensión ou prestación deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

En caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións ou pensión indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra os demais requisitos establecidos.

En caso de que non se cubran as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo II.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes das persoas beneficiarias

Co fin de posibilitar a tramitación electrónica do procedemento e o tratamento automatizado de datos categorizados, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente empregando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que se inclúe a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como de que non está incurso en causas de prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de subvención previstas nos apartados 2 e 3 da LSG.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, a cal deberá imprimirse e asinarse obrigatoriamente para a súa presentación presencial.

Deberán cubrirse todos os apartados da solicitude e asinarase debidamente. No caso de que se presente por medio de representante, deberá achegarse o poder ou a autorización debidamente asinados por ambas as partes.



No caso de persoas que desexen acudir ao programa acompañadas doutra poderán presentar a solicitude de forma conxunta, acompañada do anexo VI “Declaración e comprobación de datos da persoa acompañante” debidamente asinado.

Independentemente da obrigaón de que cada persoa formule a súa propia solicitude de maneira individual ou conxunta con acompañante, quen desexe coincidir nas mesmas datas e no mesmo establecemento hostaleiro con outras persoas ou grupo poderá indicar no apartado “Observacións” da solicitude os datos da persoa ou persoas coas que desexa coincidir.

No modelo de solicitude habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que o autoricen indiquen un número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa mediante unha mensaxe de texto.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Novena. Rexistro de entidades colaboradoras

Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recollidos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

As persoas residentes nas entidades colaboradoras poderán beneficiarse das prazas subvencionadas do réxime especial.

Estas entidades deberán cumprir coas obrigaóns establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento o persoal do Servizo de Benestar Social consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas solicitantes e acompañante, se é o caso.*
- *Certificado de residencia ou volante de empadramento nalgún dos municipios da provincia de Pontevedra da persoa solicitante e da acompañante, no seu caso.*
- *Certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
- *Condición de pensionista do sistema público de Galicia.*

No caso de persoas solicitantes de prazas de réxime especial:

- *Certificado de percepción da RISGA.*
- *Comprobación das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas para consultar o IMV e a condición de persoa pensionista do réxime non contributivo.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun X, e achegar os documentos xustificativos de que reúnen os requisitos da convocatoria.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselle solicitar ás persoas interesadas que os acheguen e, no seu caso, aos concellos colaboradores que remitan os documentos correspondentes, como por exemplo o padrón de habitantes.



Décimo primeira. Documentación

As persoas interesadas deberán presentar, xunto co formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a seguinte documentación, segundo corresponda:

- *No caso de persoas que realicen a solicitude incluíndo outra como acompañante, deberán presentar o anexo VI relativo á declaración do cumprimento de requisitos e comprobación de datos.*
- *En caso de persoas que soliciten o acceso por respiro familiar, deberán presentar a resolución do programa individual de atención no que se lles recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do SAAD. Na súa falta, deberán presentar o informe da traballadora ou o traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello que acredite a necesidade dun respiro familiar.*
- *As persoas que queiran acceder ao réxime especial deberán xustificar ser titulares dunha pensión non contributiva da Seguridade Social, beneficiarias da RISGA ou perceptoras do IMV.*

Calquera documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición da documentación orixinal para cotexala coa copia electrónica entregada.

Os documentos presentados de forma presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra dixitalizaranse para incorporalas ao expediente administrativo electrónico e os orixinais devolveránselles ás persoas interesadas.

Décimo segunda. Relación de solicitudes admitidas

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

No caso das persoas que presenten máis dunha solicitude de participación, sen renunciar a ningunha delas, admitirase aquela que se comprobe que está correctamente presentada. Noutro caso, considerarase a primeira atendendo o rexistro de entrada e excluíranse as demais. Así mesmo, considerarase como suposto de duplicidade, que se resolverán coa aplicación das mesmas regras do apartado anterior, aquelas nas que a persoa solicitante coincida coa persoa acompañante incluída noutra solicitude. As solicitudes presentadas fóra de prazo quedarán directamente excluídas do sorteo.

Unha vez publicada a lista provisional concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este, publicarase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Procedemento de concesión de prazas

A concesión de prazas realízase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, consonte a competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión das prazas de réxime xeral (2.097) e réxime especial (30), levarase a cabo a través de sorteo por medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas establecendo así unha orde de prelación.



Das 2.097 prazas correspondentes ao réxime xeral establece a seguinte reserva de prazas:

- 1.887 prazas a persoas residentes nas entidades colaboradoras co programa*
- 210 prazas a persoas residentes nas entidades non colaboradoras co programa*

No caso de que algunha das reservas anteriores non se cubra por insuficiencia de solicitudes as prazas vacantes poderán ser asignadas a outra reserva, sempre que existan solicitudes suficientes.

Das 30 prazas correspondentes de réxime especial serán beneficiarias persoas residentes nas entidades colaboradoras.

Inicialmente, adxudicaránse un máximo de 2.097 prazas de réxime xeral e 30 prazas de réxime especial. As demais solicitudes quedaran nunha lista de agarda que será única con independencia do concello de residencia das persoas solicitantes.

O sorteo será de carácter público; a data, o lugar e a hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, e incorporárase ao expediente a acta correspondente, na que se identificarán as persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente a ou o xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, a xefa do Servizo de Benestar Social e o secretario da Deputación de Pontevedra (ou persoas en quen deleguen en caso de ausencia), e detallarase a metodoloxía e o resultado do sorteo.

Unha vez realizado, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno; excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

A relación de prazas adxudicadas, así como a lista de agarda, serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.

Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra conta cunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o cal se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo quinta. Procedemento de xestión das prazas adxudicadas

Unha vez adxudicada a praza, o persoal de xestión da empresa adxudicataria poñerase en contacto coas persoas solicitantes co fin de fixar unha data para realizar a estancia, preferentemente nalgunha das indicadas na solicitude.



O persoal da empresa adxudicataria realizará tres chamadas aos teléfonos de contacto sinalados. En caso de non poder contactar, enviarase un correo electrónico ao enderezo indicado ou unha mensaxe ao teléfono móbil a través de calquera aplicación de mensaxería, co fin de que a persoa solicitante contacte coa empresa nun prazo máximo de tres (3) días naturais desde o seu envío. Transcorrido o prazo anterior, e en caso de non ter resposta, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

As persoas que desexen renunciar á súa praza deberán facelo por algún medio que permita a súa constancia:

- Preferentemente por medios electrónicos, a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

- De forma escrita, en resposta á empresa adxudicataria cando esta se poña en contacto con motivo de organizar a estancia. Admitiranse as renuncias a través de correo electrónico, da aplicación de comunicación de mensaxería instantánea que a empresa utilice ou por calquera outro medio que permita a súa constancia, sempre que indique de forma expresa que se trata dunha renuncia e identifique as persoas da unidade familiar ás que lles afecta.

A empresa adxudicataria deberalle achegar cada mes á Deputación de Pontevedra, a través de medios electrónicos, a relación das persoas que renunciaren á praza e aquelas coas que non fose posible contactar, acompañada da documentación que xustifique que se realizou o procedemento indicado nesta base.

Unha vez comprobada a desistencia ou a renuncia á praza, as vacantes serán adxudicadas ás persoas da lista de agarda.

Décimo sexta. Obrigacións das persoas solicitantes

Unha vez acordada a data da estancia, a empresa adxudicataria poderá solicitar o aboamento dunha parte do custo da praza, en concepto de reserva, que non superará o 25 % do prezo total. A contía restante deberase pagar no día e na forma que sinala a empresa en función do procedemento establecido.

Esta cantidade só poderá reintegrarse no caso de que exista un motivo debidamente xustificado antes de iniciarse o gozo da estancia que lle impida á persoa participante asistir.

Serán motivos xustificadas os seguintes:

- Cancelación da actividade ou imposibilidade de prestación nas datas acordadas por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, accidente ou enfermidade grave da persoa beneficiaria ou de familiares de ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá acreditarse mediante informe médico ou hospitalario, segundo proceda.
- Falecemento dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá xustificarse mediante un informe médico, hospitalario ou certificado de defunción, segundo proceda.

Así mesmo, a empresa informará previamente a cada persoa da cantidade que deberá aboar segundo o prezo de adxudicación e unha vez descontada a subvención da Deputación. A forma de pago acordarase coa empresa; preferiblemente, mediante transferencia bancaria e no prazo fixado por esta, aínda que se permitirá calquera medio de pagamento admitido en dereito, sempre que quede constancia efectiva deste e dos datos básicos da persoa e o programa.

As persoas con praza adxudicada que renunciaren a esta deberán facelo constar por escrito para poder adxudicarlle a praza á persoa que corresponda da lista de agarda.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberáselle comunicar ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.



Décimo sétima. Supostos de perda da condición de beneficiaria e reintegro

O incumprimento de obrigacións ou a achega de datos ou documentos falsos ou inexactos coa finalidade de obter unha praza no programa supoñerá:

- *A cancelación da estancia concedida, en caso de que esta circunstancia fose advertida antes de que se goce a estancia.*
- *A obrigación de aboar a totalidade do custo da estancia no caso de que se detectase esta circunstancia tras o seu gozo.*

Todo iso sen prexuízo do réxime sancionador que, no seu caso, resulte aplicable.

Décimo oitava. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo novena. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Décimo vixésima. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de marzo de 2027.

8.35999.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL DO ANEXO I E DO ANEXO III DAS BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E A PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2025079081)

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno de data de 26 de decembro de 2025, aprobáronse as bases reguladoras para o financiamento e prestación das Axudas Básicas de Emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026. Estas publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 6 do 12 de xaneiro de 2026.



Segundo. Advertido o erro no Anexo I, relativo ó cálculo da contía máxima solicitable para o Concello de Oia, e de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2016 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administración Públicas, propónse proceder á rectificación do Anexo I.

Terceiro. Advertido o erro na transcripción de datos do Anexo III, relativo ó cálculo da puntuación sobre a renda dispoñible bruta para os Concellos de menos de 20.000 habitantes e, por conseguinte, no total da puntuación da suma dos ítems dispoñibles: índice de dependencia global, taxa de desemprego e renda dispoñible bruta, de conformidade có establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administración Públicas, propónse proceder á rectificación do Anexo III, das columnas relativas á puntuación sobre a renda dispoñible bruta e a suma total.

Onde di” (...)

Anexo I. Contías máximas dispoñibles

Concellos de 5.000 habitantes ou menos*

	Gasto corrente	Investimento	Total
Oia	6.000,00 €	3.300,00 €	3.300,00 €

Debe dicir “(...)

	Gasto corrente	Investimento	Total
Oia	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €

Onde di “(...)

Anexo III. Indicadores en cifras e puntuación acadada por cada concello

Concello	Índice de dependencia global (2024)	Puntuación	Taxa de desemprego (2022)	Puntuación	Renda dispoñible bruta (2022)	Puntuación	Total
Agolada	84,72	4	6,6 %	2	13.888,00 €	4	10
Arbo	76,24	3	11,8 %	4	14.581,00 €	4	11
Baiona	53,33	1	7,8 %	2	18.190,00 €	1	4
Barro	60,81	2	8,6 %	3	15.929,00 €	2	7
Bueu	55,96	2	7,9 %	2	16.356,00 €	2	6
Caldas de Reis	56,02	2	7,9 %	2	14.718,00 €	3	7
Cambados	52,36	1	7,7 %	2	15.701,00 €	2	5
Campo Lameiro	76,9	3	7,7 %	2	13.849,00 €	3	8
Cañiza, A	68,74	3	10,1 %	3	13.249,00 €	4	10



Catoira	55,1	1	8,2 %	2	15.330,00 €	2	5
Cerdedo-Cotobade	78,16	3	8,6 %	3	13.594,00 €	3	9
Covelo	80,9	4	10,7 %	3	12.303,00 €	4	11
Crecente	83,1	4	11,4 %	4	12.055,00 €	4	12
Cuntis	70,06	3	8,3 %	2	15.353,00 €	2	7
Dozón	81,4	4	3,4 %	1	10.068,00 €	4	8
Forcarei	90,31	4	5,9 %	2	13.226,00 €	3	9
Fornelos de Montes	71,16	3	14,0 %	4	12.709,00 €	3	10
Gondomar	50,08	1	7,7 %	2	16.916,00 €	2	5
Grove, O	53,39	1	7,3 %	2	15.188,00 €	2	5
Guarda, A	56,98	2	7,9 %	2	14.926,00 €	3	7
Illa de Arousa, A	51,14	1	5,5 %	1	14.341,00 €	2	4
Lama, A	70,66	3	8,2 %	2	10.827,00 €	4	9
Meaño	58,94	2	6,9 %	2	14.938,00 €	3	7
Meis	62,07	2	7,7 %	2	14.296,00 €	3	7
Moaña	53,63	1	9,3 %	3	16.496,00 €	2	6
Mondariz	68,46	3	12,0 %	4	13.587,00 €	3	10
Mondariz-Balneario	50,21	1	9,2 %	3	13.829,00 €	3	7
Moraña	63,74	2	7,9 %	2	13.884,00 €	3	7
Mos	52,79	1	7,8 %	2	15.235,00 €	2	5
Neves, As	65,14	2	12,9 %	4	13.678,00 €	3	9
Nigrán	54,66	1	7,2 %	2	20.606,00 €	1	4
Oia	65,23	2	8,4 %	2	14.679,00 €	3	7
Pazos de Borbén	60,98	2	11,3 %	4	13.930,00 €	3	9
Poio	51,33	1	7,6 %	2	18.087,00 €	1	4
Ponte Caldelas	59,71	2	10,5 %	3	14.179,00 €	3	8
Pontecesures	45,05	1	8,6 %	3	16.210,00 €	2	6
Portas	65,48	2	8,4 %	2	13.870,00 €	3	7
Ribadumia	54,13	1	5,9 %	2	15.396,00 €	3	6
Rodeiro	81,5	4	4,3 %	1	14.574,00 €	4	9
Rosal, O	55,35	1	8,8 %	3	14.634,00 €	3	7
Salceda de Caselas	46,69	1	8,7 %	3	15.199,00 €	2	6
Salvaterra de Miño	55,22	1	9,6 %	3	14.286,00 €	3	8



Sanxenxo	56,38	2	5,9 %	2	16.816,00 €	2	6
Silleda	65,42	2	5,6 %	1	14.657,00 €	3	6
Soutomaior	49,9	1	9,6 %	3	15.007,00 €	2	6
Tomiño	52,5	1	8,7 %	3	14.767,00 €	3	7
Tui	52,84	1	8,9 %	3	14.810,00 €	2	6
Valga	54,68	1	7,8 %	2	14.355,00 €	3	6
Vila de Cruces	76,4	3	6,5 %	2	13.702,00 €	3	8
Vilaboa	62	2	7,1 %	2	15.104,00 €	2	6
Vilanova de Arousa	59,05	2	8,6 %	3	14.367,00 €	3	8

Debe dicir “(...)

Anexo III. Indicadores en cifras e puntuación acadada por cada concello

Concello	Índice de dependencia global (2024)	Puntuación	Taxa de desemprego (2022)	Puntuación	Renda dispoñible bruta (2022)	Puntuación	Total
Agolada	84,72	4	6,6 %	2	13.888,00 €	3	9
Arbo	76,24	3	11,8 %	4	14.581,00 €	2	9
Baiona	53,33	1	7,8 %	2	18.190,00 €	1	4
Barro	60,81	2	8,6 %	3	15.929,00 €	2	7
Bueu	55,96	2	7,9 %	2	16.356,00 €	2	6
Caldas de Reis	56,02	2	7,9 %	2	14.718,00 €	2	6
Cambados	52,36	1	7,7 %	2	15.701,00 €	2	5
Campo Lameiro	76,9	3	7,7 %	2	13.849,00 €	3	8
Cañiza, A	68,74	3	10,1 %	3	13.249,00 €	3	9
Catoira	55,1	1	8,2 %	2	15.330,00 €	2	5
Cerdedo-Cotobade	78,16	3	8,6 %	3	13.594,00 €	3	9
Covelo	80,9	4	10,7 %	3	12.303,00 €	3	10
Crecente	83,1	4	11,4 %	4	12.055,00 €	3	11
Cuntis	70,06	3	8,3 %	2	15.353,00 €	2	7
Dozón	81,4	4	3,4 %	1	10.068,00 €	4	9
Forcarei	90,31	4	5,9 %	2	13.226,00 €	3	9
Fornelos de Montes	71,16	3	14,0%	4	12.709,00 €	3	10
Gondomar	50,08	1	7,7 %	2	16.916,00 €	1	4
Grove, O	53,39	1	7,3 %	2	15.188,00 €	2	5
Guarda, A	56,98	2	7,9 %	2	14.926,00 €	2	6



Illa de Arousa, A	51,14	1	5,5 %	1	14.341,00 €	2	4
Lama, A	70,66	3	8,2 %	2	10.827,00 €	4	9
Meaño	58,94	2	6,9 %	2	14.938,00 €	2	6
Meis	62,07	2	7,7 %	2	14.296,00 €	2	6
Moaña	53,63	1	9,3%	3	16.496,00 €	2	6
Mondariz	68,46	3	12,0 %	4	13.587,00 €	3	10
Mondariz-Balneario	50,21	1	9,2 %	3	13.829,00 €	3	7
Moraña	63,74	2	7,9 %	2	13.884,00 €	3	7
Mos	52,79	1	7,8 %	2	15.235,00 €	2	5
Neves, As	65,14	2	12,9 %	4	13.678,00 €	3	9
Nigrán	54,66	1	7,2 %	2	20.606,00 €	1	4
Oia	65,23	2	8,4 %	2	14.679,00 €	2	6
Pazos de Borbén	60,98	2	11,3 %	4	13.930,00 €	3	9
Poio	51,33	1	7,6 %	2	18.087,00 €	1	4
Ponte Caldelas	59,71	2	10,5 %	3	14.179,00 €	2	7
Pontecesures	45,05	1	8,6 %	3	16.210,00 €	2	6
Portas	65,48	2	8,4 %	2	13.870,00 €	3	7
Ribadumia	54,13	1	5,9 %	2	15.396,00 €	2	5
Rodeiro	81,5	4	4,3%	1	14.574,00 €	2	7
Rosal, O	55,35	1	8,8%	3	14.634,00 €	2	6
Salceda de Caselas	46,69	1	8,7 %	3	15.199,00 €	2	6
Salvaterra de Miño	55,22	1	9,6 %	3	14.286,00 €	2	6
Sanxenxo	56,38	2	5,9 %	2	16.816,00 €	1	5
Silleda	65,42	2	5,6 %	1	14.657,00 €	2	5
Soutomaior	49,9	1	9,6 %	3	15.007,00 €	2	6
Tomiño	52,5	1	8,7 %	3	14.767,00 €	2	6
Tui	52,84	1	8,9 %	3	14.810,00 €	2	6
Valga	54,68	1	7,8 %	2	14.355,00 €	2	5
Vila de Cruces	76,4	3	6,5 %	2	13.702,00 €	3	8
Vilaboa	62	2	7,1%	2	15.104,00 €	2	6
Vilanova de Arousa	59,05	2	8,6 %	3	14.367,00 €	2	7

Cuarto. Con data 21 de xaneiro de 2026, Secretaría e Intervención emiten informe favorable respectivamente. (CSV: GJ0XTO1IBG6L3OUR e CSV: R04XR68EB7JFX32J)



- PROPOSTA DE ACORDO:

Considerando que o órgano competente é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano que aprobou as citadas bases, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a corrección de erro material do Anexo I e do Anexo III das bases reguladoras para o financiamento e a prestación das Axudas Básicas de Emerxencia nos Servizos Sociais Comunitarios para o ano 2026.

O Anexo I e o Anexo III figuran asinados dixitalmente (CSV: WSKJXC5WQKEGC44X e CSV: WUTMLGK3YHLE0TDF).

9.36000.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DA BAIXA AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 - INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA NOS CAMIÑOS DE BIDUEIROS-LAXOSA E VELPELLOS-SANTA COMBA”. (EXPTE. 2025072085)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- De conformidade coa base reguladora trixésima do Plan + Provincia 2024, de producirse baixas definitivas, o concello beneficiario poderá solicitar a utilización desas baixas para a súa aplicación no financiamento de novos investimentos, sempre e cando o importe individual ou acumulado da baixa e do proxecto sexa igual ou superior a 10.000 €. Polo tanto, permítese a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de dez mil (10.000,00) €. Os aforros por liquidación poden incrementárselle ao importe da baixa definitiva.
- De non acadarse o importe mínimo de dez mil (10.000,00) €, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento, en concreto:
 - No financiamento das asistencia técnicas ou de calquera gasto inherente á execución da obra, sempre e cando estes gastos non estean contemplados no acordo ou na resolución de concesión da subvención e fosen obxecto dunha contratación externa.
 - No financiamento da liquidación.
 - Cando se trate dun investimento cofinanciado, na minoración da achega municipal

Nestes casos, o Concello comunicarlle formalmente á Deputación o emprego da baixa no financiamento dalgún ou da totalidade dos custos anteriores. Non será necesaria a resolución ou o acordo do órgano



competente da Deputación no que se autorice o seu emprego e aboarase xunto coa certificación final ou liquidación.

Excepcionalmente, permítese a acumulación e aplicación das baixas definitivas a favor do Concello, con independencia do importe do remanente acumulado, cando o seu obxecto sexa minorar ou financiar as achegas municipais de calquera obra incluída inicialmente no Plan + Provincia 2024, ao considerar que estas obras non teñen a consideración de novos investimentos. Estas achegas poden estar contempladas no acordo ou na resolución pola que se concede a subvención; poden ser froito dunha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto cando a devandita reformulación implica un incremento do custo do proxecto; ou poden ser a causa da tramitación dun modificado ou dunha liquidación. Nestes casos, a Deputación ditará o acordo ou a resolución que corresponda no que se autorice o emprego da baixa.

- O Concello de Agolada, tras a xustificación de diversas actuacións conta cun remanente ao seu favor detallado como se indica na seguinte táboa:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCION	REMANENTE
SUBMINISTRACION DUN VEHICULO TIPO TRACTOR CON DESTINO A AREA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS-EXP: 2024021532	45.000,00	45.000,00	230,00
MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO – PISTAS EN ALDEA DO MONTE – BIDUEIROS – QUINTELA-EXP 2024021630	413.119,72	413.119,72	84.000,65
TOTAL REMANENTE			84.230,65

- Neste contexto, en data 31/10/2025, por rexistro WEB2025075597, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, petición do Concello de Agolada na que solicita, formalmente, o reinvestimento de parte da baixa, en concreto 84.146,10€, no financiamento dunha nova actuación “Mellora nos Camiños de Bidueiros-Laxosa e Velpellos-Santa Comba”, cun orzamento por importe de 84.146,10€, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2024	84.146,10	84.146,10	0,00	0,00

- O orzamento de 84.146,10€ contempla 81.680,40€ de execución de obra e 2.465,70€ de honorarios técnicos.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 11/12/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Bases Reguladoras 30ª e 31ª do Plan + Provincia 2024 que lexítima que o concello poida pedir o reinvestimento das baixas definitivas e as baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final ou a certificación de liquidación e á xustificación total do investimento. Neste caso, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado, dun exceso de medición ou das asistencias técnicas non contempladas no acordo ou na resolución de adxudicación. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade. Con carácter excepcional atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/12/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 11/12/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Agolada* CIF P3602000F a cantidade de 84.146,10€, por reinvestimento de baixa, con destino ao financiamento do investimento “Mellora nos Camiños de Bidueiros-Laxosa e Velpellos-



Santa Comba” (Exp.:2025072085) cun orzamento polo importe de 84.146,10€, correspondendo 81.680,40€ á execución de obra e 2.465,70€ aos honorarios técnicos, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	84.146,10	84.146,10	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificado o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.36001.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA Á ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RADIO VIGO, S.A.U. PARA A ANUALIDADE 2026. (EXPTE. 2025068964)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.



Por Resolución Presidencial de data 09/09/2025, número 2025007362 foi aprobado o Plan de Comunicación 2026 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros á emisora Radio Vigo como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2026, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do Presidente provincial, propón, mediante informe de data 19/12/2025, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2026, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 125.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT nº 12025000255759 por importe de 125.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial 2026, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 21/01/2026, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP) , e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 09/01/2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 13/01/2026 informa favorablemente o expediente.

Visto que con data 14/01/2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 21/01/2026 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto



con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414) para a anualidade 2026.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 125.000,00 euros.

O valor estimado é de 103.305,79 euros.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 65W5T3251RBLIOG2) e de prescricións técnicas (CSV: 9JVJPHOE2WOU36R8) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 125.000,00€ a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

11.36002.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9703 VILANOVA DE AROUSA-PONTE ARNELAS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+530, E NA E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 8+800 AO P.Q. 9+218. (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)". (EXPTE. 2025069652)

Resultando.-Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 9703 VILANOVA DE AROUSA-PONTE ARNELAS e a E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS que percorren o termo municipal de Vilanova de Arousa pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.493 e 9.218 metros respectivamente.



Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas, comprendido entre os P.P.Q. 0+000 e P.Q. 2+530 da E.P.9703 VILANOVA DE AROUSA – PONTE ARNELAS, e os P.Q. 8+800 e P.Q. 9+218 da E.P. 9701 BAIÓN – ANDRÁS, sendo a actuación dun total de 2.948,00 metros de lonxitude, resulta necesario proceder á reposición do firme existente mediante fresado e posterior extensión dunha capa de mestura bituminosa en quente, mellorar a drenaxe superficial do treito mediante a execución de cunetas transitables de formigón, en diferentes treitos ao longo da totalidade do ámbito de actuación, con entubación das cunetas mediante execución dunha nova rede de pluviais para evacuar as choivas os días de fortes precipitacións, así como mellorar a sinalización horizontal e vertical da vía, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000011315 por importe de 1.286.642,71 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/12/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, redactado por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 9U4CR3UP42X241LH, informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da



LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Antes do comezo das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: CAMO99CLZKQKQJXS, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións postas de manifesto, infórmase favorablemente o expediente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizárase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)"* cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.063.341,08 €
IVE (21%).....	223.301,63 €
Importe Total.....	1.286.642,71 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV: VUJT9T96G8RS83B5), e de prescricións técnicas con código (CSV MYL4HPD1L1OV90PA), que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.286.642,71€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

12.36003.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4001 DENDE O P.Q. 0+810 ATA O P.Q. 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS)". (EXPTE.- 2024078759)

Resultando.- Que a estrada EP – 4001, cuxa titularidade pertence á Deputación de Pontevedra, ten unha lonxitude total de 8.150 metros e discorre integramente polo concello pontevedrés de Pontearreas.

Resultando.- Que o treito da estrada EP – 4001 desde o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710, localízase entre o núcleo urbano de Pontearreas, desde a intersección coa rúa de acceso ao IES Pedra da Auga, e o núcleo rural de A Gaíosa, na parroquia de Fontenla, cubrindo uns 900 metros. Este tramo atópase nun entorno urbanizado con edificacións e peches en ámbalas marxes da vía, pero presenta as características dunha estrada rural. Conta cunha sección de 6,00 metros de ancho medio e dous carrís de circulación. Dispón de beirarrúas só nos primeiros 130 metros do percorrido.



Resultando.- Que compre realizar actuacións que dean prioridade ao tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas e creando zonas de convivencia cando o ancho das mesmas non permita o cumprimento das condicións de accesibilidade. Así mesmo, cómpre incrementar a seguridade da estrada con pasos de peóns elevados e redutores físicos de velocidade como ferramentas de calmado do tráfico rodado. En definitiva, actuacións que permitan unha contorna segura tanto para os cidadáns como para os visitantes. En aras da mellora da eficiencia enerxética nos servizos, cómpre a renovación do alumeadado do tramo substituíndo o actual por tecnoloxía LED.

Resultando.- Que o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é unha folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego. O citado Plan inclúe investimentos e un amplo conxunto de reformas estruturais que se interrelacionan e retroalimentan para lograr catro obxectivos transversais: avanzar cara a unha España máis verde, máis dixital, máis cohesionada desde o punto de vista social e territorial e máis igualitaria

Resultando.- Que no PRTR, como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (14.I1), Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) son concibidos como proxectos que permiten ás entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixes previstos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

Resultando.- Que no marco da convocatoria extraordinaria, a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sustentabilidade Turística en Destino Condado - Paradanta – Unha Terra entre Ríos" (PSTD Condado Paradanta, en diante). A súa concesión foi ratificada a través da Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo.

Resultando.- Que o PSTD Condado-Paradanta prevé dispoñer dunha estratexia de turismo sostible como ferramenta de dinamización territorial que permita dar profundidade, calidade e variedade á oferta, activando recursos culturais e naturais, e mellorando a calidade das experiencias en destino.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Infraestruturas a necesidade do acondicionamento da estrada EP-4001 ó longo duns 900 metros, entre o núcleo urbano de Pontearcas e o núcleo rural de A Goiasa, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que o proxecto de mellora da mobilidade peonil concíbese como elixible enmarcado na actuación 4 do eixe 2 do PRTR que recolle as actuacións de mitigación do cambio climático, actuacións dirixidas a reducir a enerxía necesaria para proporcionar produtos e servizos turísticos, limitando a contaminación por carbono e estimulando a transición cara á enerxía renovables, así como accións de mobilidade sostible.



Resultando.- Que Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola, enxeñeira Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

Resultando.- Que con data 18/02/2025 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas, convenio de colaboración para levar a cabo a execución da Actuación 4 “Plan Integral de Mobilidade en Destino” no marco do eixo 2 “Eficiencia enerxética”- Proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)” no marco do PRTR compoñente 14- Plan de Sostenibilidade Turística en Destino”, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que na súa cláusula 4 que será obriga de Deputación de Pontevedra, licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos na memoria descritiva do proxecto.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Turismo e a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000005309 por importe de 336.544,04 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/4456.4530.612.02.2021 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, pola achega de Deputación e documento RC número 12025000206759, por importe de 392.686,02 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, polas cantidades restante correspondente co gasto financiado polo PRTR e o Concello de Pontearreas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 14 de novembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-PRTR”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de novembro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/12/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Pontearreas)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja, con data 16 de decembro de 2025, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao de data 16 de decembro de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710 (Concello de Pontearreas)-

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	548.610,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	545.355,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	595.015,57 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	557.288,46 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	586.759,00 €	2,00%	0 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	541.257,45 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta formulada pola empresa NAROM, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.



Resultando.- Que unha vez transcorrido o prazo establecido para xustificar o prezo da oferta, á citada empresa non atendeu ó requirimento, polo que non se debe de ter en conta a efectos de valorar as ofertas de acordo cos criterios de adjudicación automática establecidos no prego de cláusulas administrativas que rexe no procedemento.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 08/01/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	29,49	5,00	5,00	5,00	44,49
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	31,12	5,00	5,00	5,00	46,12
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	4,34	5,00	5,00	5,00	19,34
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	25,12	5,00	5,00	5,00	40,12
HORDESCON, S.L.	9,01	0,00	2,50	5,00	16,51

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	46,12	65,12
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.	16,00	44,49	60,49
3	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	40,12	58,12



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
4	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	19,34	42,34
5	HORDESCON, S.L.	14,00	16,51	30,51

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., que acadou a máxima puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado de 659.880,28 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (CIF B36258861), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 27.267,78 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 16/01/2026 con número de operación 12026000014562.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 2IZ8XRAJ4HGV7VIN, informe emitido pola Axencia Tributaria de risco de conflitos de interese, no que se recolle que non se detectou a existencia de risco de conflito de interese.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa



AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente con CSV: BWBP0PQW4M550LL5, á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)", por un importe estimado de 5.036,20 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) G0ZQPI4IMHCTVE5Bno que se recolle que aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000017235.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa Construcciones Fechi, S.L.U (CIF B36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	545.355,60 €
IVE (21%)	114.524,68 €
Importe Total.....	659.880,28 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2024 e 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024078759.

3. Nomear directora de obra ó enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.
4. Adxudicar á empresa Aquatica Ingenieria Civil, S.L. (CIF B36962314) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)", por un importe de 5.036,20 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	4.162,15 €
IVE (21%).....	874,05 €
Importe Total.....	5.036,20 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025077311.



13.36004.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS E MATERIAL TÉCNICO PARA O SECUENCIADOR ABI3500 GENETIC ANALYZER DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO. (EXPTE. 2025064206)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 12/12/2025 acordou a aprobación do expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para o secuenciador ABI3500 Genetic Analyzer da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 15/12/2025. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 08/01/2026, procedeu á apertura dos sobres únicos, correspondentes a documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, e a continuación efectuouse a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego (Certificado da Mesa de Contratación de apertura dos sobres únicos, co CSV nº NOQV6I1HBCFB35SE).

Resultando.- Que en base ó anterior, a Mesa de Contratación acordou: aprobar a clasificación final das ofertas presentadas polos licitadores; propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor da empresa LIFE TECHNOLOGIES SA (CIF A28139434) que acada a mellor puntuación; e facultou ao secretario da mesma para que procedera a requirirle, mediante comunicación electrónica, para que presentara a documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece) quedando acreditado, ó tenor do recollido no mesmo, a súa capacidade de obrar, o poder do representante, e a ausencia de prohibicións de contratar. Así mesmo polo persoal técnico do Servizo de contratación compróbase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade social e de alta no IAE.

Resultando.- Que con data 12 de decembro de 2025, o Secretario da Mesa de contratación requiriu mediante notificación electrónica a empresa LIFE TECHNOLOGIES SA (CIF A28139434) (con nº rexistro de saída NOT2026000447) para que no prazo de 7 días hábiles remita a restante documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da LCSP.



Resultando.- Que a empresa LIFE TECHNOLOGIES SA (CIF A28139434) presentou a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2026001879), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.154,67€ segundo se acredita mediante carta de pago con núm. operación 12026000013820.

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a “Subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para o secuenciador ABI3500 Genetic Analyzer da Estación Fitopatolóxica de Areeiro” á empresa Life Technologies SA (CIF A28139434) de acordo co seguinte:

Os prezos unitarios de cada produto obteranse aplicando a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa aos prezos unitarios de licitación de cada produto que se especifican no Anexo V do prego de cláusulas económico-administrativas.

O importe ofertado pola empresa (calculado en función das unidades estimadas) é o seguinte:

- Importe sen o IVE: 103.093,34 €
- IVE (21 %): 21.649,60 €
- Importe total ofertado: 124.742,94 €

Sendo polo tanto os prezos unitarios ofertados os seguintes:



REACTIVOS (PRODUTOS FARMACEÚTICOS)	Referencia	Prezos unitarios (sen iva)	IVE (21 %)	Prezos unitarios (IVE engadido)
Conditioning Reagent, 3500 Series (Applied Biosystems™)	4393718	37,84 €	7,95 €	45,78 €
POP-7™ Polymer for 3500/3500xL Genetic Analyzers (Applied Biosystems™)	4393714	588,09 €	123,50 €	711,59 €
BigDye™ Terminator v3.1 Cycle Sequencing Kit (Applied Biosystems™)	4337455	1.691,63 €	355,24 €	2.046,88 €
Anode Buffer Container (ABC) 3500 Series (Applied Biosystems™)	4393927	119,16 €	25,02 €	144,18 €
Cathode Buffer Container (CBC) 3500 Series (Applied Biosystems™)	4408256	169,12 €	35,51 €	204,63 €
Hi-Di™ Formamide 5ml (Applied Biosystems™)	4401457	33,97 €	7,13 €	41,10 €
Gene Scan™ 500 LIZ Size Standard (Applied Biosystems™)	4322682	804,73 €	168,99 €	973,72 €
Kit de patrón de matriz DS-33 (Applied Biosystems™)	4345833	277,31 €	58,23 €	335,54 €
MATERIAL TÉCNICO				
3500 Dx Genetic Analyzer 8-Capillary Array, 36 cm (Applied Biosystems™)	4404682	1.944,11 €	408,26 €	2.352,38 €
MicroAmp™ Optical 96-Well Reaction Plate (Applied Biosystems™)	N8010560	65,52 €	13,76 €	79,28 €

Non obstante, a relación de reactivos e material técnico a subministrar non será limitativo no seu número de tal modo que a Estación Fitopalóxica, en función das necesidades, poderá solicitar un maior ou menor número de cada produto reflectido no prego, sempre que non se exceda o orzamento máximo de licitación do contrato.

Este feito está xustificado en que as necesidades veñen supeditadas e condicionadas polo número de mostras de material vexetal e tipoloxía de analíticas que particulares, administracións e empresas soliciten analizar cada anualidade.



O prazo de duración do contrato establécese desde a data de formalización e ata o 31/12/2028.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato, financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2026	26/413.4123.221.06	34.915,40€
	26/413.4123.221.15	7.625,60€
2027	27/413.4123.221.06	34.915,40€
	27/413.4123.221.15	7.625,60€
2028	28/413.4123.221.06	34.915,40€
	28/413.4123.221.15	7.625,60€
TOTAL		127.623,00 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

O prezo do contrato establécese por prezos unitarios.

O pago a empresa adxudicataria realizarase contra as facturas emitidas trala realización de cada pedido e unha vez recibido e supervisado o material polos técnicos da Estación Fitopatolóxica de Areeiro. As facturas deberán ser conformadas pola xefatura do servizo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

A estes efectos, cada subministración entregárase co correspondente albarán no que se identificará con claridade o tipo e a cantidade dos bens entregados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2025064206
Órgano xestor:	LA0006121	Unidade tramitadora:	LA0006135
		Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsables do contrato: Pilar Vela Fernández, xefa da Estación Fitopatolóxica Areeiro ou persoa en quen delegue.

As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.36005.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON LÉREZ EDICIONES, S.L. PARA A ANUALIDADE 2026. (EXPTE. 2025076118)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizos publicitarios con LÉREZ EDICIONES, S.L. para a anualidade 2026, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. (CIF B36003549).



No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 23 de decembro de 2025, á empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. (CIF B36003549), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 5 de xaneiro de 2026 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
LÉREZ EDICIONES, S.L. (CIF B36003549).	140.495,87 €	0,000 puntos

Mediante Resolución Presidencial RP2026000028 de data 08/01/2026, requiriuse a Lérez Ediciones, S.L. (B36003549), como empresa proposta para a adxudicación, que presentase a documentación necesaria para a adxudicación do contrato, sendo presentada a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra WEB2026002106 con data 14/01/2026, quedando polo tanto debidamente acreditada a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.024,79 € (carta de pago núm. 12026000014178 de data 14/01/2026), cumprindo así cos requisitos establecidos nos pregos.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato “Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L. para a anualidade 2026”, á empresa Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549), polos prezos e valores ofertados, e de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: BAPF3OJZUN3U0CUP).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	170.000 €
------------------------	-----------



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas por insercións publicitarias realizadas que deberán ser aprobadas pola persoa responsable do contrato, unha vez acreditada a conformidade dos servizos prestados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025076118	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



15.36006.- ADMISIÓN DA EMPRESA ARDORA COMUNICACIÓN S.L.U (NIF: B70159587) NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN APROBADO PARA RACIONALIZAR A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PUBLICACIÓNS E ELEMENTOS DIVULGATIVOS. (EXpte. 2025050606).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025, aprobou o expediente para implementar un sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24 de setembro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Na sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025 a Xunta de Goberno acordou admitir ás seguintes empresas nas distintas categorías do sistema dinámico:

Categoría I: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
3. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
4. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
5. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
6. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría II: Preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos.

1. Agencia Gráfica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Bolfer, SL (NIF: B36004943)



4. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
5. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
6. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
7. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
8. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría III: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
3. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
4. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
5. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Categoría IV: Preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Agencia Grafica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
4. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
5. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
6. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
7. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Tendo en conta o anterior, a mesa de Contratación, na reunión celebrada día 22 de xaneiro de 2026, procedeu á avaliación da candidatura presentada pola empresa Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587), e acordou seleccionar á citada empresa por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría I, II, III e IV do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1. Admitir á empresa Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587) na Categoría I, II, III e IV do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.

2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

3. A data de comezo indicárase no documento de formalización e estará en vigor ata o 31 de decembro de 2026. Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada una delas.

Unha vez aceptada a proposta anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
3. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
4. Producciones Míc, S.L. (NIF: B24301871)
5. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
6. Taktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)
7. Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587)

Categoría II: Preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos.

1. Agencia Gráfica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
4. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
5. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)



6. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
7. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
8. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)
9. Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587)

Categoría III: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
3. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
4. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
5. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)
6. Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587)

Categoría IV: Preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Agencia Gráfica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
4. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
5. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
6. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
7. Táktika Comunicación S.L (NIF: B36852846)
8. Ardora Comunicación SLU (NIF: B70159587)

16.36007.- DAR CONTA DA RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA ASOCIACIÓN DE CCUU DE AUGAS OUTEIRO, CORUTO E RABADEIRO, DO CONCELLO DE RIBADUMIA. (EXPTE.2025009838)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA



2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Asociación de CCUU de augas Outeiro, Coruto e Rabadeiro, do concello de Ribadumia con CIF G36331551, concedéronse 9.998,87 euros. Sen embargo, en data 02/01/2026 mediante rexistro WEB2026000120 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Para a última solicitude que obteña subvención, o importe subvencionable será igual á cantidade restante ata o esgotamento do crédito, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía unha subvención polo importe restante non subvencionado, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos



- 2, 3, 4 3 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persoándose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 02/01/2026, a Asociación de CCUU de augas Outeiro, Coruto e Rabadeiro, do concello de Ribadumia con CIF G36331551 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026000120) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Asociación de CCUU de augas Outeiro, Coruto e Rabadeiro, do concello de Ribadumia con CIF G36331551, á subvención concedida de 9.998,87 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.998,87 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 09/01/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 20/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aceptar a renuncia da Asociación de CCUU de augas Outeiro, Coruto e Rabadeiro, do concello de Ribadumia con CIF G36331551, á subvención concedida de 9.998,87 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 9.998,87 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

17.36008.- DAR CONTA DA RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE BUDIÑO CRUZ, DO CONCELLO DE O PORRIÑO. (EXPTE. 2025015313)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou, o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións dentro do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios de entre as 280 solicitudes que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa (2.350.000,00€).

Terceiro.- Á Comunidade de usuarios de augas de Budiño Cruz, do concello de O Porriño con CIF G36148393, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 15/01/2026 mediante rexistro WEB2026002570 renuncia formalmente á subvención concedida.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrência competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefatura do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranter que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a



orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.

CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.



Con suxeición ao antedito, en data 15/01/2026, a Comunidade de usuarios de augas de Budiño Cruz, do concello de O Porriño con CIF G36148393 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2026002570) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de augas de Budiño Cruz, do concello de O Porriño con CIF G36148393, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 16/01/2026, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 20/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aceptar a renuncia da Comunidade de usuarios de augas de Budiño Cruz, do concello de O Porriño con CIF G36148393, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2026/942.4590.789.07.25.



18.36009.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16 PARA A “LIÑA 1: ACTIVIDADE DE POSTA EN VALOR DA ARQUITECTURA” DO CONCELLO DE BARRO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025046296)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025

Segundo.- En data 09 de Xuño de 2025, Sheila García Prado, en representación da ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16 (NIF: G94155298) presenta solicitude para “Liña 1: Actividade de Posta en Valor da Arquitectura”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.500,40€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16, do concello de Barro (NIF: G94155298) unha subvención de 892,49€ para “Liña 1: Actividade de Posta en Valor da Arquitectura” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 02 DE Xaneiro de 2026 e número de rexistro WEB2026000172, a ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16 de Barro, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de cumprir os prazos de execución estipulados.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 14 de Xaneiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada polo ASOCIACION CULTURAL COLECTIVO ESPAZO 16 (NIF: G94155298) documento con CSV: ZABYOMDN9ST8UOSB.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo Asociación Cultural Colectivo Espazo 16 (NIF:G94155298) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 892,49 € para a realización da actividade da “Liña 1: Actividade de Posta en Valor da Arquitectura” (documento co CSV:03JH6O9XBO720BKC).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

19.36010.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO FÉLIX DE XESTA PARA A “LIÑA 1: UNHA XESTA DE NADAL” DO CONCELLO DE LALÍN APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE.2025046434)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025

Segundo.- En data 09 de Xuño de 2025, Paula Fernández García, en representación da ASOC DE VECINOS SAN PEDRO FELIX DA XESTA (NIF: G36265320) presenta solicitude para “Liña 1: Unha xesta de nadal”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.820,00€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOC. DE VECINOS SAN PEDRO FELIX DA XESTA, do concello de Lalín (NIF: G36265320) unha subvención de 697,26 € para “Liña 1: Unha xesta de nadal” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 15 de Decembro de 2025 e número de rexistro WEB2025085622, a ASOC. DE VECINOS SAN PEDRO FELIX DA XESTA de Lalín, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque a asociación non pode facerse cargo da contía total das actividades.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 14 de Xaneiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC. DE VECINOS SAN PEDRO FELIX DA XESTA (NIF: G36265320) documento con CSV: ZYUJSZD24KSP8889



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa



aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc. de Vecinos San Pedro Felix da Xesta (NIF:G36265320) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 697,26 € para a realización da actividade da “Liña 1: Unha xesta de nadal” (documento co CSV:SLR6URN1N7D64EFK).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

20.36011.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN C. MARIÑO SALNÉS PARA A “LIÑA 1: EXPOSICIÓN: A CARPINTERÍA DE RIBEIRA E DE CAMBADOS NO SÉCULO XX” DO CONCELLO DE CAMBADOS APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025046629)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025

Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Rubén González González, en representación de C. MARIÑO SALNÉS (NIF: G36319721) presenta solicitude para “Liña 1: Exposición: A carpintería de Ribeira e de Cambados no século XX”, presentando emenda da solicitude o 03 de Xullo de 2025, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.381,28€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle a C. MARIÑO SALNÉS, do concello de Cambados (NIF: G36319721) unha subvención de 976,16 € para “Liña 1: Exposición: A carpintería de Ribeira e de Cambados no século XX” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 19 de Decembro de 2025 e número de rexistro WEB2025086572, C. MARIÑO SALNÉS de Cambados, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de atopar fontes de financiamento alternativas que complementen a axuda concedida.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 14 de Xaneiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada por C. MARIÑO SALNÉS (NIF: G36319721) documento con CSV: YJBIUVLXE61TTOMF.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración



local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por C. Mariño Salnés (NIF: G36319721) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 976,16 € para a realización da actividade do “Liña 1: Exposición: A carpintería de Ribeira e de Cambados no século XX” (documento co CSV:8GEX4770JZJPOYAJ).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

21.36012.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO “PROXECTO DE MELLORA PATRIMONIAL DO CASTELO DE SOUTOMAIOR A TRAVÉS DA ILUMINACIÓN, DA ACCESIBILIDADE E DO USO DE TECNOLOXÍAS DE REALIDADE VIRTUAL”, FINANCIADO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DE DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CON USO TURÍSTICO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – NEXTGENERATIONEU. (EXPTE. 2023029628)

Mediante Resolución definitiva da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria e Turismo, notificada con data 20 de decembro de 2024, concedeuse á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de 2.514.122,00 euros para a execución do proxecto «Proxecto de mellora



patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, da accesibilidade e do uso de tecnoloxías de realidade virtual», ao abeiro da Orde ICT/1363/2022, de 22 de decembro.

Con posterioridade á resolución de concesión, aprobouse o Real Decreto-lei 12/2025, de 28 de outubro, debidamente convalidado polo Congreso dos Deputados, que habilita a ampliación dos prazos de execución e xustificación das actuacións financiadas ao abeiro da citada orde, fixando como nova data máxima de execución o 31 de maio de 2026 e como prazo límite de xustificación o 30 de xuño de 2026.

Tendo en conta o estado de execución do proxecto e das licitacións tramitadas no seu marco, procede solicitar formalmente a ampliación do prazo de execución e xustificación ao órgano concedente, ao abeiro da normativa indicada.

Visto o informe-proposta da Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, emitido para este efecto, e o informe favorable de Intervención, emitido con carácter previo.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e á normativa de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Primeiro. Solicitar á Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria e Turismo a ampliación do prazo de execución do proxecto «Proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, da accesibilidade e do uso de tecnoloxías de realidade virtual», correspondente ao expediente PHT-020000-2022-170, ata o 31 de maio de 2026, ao abeiro do disposto no Real decreto lei 12/2025, de 28 de outubro.
- Segundo. Solicitar, así mesmo, a ampliación do prazo de xustificación da subvención ata o 30 de xuño de 2026, sen que dita ampliación supoña modificación do obxecto, do orzamento nin das condicións esenciais da subvención concedida.

22.36013.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 8.35791 DO DÍA 21/11/2025 QUE MODIFICA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 2.34165 DO DÍA 30/08/2024, POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA CONSISTORIAL PARA AULAS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES”, POR VARIACIÓN DO CADRO DO FINANCIAMENTO. (EXPTE. 2024021647)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Logo da xustificación de investimentos subvencionados ao abeiro de Plan + Provincia 2024, constátase un remanente a favor do *concello de Mondariz Balneario* que importa 5.490,31 euros tal e como se reflicte na seguinte táboa:



INVESTIMENTO	Nº EXPEDIENTE	REMANENTE
Subministración de material para o desenvolvemento de actividades culturais e equipamento	2024021654	5.081,29
Eficiencia enerxética na luz pública na zona de Fonte de Troncoso	2024022936	363,00
Redacción proxecto “Humanización da rúa Dr. Blanco Nájera”	2024022942	46,02
TOTAL		5.490,31

- En datas 08/01/2026, 14/01/2026 e 15/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026000962, WEB2026002090 e WEB2026002426), ao abeiro do Plan + Provincia 2024, certificado do Decreto núm. 2026-0006 de data 08/01/2026 e rectificación de erros do citado Decreto, do *concello de Mondariz Balneario*, no que solicita a aplicación da baixa definitiva reflectida no parágrafo anterior, para a minoración da achega municipal na actuación “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647), incluída inicialmente no Plan + Provincia 2024, quedando o financiamento tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención - Plan+Provincia 2024	fondos propios
138.444,87	111.997,58	26.447,29

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA

- Base 30ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que “(...) *Excepcionalmente, permítase a acumulación e aplicación das baixas definitivas a favor do Concello, con independencia do importe do remanente acumulado, cando o seu obxecto sexa minorar ou financiar as achegas municipais de calquera obra incluída inicialmente no Plan Máis Provincia 2024, ao considerar que estas obras non teñen a consideración de novos investimentos.*(...)”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación de data 16/01/2026 que conclúe favorablemente a variación do cadro da financiación do investimento e do informe da intervención provincial de data 23/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno número 8.35791 do día 21/11/2025, por variación do cadro do financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647), incluída no Plan + Provincia 2024, do *concello de MONDARIZ BALNEARIO*, quedando o financiamento tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención - Plan+Provincia 2024	fondos propios
138.444,87	111.997,58	26.447,29

- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno núm. 8.35791 do día 21/11/2025 con respecto aos condicionantes establecidos (autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resolución ou acordo de aprobación do proxecto (CSV: 2Y4FVOFFSZXTPYGX) e acta de trazado previo), continúan vixentes.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Mondariz Balneario*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

23.36014.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.



24.36015.- FÓRA DA ORDE DO DÍAa) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ALCANCE E PRÓRROGA DO
CONTRATO DE SERVIZO DE EVOLUCIÓN DE REDE SMARTPEME E
OFICINAS ACELERA PYME RURAL (OAPR) (EXPTE.2024002269)

Visto a proposta da xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, de 20 de xaneiro de 2026 (RXJ5Y4MWSEIGLPM0), complementada co informe de 28 de xaneiro 2026 (CSV: JG85359GU1ZDB84R), de prórroga do contrato de “*Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR)*”, adaptando o seu alcance para evitar o solapamento territorial e funcional coa nova rede de oficinas “*Polos de Emprendemento*” da Xunta de Galicia. O servizo xustifica a proposta por razóns de interese público, para asegurar a continuidade do servizo de asesoramento, e propón a redución do número de oficinas, asesores e obradoiros, pasando a un orzamento de 737.168,89 euros (IVE incluído).

Resultando que dito contrato adxudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno, adoptado na súa sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2025, a KPMG Asesores, S.L. (CIF B-82.498.650), polos prezos e valores ofertados, e conforme ás seguintes condicións:

1.- Prezo ofertado:

	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	Nº unidades	Total (sen IVE) (Prezo unitario *Nº unidades)
Servizo de asesoramento	1.130.000,00 €/ano	1	1.130.000,00 €/ano
Obradoiros	200 €/obradoiro	150	30.000,00 €/ano
Actividades complementarias	5.000 € / actividade	8	40.000,00 €/ano
TOTAL OFERTADO (SEN IVE)			1.200.000,00 €
IVE (21 %)			252.000,00 €
TOTAL OFERTADO (IVE ENGADIDO)			1.452.000,00 €

2.- Número total de asesoramentos anuais ofertados pola empresa: 2.500 Asesoramentos/ano.

3.- Número anual de obradoiros de sensibilización ofertados pola empresa: 200 obradoiros /ano.

4.- Acreditación dun sistema de xestión da seguridade da información (UNE EN ISO 27001 ou similar).

A empresa acredita a disposición dun certificado na xestión da seguridade da información UNE-EN-ISO 27001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

SI



Resultando que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 4 de febreiro de 2025, cun prazo de duración de 1 ano, desde a data de formalización, e a posibilidade dunha prórroga anual.

Resultando que a empresa contratista manifestou a súa conformidade coa prórroga do contrato nos termos propostos polo servizo de novas Tecnoloxías, mediante escrito de data 20 de xaneiro de 2026 (Rexistro entrada WEB2026003600, de 20/01/2026).

Resultando que, con data 20 de xaneiro de 2026, o xefe do servizo de Contratación emitiu informe (CSV: SF4K3JZNTL3TNNUG) en relación a proposta de modificación e prórroga do contrato, conclúe: “Á vista dos antecedentes obrantes no expediente —en particular, do informe complementario do Servizo de Novas Tecnoloxías— e dos fundamentos xurídicos expostos, pódese concluír que a adaptación do alcance do contrato do “Servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme+ e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR)” para o período de prórroga constitúe unha modificación necesaria por razón de interese público, derivada de circunstancias sobrevindas e imprevisibles no momento da licitación, ao abeiro do artigo 205.2.b) da LCSP; que se limita ás variacións imprescindibles para evitar duplicidades coa rede autonómica de Polos de Emprendemento e para optimizar o uso de recursos públicos; que non altera a natureza global do contrato nin presenta carácter substancial nos termos dos artigos 204.2 e 205.2.c) da LCSP; e que a súa dimensión económica se mantén dentro dos límites legais aplicables. Así mesmo, estando prevista nos pregos a prórroga por un ano e constando a conformidade do contratista, propónse a prórroga do contrato. En consecuencia, no vemos inconviniente a súa aprobación, condicionada á emisión dos informes preceptivos de Secretaría e Intervención (Disposición adicional segunda da LCSP e Real decreto 128/2018). A modificación producirá efectos desde o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (artigo 206 da LCSP)”.

Dito informe complementase con dilixencia, de 29 de xaneiro de 2026 (CSV: YM4BOIZSABI9LT70).

Resultando que o devandito informe do servizo de Contratación é conformado pola Secretaría Xeral con data 20 de xaneiro de 2026.

Resultando que a Intervención, con data 29 de xaneiro de 2026, emite documento de retención de crédito número 12026000021505, polo importe de 669.156,28 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 26/926.4331.227.06 do vixente Orzamento Provincial, para atender aos gastos derivados da presente prórroga durante o ano 2026. Asemade, emite documento de retención de crédito para exercicios futuros número 12026000021507, por importe de 68.012,61 euros, con cargo á aplicación que será, no seu caso, a 27/926.4331.227.06 do correspondente Orzamento.

Resultando que a Intervención, con data 29 de xaneiro de 2026, emite informe favorable ao expediente de modificación e prórroga.

Considerando a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, no asunto C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110, que sinala o seguinte: “(...)O principio de igualdade de trato entre os licitadores, que pretende favorecer o desenvolvemento dunha competencia sa e efectiva entre as empresas que participan nunha contratación pública, impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. (...)”.



Considerando o estudo “*Modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable*”, do profesor Gimeno Feliu, que afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS, que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para supostos legais taxados, e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico, recollido no artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ao arbitrio dunha das partes.

Considerando que a Administración ten o “*ius variandi*”, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas .

Considerando que as modificacións acórdanse polo órgano de contratación e son obrigatorias para o contratista. Non poden ser utilizadas para alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que lesionen os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato cando así se previra nos pregos, ou ben, nos casos e cos límites establecidos na LCSP (sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias).

Considerando que, en particular, non pode acudirse á modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Considerando que o prego de condicións administrativas que rexe o contrato non contemplou circunstancias previas que permitan realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205 e seguintes da LCSP.

Considerando o apartado b) do artigo 205.2 da LCSP, que, entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, establece o seguinte: Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes: 1.º Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever. 2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato. 3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1. Aprobar a modificación do alcance do contrato de “*Servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR)*”, adxudicado a KPMG Asesores, S.L. (CIF B-82.498.650), co obxecto de evitar o solapamento territorial e funcional coa nova rede de oficinas “*Polos de Emprendemento*” da Xunta de Galicia.

A modificación supón unha redución do número de oficinas, asesores e obradoiros, conforme ao seguinte:

- Redución do número de oficinas de SmartPeme, pechando 4 das 7 oficinas, en concreto as situadas en Barro, Cambados, Lalín e O Porriño.
- Redución do equipo de asesores de SmartPeme, pasando de 11 a 4 asesores, de forma que 3 asesores TIC presten os servizos de SmartPeme presencialmente nas oficinas de Pontearreas, Pontevedra e Vigo, e un asesor de crecemento preste servizos transversais nas 3 oficinas.
- Redución do volume de actividade, axustando o número de obradoiros facturables de 150 a 20, mantendo as 8 actividades complementarias, o asesoramento mensual e as prestacións nucleares do servizo.

Redución no prezo total anual de 714.831,12 euros, polo que o contrato pasa do prezo de 1.452.000,00 euros ao prezo modificado de 737.168,89 euros, conforme ao seguinte:

1.- Prezo modificado:

	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	Nº unidades	Total (sen IVE) (Prezo unitario *Nº unidades)
Servizo de asesoramento	565.230,48 €/ano	1	565.230,48 €/ano
Obradoiros	200 €/obradoiro	20	4.000,00 €/ano
Actividades complementarias	5.000 € / actividade	8	40.000,00 €/ano
TOTAL MODIFICADO (SEN IVE)			613.230,48 €
IVE (21 %)			128.778,41 €
TOTAL MODIFICADO (IVE ENGADIDO)			737.168,89 €

2.- Número total de asesoramentos anuais: 1.084 (867 mínimos + 217 de mellora).

3.- Número anual de obradoiros de sensibilización: 27 (20 facturables + 7 adicionais).



4.- Acreditación dun sistema de xestión da seguridade da información (UNE EN ISO 27001 ou similar).

A empresa acredita a disposición dun certificado na xestión da seguridade da información UNE-EN-ISO 27001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.

SI

A modificación producirá efectos desde o acordo do órgano de contratación e terá carácter obrigatorio para o contratista (artigo 206 da LCSP).

2. Aprobar a prórroga anual do contrato de “*Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR)*”, adxudicado a KPMG Asesores, S.L. (CIF B-82.498.650), durante o período que vai desde o día 4 de febreiro de 2026 ao día 3 de febreiro de 2027, nos termos que rexen o contrato modificado. Os gastos derivados da presente prórroga financiaranse conforme ao seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026 (04/02/26-31/12/26)	26/926.4331.227.06	669.156,28 €
2027* (01/01/27-03/02/27)	27/926.4331.227.06	68.012,61 €

*Os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

b) MODIFICACIÓN DAS BASES DAS AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026. (EXPTE. 2026001535)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Provincial aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2026 o 23 de xaneiro de 2026, publicadas no BOPPO núm. 18, do 28 de xaneiro de 2026.

Segundo. Unha vez publicadas, detectouse un erro material de transcripción no documento das bases aprobado e publicado, ao incluírse referencias indebidas á segunda convocatoria aprobada no ano 2025. En consecuencia, considérase necesaria a modificación e corrección das bases para a súa adecuación ao contido aplicable á convocatoria do ano 2026.



Por todo o anterior, o Servizo de Deportes, con data 29/01/2026, emite informe e propón a modificación do texto das bases, así como someter ao órgano competente a aprobación do texto corrixido e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, deixando sen efecto o texto anteriormente publicado, que queda substituído integramente polo novo.

Terceiro. A Intervención emitiu informe favorable á proposta de corrección/modificación, con data 29/01/2026.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Competencia e interese público.

De acordo coa Lei 3/2012, do deporte de Galicia, as deputacións desenvolven actuacións de fomento e promoción do deporte no seu territorio. Ademais, a Lei 39/2022 reconece a actividade física e o deporte como prácticas esenciais, destacando o papel das entidades locais na súa promoción.

En todo caso, o art. 36.1.d) da Lei 7/1985 e os arts. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997 amparan a actuación provincial no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, incluíndo actividades de fomento do deporte.

Terceiro.- Obxecto e finalidade das bases.

As bases regulan o procedemento para a concesión de axudas destinadas a financiar bens e servizos necesarios para a organización e desenvolvemento de campionatos e eventos deportivos celebrados na provincia de Pontevedra no ano 2026, contribuíndo á promoción do deporte e ao impacto social e económico local.



Cuarto.- Corrección do erro material e seguridade xurídica.

A Administración pode rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (art. 109.2 da Lei 39/2015). A corrección resulta necesaria para garantir a claridade do procedemento, a seguridade xurídica e a aplicación uniforme das bases, evitando confusións ou prexuízos ás entidades interesadas.

Quinto.- Réxime, transparencia e publicidade.

De acordo coas bases e coa normativa aplicable en materia de subvencións, a convocatoria tramítase en réxime de concesión directa mediante convocatoria aberta e de carácter anual, de xeito que as axudas poderán concederse conforme as entidades interesadas as vaian solicitando, na contía individualizada que resulte de aplicar os requisitos e criterios establecidos.

A corrección proposta ten carácter estritamente depurador, ao limitarse a eliminar referencias indebidas, sen alterar o obxecto, destinatarios, requisitos nin condicións esenciais do procedemento.

Sexto.- Dotación orzamentaria.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €).

Poderán concederse axudas ata esgotar totalmente a dotación prevista nesta convocatoria. De esgotarse o crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante anuncio do órgano competente, que será obxecto de publicación no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación, coa consecuente inadmisión das solicitudes posteriormente presentadas.

Proposta de acordo

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a modificación das bases reguladoras das axudas para financiar bens e servizos en campionatos e eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2026, nos termos recollidos no Anexo I.

Segundo. Dispoñer a publicación do texto corrixido no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (e, de ser o caso, polos mesmos medios de publicidade empregados na convocatoria), deixando sen efecto o texto das bases anteriormente aprobado e publicado, que queda substituído integramente polo que figura no Anexo I.



ANEXO I

MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DAS BASES DE AXUDAS PARA FINANCIAR BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026

Os campionatos e eventos deportivos son un vehículo fundamental para promover o deporte e a imaxe da provincia de Pontevedra, contribuír a elevar o nivel competitivo das entidades deportivas e das e dos deportistas, e servir, en moitos casos, de impulso para deportistas de base e practicantes de deporte en xeral. Así mesmo, estes eventos constitúen un recurso económico relevante para a localidade na que se desenvolven, xa que a presenza de deportistas, árbitros, adestradoras, adestradores e acompañantes xera un importante retorno económico para a zona.

Por iso, a Deputación de Pontevedra apoia durante o ano 2026 a organización de eventos deportivos mediante a entrega de bens e servizos. Así, a institución provincial, a través destas bases, dá continuidade ao procedemento xa iniciado, co obxectivo de reforzar e optimizar o apoio aos clubs e entidades deportivas organizadoras de campionatos e eventos na provincia de Pontevedra, conforme a criterios públicos e obxectivos, e favorecendo a transparencia e a coherencia na xestión deste tipo de axudas en función do interese social e deportivo das actividades.

Estas axudas estarán dirixidas a financiar a compra de bens que se lles entregarán ás persoas participantes (material deportivo, trofeos ou medallas, entre outros) e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento dos eventos. Con iso búscase garantir unha adecuada infraestrutura e recursos para as e os organizadores, que poderán levar a cabo eventos deportivos que favorezan a mellora da calidade de vida, a creación de emprego e o crecemento sostible do territorio.

Desde o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 3/2021, de 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, recoñécense o deporte e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, e destácase o papel clave das entidades locais na súa promoción.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



Segundo o exposto, a Deputación de Pontevedra pon en marcha esta convocatoria para apoiar a organización de campionatos e eventos deportivos na nosa provincia durante o ano 2026, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, baixo os termos e condicións que se detallan nas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases establecer o procedemento e aprobar a convocatoria de 2026 para a concesión de axudas para financiar a compra de bens que se lles entregarán ás persoas participantes en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra ou ben financiar os servizos necesarios para organizar e desenvolver estes campionatos ou eventos deportivos.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas, que se tramitarán polo procedemento de concesión directa e mediante convocatoria aberta de carácter anual, é continuar promovendo a práctica deportiva na provincia de Pontevedra mediante o estímulo que supón para as e os deportistas participar en eventos deportivos, así como favorecer o progresivo aumento en número e calidade destes, como canal para cumprir as competencias que, en materia de promoción deportiva, ten o organismo provincial.

Terceira. Financiamento

Poderán concederse axudas ata esgotar a dotación prevista en cada convocatoria e exercicio económico ou a que, no seu caso, fose ampliada.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 26/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2026, por un importe total de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €).

Esta cantidade poderase incrementar ata un máximo de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €), con base nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

O importe desta ampliación dependerá dunha xeración, aumento ou incorporación de crédito. A efectividade da contía adicional quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, logo de aprobarse a modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión nos mesmos medios que a convocatoria, e nela indicaranse o crédito final dispoñible e a distribución definitiva. De levarse a cabo a ampliación



do importe das axudas, esta rexeráse polas presentes bases, sen ter que elaborar unhas novas nin proceder á súa aprobación, para o que abondará coa publicación dun anuncio para presentar solicitudes no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Este anuncio non implicará a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Se se esgotase o crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante un anuncio do órgano competente, o que será obxecto de publicación no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación, coa consecuente inadmisión das solicitudes que se presenten posteriormente.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Terán a consideración de beneficiarias das subvencións as entidades sen ánimo de lucro que organicen campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra durante o ano 2026, sempre que a actividade se axuste ao obxecto da subvención e se cumpran os requisitos previstos nestas bases.

Non poderán obter a condición de beneficiarios destas axudas:

- *Os concellos e os seus organismos dependentes e demais organismos públicos.*
- *As persoas físicas.*
- *As entidades con ánimo de lucro.*
- *As agrupacións sen personalidade xurídica.*
- *As persoas ou entidades que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases.*
- *As persoas ou entidades nas que non concorran as condicións establecidas na normativa estatal e autonómica sobre subvencións.*

As entidades solicitantes deberán declarar, xunto coa solicitude, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Así mesmo, non poderán acceder a estas subvencións as entidades que teñan pendente de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

Quinta. Campionatos ou eventos deportivos subvencionables

Serán subvencionables os campionatos ou eventos deportivos desenvolvidos dentro do ámbito territorial da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Sexta. Tipos de axudas e importe

Establécense dúas liñas de financiamento:

- *Unha destinada á adquisición de bens para entregárllelos ás persoas participantes no campionato ou evento deportivo.*
- *Outra destinada á contratación de servizos necesarios para organizar ou desenvolver o campionato ou evento deportivo.*



As entidades interesadas só poderán solicitar financiamento para unha única liña por cada solicitude. Así mesmo, dentro da liña elixida, só poderán solicitar axuda para unha única tipoloxía de gasto. En consecuencia, non se admitirán solicitudes que inclúan máis dunha tipoloxía de gasto dentro da mesma liña nin que impliquen varias ou varios provedores.

No caso de adquisición de bens, estes deberán incorporar o logotipo da Deputación de Pontevedra de forma visible. Para a contratación de servizos, deberá acreditarse a difusión publicitaria da colaboración mediante calquera medio válido, coma publicacións en redes sociais ou colocación de pancartas ou outros soportes de visibilidade.

O importe máximo das axudas por cada solicitude será de mil euros (1.000,00 €).

Sétima. Gastos subvencionables e non subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles realizados polas entidades beneficiarias que, de maneira indubidable, respondan á natureza do proxecto subvencionado e estean directamente relacionados coa realización do evento deportivo.

Serán elixibles como subvencionables as seguintes tipoloxías de gastos:

❖ Bens subvencionables (entregados ás e aos participantes):

- *Medallas e trofeos en recoñecemento á participación e aos logros deportivos.*
- *Equipamento deportivo básico, coma camisetas conmemorativas.*
- *Material promocional relacionado co evento, coma mochilas, bidóns, gorras ou pulseiras.*
- *Outros bens de características similares.*

❖ Servizos subvencionables (de apoio á organización):

- *Asistencia sanitaria: servizos médicos e de ambulancia.*
- *Seguridade: vixilancia e control de accesos.*
- *Montaxe e desmontaxe de infraestruturas: toldos, valos ou sinalización.*
- *Cronometraxe e arbitraje: contratación de árbitros e árbitros e sistemas de medición de tempos.*
- *Servizos de difusión e comunicación vinculados ao evento, tales coma a retransmisión en directo ou a elaboración de vídeos promocionais; nestes últimos, deberá figurar o logotipo da Deputación de Pontevedra de maneira visible.*
- *Outros servizos de natureza análoga.*

Non se considerarán gastos subvencionables:

- *Os bens nos que o importe unitario supere os cincocentos euros (500,00 €), IVE excluído, por considerárense inventariables.*
- *Os bens inventariables.*
- *Os gastos destinados a alimentos, comidas, servizos de catering, avituallamento ou conceptos similares.*
- *Gastos en actividades de carácter lúdico ou non directamente relacionados coa realización do evento.*
- *Gastos de viaxe e hospedaxe.*



- *Gastos relacionados con publicidade que non se refiran directamente ao evento.*

Outros requisitos e restricións:

- *En ningún caso se admitirán gastos cuxos prezos sexan superiores aos de mercado.*
- *Non se considerarán gastos subvencionables aqueles que, ao superar os cen euros (100,00 €), non se paguen por medio dunha entidade financeira.*
- *Así mesmo, cando se trate de persoas beneficiarias que non contén con contabilidade, tampouco se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen por medio dunha entidade financeira, calquera que sexa o importe.*

Oitava. Lugar de presentación de solicitudes

As entidades interesadas deberán presentar unha solicitude por cada evento deportivo susceptible de obter axuda.

As entidades só poderán presentar un máximo de dúas solicitudes ao longo do ano, que deberán corresponder a campionatos ou eventos deportivos diferentes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e rematará o 30 de novembro de 2026.

Décima. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.



No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décimo primeira. Documentación

As entidades solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Factura dos bens ou do servizo, no caso de que a actividade subvencionada xa se realizase, ou orzamento estimativo se esta aínda non se desenvolveu.*
- *Anexo I. Memoria descritiva do evento ou da actividade deportiva na que se utilizarán os bens ou os servizos que se van subvencionar.*

A solicitude presentárase no modelo normalizado anexo a estas bases, na que se incluírá a declaración responsable doutras axudas ou ingresos solicitados ou concedidos para o mesmo gasto, ou, no seu caso, da non percepción destes.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://dehu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo cuarta. Procedemento de concesión

O procedemento para outorgar as axudas será o de concesión directa, mediante convocatoria aberta e de carácter anual, en virtude do cal as subvencións poderán concederse conforme as persoas ou entidades interesadas as vaian solicitando, na contía individualizada que resulte de aplicar os requisitos e criterios establecidos nestas bases.

As axudas resolveranse de maneira individualizada a medida que se verifique o cumprimento das condicións e dos requisitos establecidos, dado o carácter non competitivo do procedemento e o importe limitado das subvencións.

Décimo quinta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Segundo o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención, patrocinio ou programa para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes.



Décimo sexta. Instrución do procedemento e resolución

O centro xestor encargado da ordenación e da instrución do procedemento de concesión será o Servizo de Deportes, que realizará de oficio tantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formular a proposta de resolución.

O órgano instrutor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución debidamente motivada para a súa aprobación, na que se identificarán a entidade deportiva para a que se propón a subvención, a súa contía, o evento deportivo, a tipoloxía de gasto (ben ou servizo) e as circunstancias en virtude das cales se propón a axuda.

A concesión individualizada das subvencións en cada un dos procedementos corresponderalle á deputada delegada de Deportes, logo da resolución presidencial de delegación de competencias nesta materia (base 16.1.c) de execución do Orzamento.

O prazo para resolver e notificarlle á entidade interesada a resolución do procedemento será de tres (3) meses, contados a partir da data de presentación da solicitude. Esta será notificada de conformidade co previsto no artigo 40 da LPACAP.

A resolución de concesión será motivada e incluírá a identificación da entidade deportiva beneficiaria (con mención expresa ao evento deportivo para o cal se lle concede a axuda), a contía desta e as obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria; entre elas, a de cumprir as mencións de publicidade e identidade.

Décimo sétima. Procedemento de xustificación e pago

Para o pago da subvención, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lles concedese. O prazo para presentar as xustificacións rematará o 31 de xaneiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán achegar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos. Para iso, presentarán a seguinte documentación a través da Sede electrónica:

- Modelo normalizado de achega de documentación xustificativa.*
- Factura con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe dos bens ou servizos da concesión.*
- Xustificante do pagamento.*
- Documento no que se acrediten a publicidade e a difusión da subvención. No caso dos bens, deberá incluírse o logotipo da Deputación; no dos servizos, a publicidade realizada xustificarse por calquera outro medio (publicación en redes sociais, pancartas...).*

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- En caso de que a entidade beneficiaria xustifícase gastos por un importe inferior ao orzamento inicialmente presentado, pero suficientes para amparar o importe da subvención concedida de acordo con estas bases, non procederá redución*



ningunha. Pola contra, se a xustificación achegada non acadase o importe mínimo necesario para xustificar a totalidade da subvención concedida, aboaráse unicamente a parte proporcional correspondente aos gastos debidamente xustificadas.

- *Declararase calquera outra axuda concedida por outros organismos públicos ou privados. No caso de que, coa suma da subvención concedida e dos ingresos doutras subvencións ou axudas, as entidades superasen o custo da finalidade subvencionada ou obtivesen beneficios, aboaráselles a parte proporcional da subvención para que non se supere o custo da actividade subvencionada.*
- *Os gastos incluídos na conta xustificativa deberán pagárselles ás e aos seus provedores antes de presentar a xustificación da subvención.*
- *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deberán empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de cen euros (100,00 €) —ou para todos os gastos, independentemente do seu importe, no caso de entidades que non leven contabilidade— implicará que este se considere non subvencionable.*
- *Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Se a entidade interesada non atendese o requirimento nese prazo, entenderase que renuncia á subvención e ditarase a resolución de perda do dereito ao cobro, que se lle notificará á devandita entidade.*

O pago das subvencións farase unha vez aprobada a xustificación mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Para aboar a subvención, as persoas ou entidades beneficiarias deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, circunstancia que declaran expresamente coa presentación da conta xustificativa.

Décimo oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias terán que cumprir o seguinte:

- *Realizar o evento con suxeición ás circunstancias e aos contidos reflectidos na solicitude.*
- *Informar de calquera modificación que lles afecte aos datos contidos na solicitude presentada.*
- *Comunicar, no momento de presentar a solicitude ou en calquera outro posterior ata que se adopte a resolución, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, financien a actividade subvencionada.*



- Incorporar, en todo tipo de accións de promoción, información ou publicidade utilizadas para a difusión do evento ou en calquera outro soporte ou medio de difusión, o logotipo da Deputación de Pontevedra, dispoñible no portal institucional ou en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>.
- Someterse ás actuacións de comprobación que, no seu caso, poida realizar o órgano competente para conceder a axuda, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan levar a cabo os órganos de control competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os electrónicos, no seu caso, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



c) CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “EMBELECIMENTO DO LITORAL DE VILANOVA DE AROUSA”. (EXPTE.2026004160)

ANTECEDENTES

O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 09/01/2026, mediante rexistro WEB2026001169, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de Vilanova de Arousa na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención, por importe de 62.813,31 euros, co obxecto do financiamento da actuación “Embelecemento do litoral de Vilanova de Arousa” anualidade 2026, a executar segundo convenio, formalizado en data 22/07/2025, entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución de actuacións de embelecemento do litoral consistentes na construción da pasarela peonil en San Miguel de Deiro e da senda Rego do Alcalde, onde a entidade municipal debe afrontar o pagamento das súas achegas consonte o seguinte calendario:

Anualidades	Concello de Vilanova de Arousa	Axencia de Turismo de Galicia
2025	3.248,70€	15.470,00€
2026	62.813,31€	299.110,99€

Financiando na anualidade 2025 el concello de Vilanova e a Axencia de turismo de Galicia a totalidade dos honorarios de redacción de proxecto.

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Quedando configura a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento Anualidade 2026	Subvención Plan +Provincia 2026_2027 Anualidade 2026	Achegas doutras administracións públicas_2026 (Axencia de Turismo de Galicia)	Fondos propios do Concello
361.924,30€	62.813,31€	299.110,99€	0,00€



O orzamento queda desagregado en execución contrata 336.236,48 euros, honorarios de dirección de obra 20.360,19 euros e honorarios seguimento ambiental e arqueolóxico 5.327,63 euros.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/01/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 30/01/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/01/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *concello de Vilanova de Arousa*, CIF: P3600048G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026, unha subvención por importe de 62.813,31 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución da actuación “Embelecemento do litoral de Vilanova de Arousa” (EXP.2026004160), cuxo orzamento ascende a 361.924,30 euros, desagregado en orzamento de execución por contrata 336.236,48 euros, honorarios dirección de obra 20.360,19 euros e honorarios de seguimento ambiental e arqueolóxico 5.327,63 euros; quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:



ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS (Axencia de Turismo de Galicia)	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	361.924,30€	62.813,31€	299.110,99€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado informe favorable do Instituto de Estudos do Territorio relativo a Senda Rego do Alcalde.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

25.36016.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

